

RESUMO do INFORME da AVALIACIÓN

IV PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE
MULLERES E HOMES

CONCELLO DE VIGO

2009/2014

**CONCELLO
DE VIGO**



www.igualdadevigo.org



Este documento é un resumo do Informe de avaliación do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo 2009-2014 elaborado por Avalia Grupo de Coordinación para o Concello de Vigo.

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. ASPECTOS METODOLÓXICOS.....	5
3. ANÁLISE DE DATOS.....	7
3.1. EIXE 1. CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.....	8
3.1.1. Área de Educación en Igualdade	9
3.1.2. Área de Conciliación e Corresponsabilidade.....	26
3.1.3. Área de Participación Económica.....	32
3.1.4. Área de Violencia de Xénero.....	34
3.1.5. Área de Atención á Diversidade.....	48
3.1.6. Resumo do Eixe 1.....	54
3.2. EIXE 2. EMPODERAMENTO, VISIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL.....	55
3.2.1. Área de Educación en Igualdade	56
3.2.2. Área de Conciliación e Corresponsabilidade.....	62
3.2.3. Área de Participación Económica.....	64
3.2.4. Área de Violencia de Xénero	66
3.2.5. Área de Atención á Diversidade.....	67
3.2.6. Resumo do Eixe 2.....	76
3.3. EIXE 3. SAÚDE INTEGRAL.....	77
3.3.1. Área de Educación en Igualdade.....	78
3.3.2. Área de Conciliación e Corresponsabilidade.....	83
3.3.3. Área de Participación Económica.....	85
3.3.4. Área de Violencia de Xénero.....	87
3.3.5. Área de Atención á Diversidade	89
3.3.6. Resumo do Eixe 3.....	94
4. RESUMO DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	95
5. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....	99
5.1. Fortalezas e Debilidades.....	99
5.2. Conclusións e Recomendacións.....	100

1. INTRODUCCIÓN

O IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo é o documento de traballo que marcou as liñas de actuación das políticas de igualdade do municipio dende o ano 2009 ata o 2012. Este documento foi aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009. Posteriormente, unha vez finalizado o seu período de vixencia, por acordo da Xunta de Goberno Local e ratificado polo Pleno do Concello de Vigo o 25 de febreiro de 2013, foi prorrogado ata o ano 2014.

O Plan está estruturado en 3 eixes estratéxicos que orientan o seu desenvolvemento a través de 5 áreas de intervención, das que se desprenden 5 obxectivos xerais e 104 medidas específicas, que teñen como finalidade promover as condicións básicas para acadar a plena participación das mulleres nos diversos ámbitos da vida. Constitúe o instrumento que facilitou traballar e avanzar firme e continuadamente a favor da igualdade de oportunidades para as mulleres e homes de Vigo, feito que implicou a actuación sobre os principais obstáculos que impiden que dita igualdade sexa real e efectiva.

Unha vez rematado o seu período de vixencia, compre acometer a súa avaliación. Desde esta perspectiva, a avaliación permitirá unha retroalimentación respecto do realizado coa finalidade de mellorar a toma de decisións en futuras intervencións. Neste senso, a avaliación é un instrumento imprescindible para mellorar as políticas e intervencións sociais, facéndoa máis eficaces, eficientes, idóneas e pertinentes. Con este traballo preténdese avaliar o labor desenvolvido en relación coas políticas de Igualdade no Concello de Vigo para o período 2009/2014.

O presente informe plasma o resultado da avaliación externa realizada por Avalia Grupo de Coordinación sobre a execución e o desenvolvemento do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo coa finalidade de que permita extraer unha aprendizaxe sobre o traballo realizado. Dito informe estrutúrase nos seguintes apartados:

En primeiro lugar acométese a análise de cada un dos eixes e das cinco áreas que os compoñen, mediante un relatorio dos obxectivos e das accións deseñadas, das actividades levadas a cabo para o seu cumprimento, así como das accións parcialmente desenvolvidas, as non desenvolvidas e os axentes implicados no seu desenvolvemento. A continuación realízase un resumo do desenvolvemento xeral do plan xunto coa valoración das e dos axentes implicados. Finalmente, expóñense as debilidades e fortalezas detectadas, as conclusións e recomendacións formuladas e o orzamento investido.

2. ASPECTOS METODOLÓXICOS

A avaliación é abordada en función do establecido no apartado de Seguemento e Avaliación contido no documento do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Vigo. No mencionado documento establécese que a avaliación ten como obxectivos:

- Coñecer o modo en que se executan as accións previstas.
- Coñecer o grado de cumprimento do IV Plan
- Detectar as debilidades e fortalezas dos procesos e estruturas de traballo.

En función dos mencionados obxectivos fórmase unha avaliación da eficacia e da execución das accións que proporcione información que permita tomar decisións de cara a futuras planificacións de políticas de igualdade. Trátase dunha avaliación externa, ex-post ou final de tipo cuantitativo e cualitativo a partir da recollida e análise de datos primarios e secundarios.

A avaliación do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo desenvólvese en cinco fases, non sempre secuenciales, que se describen a continuación:

Na **primeira fase** realízase unha busca, revisión e análise da documentación relevante en base a datos secundarios. Consúltanse e analízanse publicacións relacionadas coa avaliación de políticas desde a perspectiva de xénero, lexislación existente sobre políticas de igualdade, materiais sobre políticas de igualdade locais, estatais e autonómicas, e avaliacións de Plans de Igualdade...etc.

A **segunda fase** corresponde a unha análise cuantitativa realizada con información procedente das estruturas implicadas, combinando fontes de información primarias e secundarias. Desenvólvese a través de entrevistas realizadas co equipo do Departamento de Igualdade coa finalidade de recoller a máxima información posible sobre as accións deseñadas. Ao longo destas reunións co persoal técnico vanse recompilando os datos. A información á que se tivo acceso foi variada e nalgúns casos a calidade da mesma non permitía avaliar co rigor desexable. A información procede basicamente da Concellería de Igualdade onde se consultaron diversos materiais:

- Fichas de recollida de información de seguimento do IV Plan 2009-2014.¹
- Memorias dos Programas executados
- Expedientes de actividades realizadas
- Documentos sobre as subvencións concedidas
- Memorias dos Servizos e Recursos
- Folletos e materiais informativos sobre as actividades desenvolvidas
- Documentos de traballo
- Publicacións realizadas
- Web da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo
- Enquisas de satisfacción dalgúns programas

A **terceira fase** baséase fundamentalmente na recollida de datos primarios. As técnicas de recollida de datos empregada foron enquisas e entrevistas. Concretamente deseñáronse 2 tipos de enquisas administradas ás e aos axentes implicados na execución do Plan: unha dirixida ás Vogalías da Muller do movemento asociativo de Vigo e outra ás representantes do Consello Municipal da Muller.

¹ O período de avaliación do desenvolvemento do Plan comprende desde outubro de 2009 a xuño de 2014.

As entrevistas foron realizadas aos Departamentos Municipais implicados co obxectivo de obter unha visión xeral do desenvolvemento do IV Plan e posibilitar a identificación de posibles melloras e alternativas na aplicación futura das políticas de igualdade. As entrevistas foron realizadas á Xefa e Técnica da Oficina de Igualdade, Xefa do Servizo de Xuventude e do Departamento de Educación .

Na **cuarta fase**, unha vez recompilados os datos, elabóranse os instrumentos necesarios para procesar a información obtida e procédese ao seu baleirado. A continuación efectúase o seu estudo e análise segundo os eixes e áreas, e unha vez organizado todo o material, procédese á examinar a súa execución segundo os obxectivos, indicadores e axentes responsables.

Finalmente, a **quinta fase** ten como resultado a redacción definitiva do Informe de avaliación do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Vigo 2009-2014.

3. ANÁLISE DE DATOS

O Plan analízase en función das accións consideradas como instrumentos de consecución dos obxectivos, polo que, cada acción é clasificada segundo o seu desenvolvemento. Realizouse unha visión das accións planificadas para os diversos anos de vixencia do Plan, categorizándose e contabilizándose segundo o grao de cumprimento: “desenvolvida”, “parcialmente desenvolvida” e “non desenvolvida”. Os criterios de valoración desta tipoloxía establécense do seguinte modo:

- Unha acción está desenvolvida cando durante o período de vixencia do Plan leváronse a cabo actividades concordantes con dita acción.
- As accións parcialmente desenvolvidas son aquelas nas que, por diversos motivos, as actividades asignadas proporcionan unha cobertura incompleta da acción.
- Considerase que unha acción non está desenvolvida cando non houbo ningunha actividade concordante durante o período de vixencia do Plan.

Compre destacar que para realizar a análise de datos de cada un dos Eixes de intervención tívose en conta como están formulados no Plan, polo tanto, mantense un tipo de letra distinta para cada eixe (ao igual que no seu deseño).


3.1. EIXE 1. CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

EIXE 1: CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES									
ÁREAS	OBXECTIVOS	Accións Desenvolvidas		Accións Parcialmente Desenvolvidas		Accións Non Desenvolvidas		TOTAL Accións	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
ÁREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	1.A. Concienciar á Comunidade Educativa sobre a importancia de promover a educación en igualdade mediante a posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes.	10	83%	0	0%	2	17%	12	100%
	1.B.Promover accións que fomenten a conciencia de xénero entre diferentes profesionais e colectivos	6	75%	0	0%	2	25%	8	100%
	TOTAL ÁREA 1	16	80%	0	0%	4	20%	20	100%
ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2.A. Fomentar a concienciación social sobre a necesidade de corresponsabilidade doméstica e familiar para favorecer a promoción dunha prestación de coidados compartida por igual entre mulleres e homes	3	50%	0	0%	3	50%	6	100%
	2.B.Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes.	3	50%	0	0%	3	50%	6	100%
	2.C.Facer cumprir ao empresariado as previsións legais vixentes sobre o establecemento de medidas que faciliten a conciliación da vida laboral/familiar/persoal	2	100%	0	0%	0	100%	2	100%
	TOTAL ÁREA 2	8	57%	0	0%	6	43%	14	100%
AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	3.A.Facer cumprir ás institucións públicas e privadas ás previsións legais sobre o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes no eido laboral para contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas existentes	4	80%	0	0%	1	20%	5	100%
	TOTAL ÁREA 3	4	80%	0	0%	1	20%	5	100%
AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	4.A. Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero	9	90%	0	0%	1	10%	10	100%
	4.B. Promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa	6	100%	0	0%	0	0%	6	100%
	TOTAL ÁREA 4	15	94%	0	0%	1	6%	16	100%
AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5.A. Promover a concienciación social mediante actuacións dirixidas ás mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social.	4	50%	1	13%	3	37%	8	100%
	TOTAL ÁREA 5	4	50%	1	13%	3	37%	8	100%
TOTAL EIXE 1		47	75%	1	1%	15	24%	63	100%

O Eixe 1. Concienciación e Formación en Igualdade de Oportunidades ten como obxectivo xeral fomentar o cambio de valores e modelos de socialización de mulleres e homes coa finalidade de educar para a igualdade. Deste Eixe despréndense cinco áreas de intervención, 9 obxectivos específicos e 63 accións deseñadas para cumprimentalo. En relación coas accións cumprimentadas, a táboa anterior reflícte que das 63 accións deseñadas, 47 foron desenvolvidas, representan o 75%. Pola contra, o número de accións non desenvolvidas son 15 (24%) e as parcialmente desenvolvidas 1.

3.1.1. Área 1: Educación en Igualdade

Eixe 1 Concienciación/Formación Igualdade Xénero
Área 1: Educación en Igualdade



A gráfica anterior relativa á Area de Educación en Igualdade permíte comprobar que das 20 accións deseñadas, 16 foron desenvolvidas (representan o 80%).

Relatorio de Acci3ns Desenvolvidas

O obxectivo xeral desta 3rea 3 concienziar 3 sociedade sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de x3nero na educaci3n de mulleres e homes como medio para impulsar o proceso de transformaci3n social e a modificaci3n das estruturas sexistas e discriminatorias. Ten como obxectivo espec3fico, o 1.A, dirixido a concienziar 3 Comunidade Educativa sobre a importancia de promover a educaci3n en igualdade mediante a posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes. Para operativizar este obxectivo deseñaronse 12 acci3ns.

A primeira, 1.A.1. Elaboraci3n e distribuci3n entre os Centros de ensino da cidade e ANPAS dunha relaci3n de materiais con contidos non sexistas (v3deos, contos, xogos...) con periodicidade anual. Esta acci3n foi executada a trav3s de diversas actividades:

- *Campaña Municipal "Por un Uso non sexista do xogo e xoguetes"*. Elaboraci3n e distribuci3n de materiais informativos (pegatinas, calendarios e marcap3xinas). Conceller3a de Igualdade. Ano 2009.
- *Campaña Municipal "Por un Uso non sexista do xogo e xoguetes. Regala Igualdade"*. Elaboraci3n e distribuci3n de material informativo (32 mupies, 5.000 marcap3xinas, 5.000 pegatinas e 3.000 unidades do xogo "Comparte m3is"). Conceller3a de Igualdade e Conceller3a de Xuventude. Ano 2010.
- *Campaña Municipal "Para favorecer un Uso non sexista dos xogos e dos xoguetes"*. Elaboraci3n e difusi3n de material informativo (mupies e carteis). Conceller3a de Igualdade. Ano 2011.
- *Campaña Municipal "Por un Uso non sexista dos xogos e xoguetes"*. Elaboraci3n e instalaci3n de 35 mupies. Conceller3a de Igualdade. Ano 2012.
- *Campaña Municipal "Para favorecer un Uso non sexista de xogos e xoguetes. Aposta polo uso igualitario de xogos e xoguetes"*. Elaboraci3n e instalaci3n de 35 mupies pola cidade. Conceller3a de Igualdade. Ano 2013.
- Manual "*Datas e Datos*". Elaboraci3n, edici3n e distribuci3n do manual e DVD con perspectiva de x3nero sobre as distintas conmemoraci3ns escolares oficiais que se celebran ao longo do curso escolar. Conceller3a de Igualdade. Ano 2012.
- Adquisici3n de 132 exemplares de libros para distribuir no Centro de Documentaci3n e Recursos Feministas de Vigo. Conceller3a de Igualdade. Ano 2010.
- Distribuci3n do libro "*1325 mulleres tejiendo la paz*" entre os Centros de ensino con motivo do "D3a Internacional da Muller pola paz e o desarme". Publicaci3n que presenta 70 semblanzas de mulleres que xogaron un papel moi activo na promoci3n da paz no mundo. Conceller3a de Igualdade. Ano 2012.

- Comunicaci3ns peri3dicas do Centro de Documentaci3n e Recursos Feministas de Vigo a Centros de ensino vigueses sobre as actividades e campaias realizadas. Conceller3a Igualdade. Anos 2010 a 2014.

1.A.2. Realizaci3n de actividades de formaci3n dirixidas ao profesorado que promovan unha educaci3n para unha cultura da igualdade de oportunidades de mulleres e homes. Dan cobertura a esta acci3n:

- *Programa EMPATIA. M3dulo: "Igualdade no centro e na acci3n titorial"*. Dirixido ao profesorado co obxectivo de facilitar o traballo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes desde a aula. Formaci3n orientada a conquistar a posta en marcha de acci3ns pro-igualitarias desde as horas de titor3as, e xerar unha li3a de actividade constante ao longo do ano que faga presente a cultura da igualdade nos centros de ensino. Conceller3a de Igualdade e Conceller3a de Xuventude.
Participantes no ano 2010: 15 profesoras do Centro de F.P Castelao.
Durante o ano 2011 real3zase o mesmo m3dulo formativo "*Igualdade no centro e na acci3n titorial*" dirixido ao profesorado, fundamentalmente quen te3a responsabilidades de titor3a, direcci3n ou educaci3n para a cidadan3a. Profesorado participante ano 2011: 15 profesoras e 5 profesores dos centros CPR Monterrey e CPR Mercantil.
- *Obradoiros "Enred3monos nas redes...?"* Actividade formativa incluída dentro da Campai3a de Conmemoraci3n do 25 novembro "D3a Internacional contra a Violencia de X3nero". Ten como obxectivo previr a violencia de x3nero nas redes sociais entre a mocidade. M3dulo dirixido ao profesorado e profesionais que te3en inter3s en co3ecer como empregan as redes sociais os rapaces e rapazas; analizar os riscos aos que est3n expostos; Significado de ser acosada/o pola rede; O cibercontrol; a violencia sexista a trav3s das redes. Actividade organizada pola Conceller3a de Igualdade durante os anos 2012 e 2013. Data: 20 novembro de 2012. Auditorio Municipal de Vigo. Participan 40 persoas. Durante o ano 2013 desenvólvese tam3n esta actividade formativa dirixida ao profesorado do centros educativos de Vigo. Participan: 50 persoas.

1.A.3 Realizaci3n de actividades de formaci3n en x3nero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes dirixidos 3s nais e pais.

- *Programa EMPAT3A. M3dulo: "Axudando a vivir na igualdade"*. Traballo con nais, pais ou persoas que pos3an a tutela. Obxectivo: animar a pais e nais do alumnado da ESO a promover a igualdade desde o fogar mediante o exercicio da corresponsabilidade por parte de todas as persoas que compo3en unha familia. Data: d3as 25 marzo, 1 abril, 10, 24 e 31 de maio de 2011. Participan: 39 mulleres e 14 homes. Organizado pola Conceller3a de Igualdade. Ano 2011.
- *Obradoiros "Enred3monos nas redes...?"* Actividade formativa que ten como obxectivo previr a violencia de x3nero nas redes sociais entre a mocidade e dirixida 3s nais e pais, que te3en inter3s en co3ecer c3mo empregan as redes sociais os rapaces e rapazas; analizar os riscos aos que se expo3en; Significado de ser acosada/o pola

redes;O cibercontrol;a violencia sexista a través das redes.Obradoiros formativos organizados pola Concellería de Igualdade durante a Campaña do 25 novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero.Data: día 20 de novembro do ano 2012.Participan de 40 persoas. Lugar: Auditorio Municipal de Vigo. Durante o ano 2013 desenvólvense os mesmos obradoiros dirixidos a nais e pais.Data: 12 de novembro do 2013. Duración: 60 minutos

Lugar:Casa Galega da Cultura.Participan:50 persoas, nais e pais do alumnado dos centros de ensino da cidade. Concellería de Igualdade.Ano 2012 e 2013.

1.A.4.Continuar desenvolvendo o Proxecto"Camión con nós pola Igualdade" e fomentar á súa ampliación coa colaboración doutros organismos.

- Programa "Camión con Nós Pola Igualdade" é un Programa da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo que ten como finalidade fomentar a educación en Igualdade de Oportunidades entre nenas e nenos desde a Comunidade Educativa para promover a coeducación nas aulas e previr a violencia de xénero.No curso 2009/2010 participan: 35 Centros Públicos.5 de Educación Infantil, 24 de Educación Infantil e Primaria e 6 de Primaria.

Alumnado Educación Infantil: 1.053 nenas e 1.122 nenos. Total 2.175

Alumnado Educación Primaria:210 nenas e 248 nenos.Total:448 alumnas e alumnos. Concellería de Igualdade.

- Programa "Camión con Nós Pola Igualdade" Curso 2010/2011. Participan: 42 centros: 30 de Infantil e Primaria (CEIP),8 Educación Infantil (EEI);3 de Primaria(CEP)e 1 Centro Público Integrado (CEIP).Alumnado: 183 alumnos/as. Concellería de Igualdade.

- Programa "Camión con Nós Pola Igualdade".Curso 2011/2012 Participan:39 Centros.Realízanse 681 obradoiros. Educación Infantil: 284 e Educación Primaria: 297 Alumnado:1.936 Educación Infantil e 2.062 de Primaria.Total: 3.998. Alumnado Educación Infantil:2.566 nenas e 2.842 nenos.Total:5.408. Alumnado Primaria:2.614 nenas e 2.925 nenos.Total:5.539.Concellería Igualdade.

- Programa "Camión con Nós Pola Igualdade". Curso 2012/2013 Participan: 42 Centros. 5 Escolas de Educación Infantil, 34 Centros de Educación Infantil e Primaria, 2 Centros de Educación Primaria e 1 CEIP. Realízanse 581 sesións. 284 en Educación Infantil e 297 en Educación Primaria.Alumnado participante: 4.428 alumnas e alumnos. Concellería de Igualdade.

- Programa "Camión con Nós Pola Igualdade" Curso 2013/2014 Participan 45 centros: 4 centros Escolas Educación Infantil, 38 de Educación Infantil e Primaria, 3 de Educación Primaria. Realízanse 110 sesións de Educación Infantil e 289 de Primaria. Alumnado participante: 1.924 nenas e 2.216 nenos. Total: 4.140.Concellería Igualdade.

1.A.7. Realización dunha programación estable de actividades formativas para o alumnado da ESO dirixida a fomentar unha educación para unha cultura da igualdade de oportunidades.

- *Programa EMPATÍA*. Programa que traballa na Educación Secundaria de xeito integral, implicando a toda a Comunidade Educativa para promover entre o alumnado da ESO a cultura de igualdade entre mulleres e homes. Realización de Obradoiros "Todas e Todos" que teñen como obxectivo fomentar no alumnado actitudes igualitarias que melloren a situación de discriminación que sufren as mulleres na actualidade na nosa sociedade. Concellería de Igualdade e Concellería de Xuventude. Anos 2009, 2010 e 2011.
Durante o ano 2009 participan no programa 8 Institutos de Educación Secundaria. Data de realización: de xaneiro a maio de 2009.
Alumnado participante ano 2009: 717 persoas, 377 son mozos e 340 mozas.
Durante o ano 2010 nos obradoiros "Todas e Todos" participan 7 centros educativos no período de xaneiro a maio de 2010. Realízanse en 4 sesións de 50 minutos. Participan 761 alumnas e alumnos (353 mozas e 408 mozos).
No ano 2011, nos meses de xaneiro a xuño, desenvólveronse os talleres de "Todas e Todos" onde participan un total de 16 centros educativos (15 IES e 1 de menores). Participan: 622 mozas e 628 mozos. Total: 1.250 participantes.
- *Caderno de actividades "O modelo feminista non está en crise"*. Caderno de actividades para conmemorar o 8 de Marzo Día Internacional da Muller. Caderno de actividades dirixidas ao alumnado dos centros de ensino. STEG. Programa de Subvencións da Concellería Igualdade. Ano 2010.
- *"Machismo Non, grazas: Mata"*. Caderno de actividades educativas para conmemorar o 25 Novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero e dirixidas á Educación Infantil e Primaria. Elaborado polo STEG. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *"Guía de Corresponsabilidade"*. Caderno de actividades que ten como obxectivo proporcionar un instrumento para sensibilizar sobre o sexismo e as desigualdades nas familias, nos centros e a toda a comunidade educativa. Elaborada polo STEG. Edítanse 1.350 cadernos. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *"Charlas de Xénero"*. Asociación Educativa e Sociocultural Imaxina. Actividade dirixida ao alumnado dos centros de ensino da cidade co obxectivo de sensibilizar e previr a violencia de xénero e concienciar sobre a conciliación e a corresponsabilidade doméstica. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011.

1.A.8. Realización de actividades lúdicas non sexistas para nenas e nenos e mozas e mozos.

- *Commemoración do Día Mundial contra a Violencia de Xénero*. Videoforum: Proxección da Película "Te doy mis ojos". Actividade organizada pola Concellería de Xuventude no Programa Súbete ao Castro e Punto Xove da rúa López de Neira. Participan: 10 persoas. Concellería de Xuventude Ano 2009.

- *Actividades da Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres. A revolución creactiva"*. Ano 2010. Campaña 8 de Marzo. Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Actividades realizadas: Festa na Praza 8 de Marzo; Animación a cargo de "Catuxa e Pituxa"; Teatro de títeres "Marusía"; Teatro de títeres "Lume"; Actuacións musicais: pandereteiras "Tarambainas" da AVCD Lavadores; grupo de zanfona; "Sinais no ar" a cargo de Laura Quintillán; Lulavai; "Agoraphobia"; AS Routadas". Cine Infantil. "La isla de Nim". Verbum-Casa das Palabras. 6 de marzo. Actividades de animación durante toda a xornada para nenas e nenos na Praza 8 de Marzo.

- *Actividades Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres. A revolución creactiva"*. Ano 2011. Campaña 8 de Marzo. Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Programa de actividades na Praza 8 de marzo: Actividades de animación para nenas e nenos; Obradoiros infantís; Contacontos; Teatro de sombras. Actuacións musicais: Cantareiras do Alba; Laura e Marina Quintillán; Representación teatral "As grandes mulleres da historia visitan Vigo" a cargo do IES Ribeira do Louro de Porriño; Performance "Outro paso máis" a cargo de alumnas da ESAD. Teatro de sombras "Vanesa no quere ser princesa" a cargo de Xerpo. Cinema Infantil: Verbum-Casa das Palabras. "A estrela de Laura" o 19 de marzo e "Mulan" o 26 de Marzo. Participan: 60 persoas/día
 Concurso de fotografía dixital e microvídeos. Presentáronse 20 obras: 16 á modalidade de fotografía e 4 a microvídeos.
 Presentación do proxecto "Bata", realizado polo alumnado do IES Alexandre Bóveda. Premio Irene 2010 do Ministerio de Educación. Participan 60 persoas aprox.

- *Actividades da Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres son os dereitos do mundo"*. Ano 2012. Campaña 8 de Marzo. Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Programa de actividades na Praza 8 de marzo: Actuacións musicais: Banda música Unión Musical de Valladares; Hip-hop, a cargo de IriAmC and Mariah!; Grupo folk "Arroutas"; Música soul de AYSA; Música rap a cargo de AID. Actividades de animación durante todo o día na Praza. Cinema Infantil: "O meu veciño Totoro" e "Niki, aprendiz de bruxa" Verbum-Casa das Palabras. Proxección de películas: os días 11 e 18 de marzo. Participan: 100/120 persoas/día.
 Concurso de Microvídeos "8 de Marzo, Día Internacional da Muller 2012" convocado coa finalidade de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como, para servir de canle para amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres a xeito individual e/ou colectivo. Presentáronse 5 microvídeos.

- *Actividades da Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres son os dereitos do mundo".* Ano 2013. Campaña 8 de Marzo "Día Internacional da Muller". Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller.
Programa de actividades na Praza da Constitución: Actuacións musicais: Tanxedoras; Aysha; Sés e Aid; Exposición colectiva realizada polo alumnado de secundaria dos centros da cidade. Espazo lúdico de Igualdade: Actividades e xogos para as crianzas. "Maraton de Chíos pola Igualdade VigoIguala". Iniciativa que ten como obxectivo incrementar a concienciación e a sensibilización da cidadanía sobre a importancia de superar as diferenzas de xénero e visibilizar as vantaxes da igualdade. Os chíos tratan sobre os dereitos das mulleres, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as achegas das mulleres á historia...etc.
- Castroconcertos: celebración do 8 de Marzo "*Día Internacional da Muller traballadora*" con música. Castroconcertos é un espazo xuvenil e punto de encontro situado no parque de O Castro. Actividade desenvolta pola Concellería de Xuventude. Participaron 60 persoas.
- *Actividades da Campaña VIGA. "Pola defensa dos dereitos sexuais, reprodutivos e o aborto".* Ano 2014. Campaña 8 de Marzo "Día Internacional da Muller". Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Programa de actividades realizadas na Praza a Constitución: Espazo lúdico de Igualdade: Exposición colectiva realizada polo alumnado de ensino secundario dos centros da cidade.
Actividades e xogos para as crianzas durante a xornada; Actuacións musicais: Tanxedoras; Sés; e Aid.

Ademáis das mencionadas actividades, foron levadas a cabo actividades dirixidas a nenos e nenas e mozos e mozas nas campañas para conmemorar o 25 de novembro "Día Internacional contra a Violencia de Xénero". A continuación expóñense as actividades realizadas nas campañas desenvolvidas anualmente.

- *Actividades Campaña "25 Novembro Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero".* Ano 2010. Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Actividades desenvolvidas:
Ciclo de Cinema Infantil "Pérez o rato dos meus soños", o 13 de novembro; "Niki, aprendiz de bruxa" o 14 de novembro e "O meu veciño Totoro" o o día 21 novembro.
Lugar: Verbum- Casa das Palabras.
Cinema xuvenil: "A brúxula dourada" o 28 de novembro. Lugar: Verbum- Casa das Palabras.
Proxección de Microvídeos e Exposición de carteis no Auditorio Municipal do Concello de Vigo.
Fase final do Concurso musical "Ao mesmo son". Actuación dos finalistas The Crass e Berroguetto. Organizado pola Concellería de Xuventude dentro do Programa de actividades Súbete ao Castro. Lugar: Sala El infierno. 3 decembro. Ano 2010.

- *Actividades da Campaña 25 Novembro "Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero".* Ano 2011. Actividades levadas a cabo: Concurso de microvídeos e fotografía dixital: Convocado polo Consello Municipal da Muller e a Concellería de Igualdade. Realizado coa finalidade de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá contra a violencia que se exerce sobre as mulleres.
Ciclo de cinema infantil: "Nausicaa del Valle del Viento" proxectada o día 13 novembro; "Lilo and Stich" o día 20 novembro e "Billi Elliot" día 27 de novembro. Lugar: Verbum-Casa das Palabras. Participan: 150 nenas/os aprox.
Contacontos para escolares de 1º e 2º de primaria. "O país dos mandóns", día 22 novembro. Verbum-Casa das Palabras. Participan: 364 alumnas/os de 12 centros ensino
Teatro: "Eu de maior quero ser..." Teatro Caramuxo: dirixido ao alumnado de 3º, 4º e 5º de Primaria. Auditorio Municipal, 24 de novembro 2011. Participan: 563 alumnas e alumnos de 17 centros ensino da cidade.

- *Actividades da Campaña 25 Novembro "Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero".* Ano 2012. Organizada pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Actividades executadas:
Exposición colectiva contra a violencia de xénero con temática relativa á violencia de xénero. Desde o 19 ao 23 de novembro na rúa Príncipe. Expoñense un total de 35 obras realizada polo alumnado dos 31 centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais.
Enlaza Vigo, realización dun tapiz humano o día 23 de novembro na rúa do Príncipe. Actividade dirixida á comunidade escolar e ao conxunto da cidadanía. Ten como obxectivo manifestar o rexeitamento contra a lacra da Violencia de Xénero. Participan aproximadamente 2.500 persoas das que 2.000 son alumnas e alumnos dos centros de ensino da cidade. Punto de encontro: Farola de Urzaiz.
Realización dos Obradoiros Enredamonos nas redes...? dirixido ao alumnado dos centros de ensino da cidade.

- *Actividades da Campaña 25 Novembro "Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero".* Ano 2013. Concellería de Igualdade e Consello Municipal da Muller. Actividades desenvolvidas.
Exposición colectiva contra a violencia de Xénero coa temática sobre a violencia de xénero do 19 ao 23 de novembro.
Exposición de obras realizada polo alumnado dos centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais.
Realización dos Obradoiros Enredamonos nas redes...? dirixido ao alumnado dos centros de ensino.

- *Ciclo de "Cine Infantil".* Ano 2014. Organizado pola Concellería de Igualdade no Auditorio Municipal durante 5 sábados do mes de Maio. Proxección: "Brave". O día 3 de maio de "Kika superbruxa; A viaxe a Mandolán" o 10 de maio; "A Casa da Luz" o 17 de maio; e "A Montaña Máxica" o 31 de maio. Ao rematar as películas entregase unha ficha a cada participante para que conteste a unha serie de preguntas sobre o filme. Ao cubrir a ficha participan no concurso dun lote de libros.

1.A.9. Difusión das campañas de concienciación social realizadas pola Concellería de Igualdade entre os Centros de ensino.

Os Centros de ensino son sempre destinatarios como mínimo de dúas grandes campañas anuais organizadas desde a Concellería de Igualdade en colaboración co Consello Municipal da Muller. Campaña do 8 de Marzo: Día Internacional da Muller e Campaña do 25 Novembro: Día Internacional conta a Violencia de Xénero.

- Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres. A revolución creativa" Campaña 8 de Marzo 2010
- Campaña VIGA. "Dereitos das Mulleres. A revolución creativa". Campaña 8 de Marzo 2011.
- Campaña VIGA. "Os Dereitos das Mulleres son os dereitos do mundo". Campaña 8 de Marzo 2012
- Campaña VIGA. "Os Dereitos das Mulleres son os dereitos do mundo". Campaña 8 de Marzo 2013.
- Campaña VIGA. "Pola defensa dos dereitos sexuais, reprodutivos e o aborto". Campaña 8 de Marzo 2014.
- Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero "NON É NON. EU TEÑO A CHAVE". 2009. Campaña dirixida á mocidade.
- Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero. "NON o ignores, NON o xustificues". 2010.
- Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero. "Enlaza Vigo" 2011.
- Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero. "Enlaza Vigo" 2012.
- Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero. "Enlaza Vigo" 2013.
- Campaña Municipal "Por un Uso non sexista do xogo e xoguetes". 2009.
- Campaña Municipal Por un Uso non sexista do xogo e xoguetes. Regala Igualdade. 2010.
- Campaña Municipal "Para favorecer un Uso non sexista dos xogos e dos xoguetes". 2011
- Campaña Municipal "Por un Uso non sexista do xogo e dos xoguetes". 2012
- Campaña Municipal "Para favorecer un Uso non sexista de xogos e xoguetes. Aposta polo uso igualitario de xogos e xoguetes". 2013.
- "CONNECTAMOS BEN? Mozos e mozas que se tratan ben e de =a=". Esta guía vai dirixida ao alumnado de secundaria e de formación profesional da cidade, tanto dos centros públicos como dos centros concertados. Distribúense 11.315 guías. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

1.A.10. Incluir na Educación de persoas adultas un módulo sobre xénero e igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes.

- Módulo "Sensibilización en Igualdade de Oportunidades". Curso 2009/2010. Fundación Radio ECCA. Duración: 20h. Participan: 15 alumnas/os.
- Módulo "Desenvolvemento Persoal, un camiño para a participación en Igualdade". Fundación Radio ECCA. Curso 2009/2010. Duración: 50h. Participan 20 alumnas.
- Módulo "Desenvolvemento Persoal, un camiño para a participación en Igualdade". Fundación Radio ECCA. Curso 2010/2011. Duración: 50h. Participan 15 alumnas.

- Módulo "Desenvolvemento Persoal". Fundación Radio ECCA. Curso 2010/2011. Duración: 50h. Participan 20 alumnas.
- Módulo "Violencia de Xénero": Tolerancia Cero. Fundación Radio ECCA. 2011/2012. Duración: 50 horas Participan: 20 alumnas
- Módulo "Violencia de Xénero": Tolerancia Cero. Fundación Radio ECCA. 2011/2012. Duración: 50 horas Participan: 15 alumnas
- Módulo 4: "A loita das Mulleres pola Igualdade". Módulo incluído nas Unidades Didáctica do Ámbito Social para alumnado da ESO semipresencial de Persoas Adultas. Analízase a evolución histórica do papel das mulleres: o feminismo; o recoñecemento do sufraxio feminino en España; a corresponsabilidade; a Violencia contra as mulleres. Cursos: 2011/2012; 2012/2013 e 2013/2014. Centros de Educación de Persoas Adultas. Consellería de Educación. Xunta de Galicia.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2009. Mulleres Progresistas. Participan: 19 mulleres.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2010. Mulleres Progresistas. Participan: 19 mulleres.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2011. Mulleres Progresistas. Participan 18 mulleres.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2012. Mulleres Progresistas. Participan: 17 mulleres.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2013. Mulleres Progresistas. Participan: 18 mulleres.
- Módulo "Igualdade Oportunidades". 2014. Mulleres Progresistas. Participan: 13 mulleres.

1.A.11. Colaboración coa Universidade de Vigo na realización de módulos de xénero e igualdade de oportunidades e na potenciación da realización de estudos de xénero.

Para o desenvolvemento do Módulo a Concellería de Igualdade dentro do período de vixencia do Plan, firma no ano 2009 un Convenio de Colaboración coa Universidade de Vigo para realizar o Módulo "Dereito e Relacións de Xénero" do Módulo IV Cidadanía, Dereitos Cívís e Xénero, de 42 horas de duración. Estudio de Posgrao da Universidade de Vigo. A partir deste ano deixase de realizar o Master e remata a colaboración coa Universidade. Participan: 25 mulleres e 2 homes.

1.A.12. Difusión do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes entre a Comunidade Educativa a través de accións de información e concienciación.

Elabórase un folleto das accións do IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2009/2012 que se distribúe entre os centros de ensino, asociacións e servizos. Cólgase tamén na Web. Concellería de Igualdade. Ano 2009.

O Obxectivo específico 1.B desta área deseñase coa finalidade de promover accións que fomenten a conciencia de xénero entre diferentes profesionais e colectivos. A continuación descríbense as accións deseñadas para cumprimentalo.

1.B.1.Realización de actividades formativas en xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes dirixidas ao persoal que traballa nos programas de animación sociocultural municipais.

- Módulo "Igualdade de Oportunidades nas Xornadas de Xuventude Moceando".Ano 2009.Participan:180 mozas e mozos profesionais do ámbito xuvenil e 7 compoñentes de entidades xuvenís.Concellería de Xuventude.
- Módulos de formación en xénero e igualdade levados a cabo nas Xornadas de xuventude e tempo de lecer:MOCEANDO:"Tempo libre en igualdade.Unha meta por acadar entre mozas e mozos".Ano 2010.Espazo de encontro entre mozos e mozas, compoñentes de entidades xuvenís, profesionais que traballan con xente moza. Participan: 24 entidades xuvenís e 15 grupos musicais.Participan:5.000 persoas aprox. Concellería de Xuventude.
- Modulo formativo "Xénero e Igualdade de oportunidades".Ano 2012. dirixido ao grupo de monitoras e monitores de Ocio e Tempo Libre que están a traballar no desenvolvemento da programación xuvenil da Concellería de Xuventude. O seu obxectivo é sensibilizar ás persoas participantes sobre a necesidade de aplicar criterios de igualdade no seu desempeño profesional,que proporcione valores de equidade de xénero superando así as discriminacións por razón de xénero. Participan: 16 mulleres e 4 homes.Concellería de Igualdade e Concellería de Xuventude. Xuño 2012.
- Obradoiro "Inclusión da perspectiva de xénero no desenvolvemento dos Campamentos Urbanos".Ano 2013.Obradoiro dirixido aos e ás profesionais que van desenvolver a súa actividade no marco dos campamentos do "Verán Xove 2013" do Concello de Vigo.Data: 5 de xuño de 2013.Concellería de Igualdade e Concellería de Xuventude.

1.B.2.Desenvolvemento de módulos de igualdade de oportunidade dirixidos a distintos colectivos e entidades.

Módulos formativos de xénero e igualdade levados a cabo nas asociacións que participan no programa *SER MULLER É UNHA BOA IDEA*, organizados pola Concellería de Igualdade.

- "*SER MULLER É UNHA BOA IDEA*". Ano 2009/2010.Realizáronse 15 módulos en 15 asociacións viguesas. Participan: 217 mulleres e 17 homes.
- "*SER MULLER É UNHA BOA IDEA*". Ano 2010/2011. Lévanse a cabo 4 módulos en 4 asociacións. Participan: 51 mulleres e 2 homes.
- "*SER MULLER É UNHA BOA IDEA*". Ano 2011/2012. Desenvolvense 2 módulos en 2 asociacións. Participan 17 mulleres e 3 homes.
- "*SER MULLER É UNHA BOA IDEA*". Ano 2012/2013.Realízase 1 módulo nunha asociación. Participan: 7 mulleres e 2 homes.

- "SER MULLER É UNHA BOA IDEA". Ano 2013/2014. Desenvólvense 2 módulos en 2 asociacións. Participan: 26 mulleres e 1 home.
Impartíronse un total de 24 módulos de xénero e igualdade no Programa "SER MULLER É UNHA BOA IDEA" de 12 h. de duración. Participaron neste período 343 persoas:318 mulleres e 25 homes.
- Obradoiro: "Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes. Análise dos factores que interveñen na desigualdade".Casa das Mulleres.Obxectivo:visibilizar e identificar dun xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que teñen na vida de mulleres e homes.Data:13 e 15 novembro 2012.Participación:12 mulleres. Concellería de Igualdade.Ano 2012.
- Obradoiro" Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.Análise dos factores que interveñen na desigualdade. Ano 2013. Ten como obxectivo:visibilizar e identificar de xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que estas diferenzas teñen na vida de mulleres e homes.Dirixido a mulleres e homes.Os obradoiros desenvólvense en 3 Quendas: 1ª Quenda: os días 14 e 15 de marzo. Duración: 6 horas. 2ºQuenda: os días 6 e 7 de xuño. Duración: 6 horas. 3ºQuenda:os días 13 e 14 de novembro. Duración: 6 horas. Participación total: 32 persoas. 27 mulleres e 5 homes.Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Obradoiro"Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.Análise dos factores que interveñen na desigualdade". Obxectivo:visibilizar e identificar de xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que estas diferenzas teñen na vida de mulleres e homes. Dirixido a mulleres e homes.Data:23 e 25 de abril de 2014.Participan: 14 persoas.Organizado pola Concellería de Igualdade.Ano 2014.

1.B.3.Realización de actividades de concienciación que potencien o deporte feminino, en especial o considerado tradicionalmente masculino, así como o realizado polos homes en deportes feminizados coa finalidade de contribuír a cambiar o modelo de práctica deportiva de mulleres e homes.

- Inclusión na WEB da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, en Enlaces de Interese, un apartado específico de Deporte e Muller, con enlaces facilitados pola Concellería de Igualdade.A Concellería de Igualdade recopila documentación e artigos relacionados coa acción Muller e Deporte que proporciona á Concellería de Deportes do Concello de Vigo.Outubro 2010.Concellería Deportes e Concellería de Igualdade.
- Relatorio "Muller e Deporte: Beneficios para a saúde".Incluído no Ciclo"Muller e Saúde Integral".O obxectivo deste ciclo é promover a mellora da calidade de vida e a saúde integral das mulleres en todas as etapas das súas vidas.Data:25 de maio de 2011.Participación:13 mulleres e 2 homes.Concellería Igualdade en colaboración coa Fundación VIDE.Ano 2011.

- Programa "*Con M de Muller, 70 mulleres Montañeiras*". Club Montañeros Celtas. O obxectivo desta actividade é animar ás mulleres á práctica deportiva de distintos deportes de montaña. Participan 45 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Programa "*Móvete pola Igualdade. Multiactividade deportiva no Galíñeiro*". Club Montañeros Celtas. O seu obxectivo é aminorar ás mulleres á práctica deportiva de distintos deportes de montaña. Participan 45 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.

1.B.4. Establecemento de accións de formación específica e continua para as traballadoras dos servizos e recursos municipais dirixidos ás mulleres coa finalidade de mellorar e garantir unha atención de calidade para as mulleres. Realización de diversos módulos formativos de Igualdade de Oportunidades organizados polo Departamento de Recursos Humanos do Concello de Vigo, incluídos no Programa de Formación continua do Concello de Vigo:

- Curso "*Conciliando os aspectos públicos e privados. Conciliación da vida familiar, persoal e laboral*". Duración: 20h. Participan 22 personas. Departamento de Recursos Humanos Concello de Vigo. Ano 2010.
- Curso "*Lingua galega e usos non sexistas*". Duración: 10 horas. Participan 13 personas. Departamento de Recursos Humanos Concello de Vigo. Ano 2010.
- Curso "*Claves e recursos para un uso non sexista da lingua*". Duración: 10 horas. Participan 24 personas. Departamento de Recursos Humanos Concello de Vigo. Ano 2012.

1.B.5. Realización dunha oferta formativa de módulos de xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes dirixida a toda a cidadanía, especialmente a ANPAS, profesionais e movemento asociativo.

- Módulos de "*Xénero e Igualdade de Oportunidades*" realizados dentro do Programa *SER MULLER É UNHA BOA IDEA* de 12 horas de duración cada un. Realizáronse 24 módulos e participaron desde o ano 2009 ao 2013 un total de 343 persoas: 318 mulleres e 25 homes pertencentes ao movemento asociativo da cidade. Concellería de Igualdade.
- Módulo de Igualdade de Oportunidades nas "*Xornadas de Xuventude Moceando*". Concellería de Xuventude. Participan: 180 mozas e mozos profesionais do ámbito xuvenil e 7 componentes de entidades xuvenís. Concellería de Xuventude. Ano 2009
- Módulos de formación en igualdade levados a cabo nas Xornadas de xuventude e tempo de lecer: *MOCEANDO: "Tempo libre en igualdade. Unha meta por acadar entre mozas e mozos"*. Moceando: espazo de encontro entre mozos e mozas, membros de entidades xuvenís, profesionais que traballan con xente moza e todas aquelas persoas interesadas en coñecer o que se está a facer neste eido. Participan: 24 entidades

xuvenís e 15 grupos musicais. Participan: 5.000 persoas aprox. Concellería de Xuventude. Ano 2010.

- Obradoiro: "*Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes. Análise dos factores que interveñen na desigualdade*". Casa das Mulleres. Obxectivo: visibilizar e identificar dun xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que estas diferenzas teñen na vida de mulleres e homes. Data: 13 e 15 de novembro 2012. Participan: 12 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Obradoiro "*Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes. Análise dos factores que interveñen na desigualdade*". Esta actividade ten como obxectivo: visibilizar e identificar dun xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que estas diferenzas teñen na vida de mulleres e homes. Dirixido a mulleres e homes. Organizado en 3 quendas de 6 horas de duración. Data: días 14 e 15 de marzo; 6 e 7 de xuño e 13 e 14 de novembro 2013. Participan: 32 persoas. Mulleres: 27 e homes: 5. Organizado pola Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Obradoiro "*Xénero e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes. Análise dos factores que interveñen na desigualdade*". Obxectivo: visibilizar e identificar dun xeito práctico as desigualdades de xénero existentes nos distintos ámbitos e esferas das nosas vidas e reflexionar sobre as repercusións e consecuencias que estas diferenzas teñen na vida de mulleres e homes. Dirixido a mulleres e homes. Data: días: 23 e 25 de abril 2014. Participan: 14 persoas. Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- Programa *EMPATÍA*. Realización de 7 Obradoiros: "*Axudando a vivir na igualdade*". Traballo con nais, pais ou persoas que posúan a tutela. Participan 30 mulleres e 14 homes. Concellería de Igualdade. Ano 2011
- Charla "*Violencia na Rede*". Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Participan 20 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010
- Charla "*Explotación Sexual*". Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Participan 20 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010
- Charla "*Cuestión de Velo*". Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Participan 20 mulleres. Programa Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- Charla "*A solidariedade das Mulleres*". Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Participan: 20 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.

- Programa "I Escola Feminista.Centros e Periferias"e Programa "III Escola Feminista. Feminismos e movementos sociais".Implicadas no desenvolvemento.Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011e 2013.
- *Educando-Nós*. Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos. Obxectivo proporcionar formación específica para a análise das desigualdades das mulleres nas sociedades actuais.Participan 14 mulleres.Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade.Casa das Mulleres. Ano 2012.
- Programa "*Empoderándonos*".Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- Curso"*Compartindo a igualdade.Cambio de roles no fogar*".Casa de Andalucía. Programa Subvencións da Concellería de Igualdade.Ano 2012.
- Curso "*Introducción á Igualdade de xénero*".Casa de Andalucía. Participan 12 mulleres e 11 homes.Programa Subvencións Concellería Igualdade. Ano 2013.
- Curso"*Cambio de roles no fogar.Corresponsabilidade*".Casa Andalucía. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.

1.B.6. Potenciar a través das accións incluídas neste Plan de Igualdade a promoción da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista en todos os espazos sociais e institucionais

En todas as actividades realizadas pola Concellería de Igualdade poténciase e emprégase unha linguaxe e imaxe non sexista. Durante o período de vixencia do Plan desenvolvéronse as seguintes actividades dirixidas a promocionar o uso dunha linguaxe e imaxe non sexista:

- *Xornadas "Lingua, Xénero e Comunicación"*.Obxectivo:promover a utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista, que visibilice e represente ao conxunto da cidadanía dun xeito igualitario e non estereotipado.Realización de 2 mesas redondas.Participación:44 personas(43 mulleres e 1 home).Casa das Mulleres os días 4 e 5 de abril de 2011.Concellería de Igualdade.Ano 2011.
- Primeiro Obradoiro "*Comunicación en clave de xénero.Estratexias para a utilización dunha linguaxe inclusiva*".Casa das Mulleres. Día 29 de setembro e 6 de outubro de 2012. Dirixido a profesionais dos medios. Participan: 23 mulleres.Concellería de Igualdade.Ano 2012.

- Charla "A voz: unha ferramenta para triunfar". Obxectivo facilitar as claves para elaborar as nosas mensaxes dun xeito conciso, e eficaz; vencer o medo a falar en público; vocalizar e mellorar a nosa dicción e proxectar a voz. Data: 20 decembro 2012. Participan: 7 mulleres e 3 homes. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

- Curso "Desenvolvemento e comunicación. Claves para a comunicación oral desde a perspectiva de xénero". Federación Veciñal Eduardo Chao. Organizado en 2 quendas en novembro 2012. Programa Subvencións Concellería Igualdade. Ano 2012.

- Segundo Obradoiro "Comunicación en clave de xénero. Estratexias para a utilización dunha linguaxe inclusiva". Obxectivo: detectar e desvelar o sexismo na linguaxe, e facilitar estratexias para o emprego dunha linguaxe inclusiva na comunicación oral e escrita. Organizáronse 2 quedas. 1ª Quenda: os días 9 e 16 de marzo. Participan: 22 mulleres e 1 home. 2ª Quenda: os días 16 e 23 de novembro. Participan 28 mulleres e 1 home. Casa das Mulleres. Organizado pola Concellería de Igualdade. Ano 2013.

- Obradoiro "A voz: Un empoderamento para trunfar". Federación Veciñal Eduardo Chao. Obxectivo: facilitar as claves para elaborar as nosas mensaxes dun xeito conciso, auténtico e eficaz; vencer o medo a falar en público; vocalizar e mellorar a nosa dicción; proxectar a voz, etc. Participan: 28 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.

- Obradoiro "Liderado feminino a través da comunicación". Obxectivos: mellorar a capacidade do liderado feminino a través dunha comunicación eficaz; perder medo a falar en público; aprender a comunicar con éxito e falar para convencer e exercer o liderado dende nós. Data: do día 6 de maio ao 10 de xuño do 2014. Participan: 20 mulleres. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2014.

- Obradoiro "RETRAT-ARTE" ten como obxectivo someter a través do debuxo a xuízo a valoración persoal, comparándoa co que poden observar as demais persoas de nós. Utilízase a caricatura para aprender a rirnos de nós mesmas, sen complexos. Casa das Mulleres. Organizado pola Concellería de Igualdade. Ano 2013.

- Obradoiro "Teatro Lido". Ten como obxectivo que a través da lectura de textos teatrais se coñeza e valore a propia valía; favorecer as interrelacións en grupo; e vencer o medo a falar en público. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

Relatorio de Acci3ns non Desenvolvidas

1.A.5. Establecer un servizo de pr3stamo de materiais non sexistas (contos, libros, v3deos..), durante un prazo determinado, aos Centros de ensino que o soliciten.


1.A.6. Creaci3n dunha web espec3fica con material interactivo por temas e por idades ou etapas, de dese3o atractivo, sobre distintos temas relacionados coa igualdade de oportunidades dirixida ao alumnado.

1.B.7. Distribuci3n entre os medios dunha gu3a sobre a utilizaci3n dunha imaxe e linguaxe non sexista. Non foi desenvolvida, non obstante, realizaronse actividades formativas e de concienciaci3n para fomentar a utilizaci3n dunha linguaxe e imaxe non sexista.

1.B.8. Creaci3n dun premio ao traballo period3stico e/ou publicitario que promova unha imaxe non estereotipada de mulleres e homes e o uso non sexista da linguaxe.

3.1.2. Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade

**Eixe 1 Concienciación/Formación Igualdade Xénero
Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade**



A área de Conciliación e Corresponsabilidade contemplaba con 14 accións deseñadas, das que foron desenvolvidas 8. As accións non desenvolvidas foron 6.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O Obxectivo Xeral desta área é: Concienciar á sociedade sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes nas responsabilidades domésticas e familiares, e fomentar a ampliación de servizos dirixidos á conciliación da vida laboral, familiar e persoal de mulleres e homes.

Para operativizar este obxectivo establécense dous obxectivos específicos. O primeiro, 2.A, ten como misión fomentar a concienciación social sobre a necesidade de corresponsabilidade de mulleres e homes nas responsabilidades domésticas e familiares, para favorecer a promoción dunha prestación de coidados compartida por igual entre mulleres e homes. Para levar a cabo este obxectivo deseñáronse as seguintes accións:

2.A.1. Continuación e ampliación do "Programa de fomento da corresponsabilidade doméstica e familiar" dirixido a fomentar a eliminación de estereotipos de xénero no fogar mediante a formación sobre distintas especialidades que permitan desenvolver adecuadamente as responsabilidades domésticas e familiares para contribuir ao cambio nos comportamentos e ao incremento do benestar de mulleres e homes.

- Programa "Tanto Monta, Monta Tanto". Conxunto de cursos organizados pola Concellería Igualdade coa finalidade de reflexionar sobre a necesidade de asumir de maneira compartida e equilibrada as responsabilidades familiares e laborais. Pretenden rachar co reparto tradicional do traballo para obter un beneficio mutuo e que todas e todos pasemos á acción na procura dunha sociedade máis igualitaria. Os cursos realizados durante o ano 2009 son:

"Podo comunicarme mellor". Participan 13 mulleres, 7 homes.
 "Preparo, cociño e compartu". Participan: 15 homes
 "Saberes e faceres domésticos". Participan 15 homes
 "O coidado das persoas maiores". Participan: 16 mulleres e 4 homes.
 "Reparacións domésticas básicas". Participan: 20 mulleres
 "Mecánica e electricidade do automóbil". Participan: 17 mulleres
 Total participantes: 107. Ano 2009.

- Programa "Tanto Monta, Monta Tanto". Realizáronse os cursos:
 - "Preparo, cociño e compartu. Participan: 15 homes
 - "Saberes e faceres domésticos". Participan: 16 homes
 - "O coidado das persoas dependentes". Participan: 6 homes e 14 mulleres
 - "Podo comunicarme mellor". Participan: 8 homes e 12 mulleres
 - "Reparacións domésticas". Participan: 20 mulleres
 - "Mecánica e electricidade do automóbil". Participan: 16 mulleres
 - Total: 107 participantes. Ano 2010.
- Programa "Tanto Monta, Monta Tanto" Desenvolvéronse os cursos:
 - "Reparacións domésticas básicas". Participan: 14 mulleres
 - "Saberes e faceres domésticos". Participan: 15 homes
 - "Podo comunicarme mellor". Participan: 9 homes e 11 mulleres
 - "Coidados a persoas dependentes". Participan 6 mulleres e 14 homes
 - Total: 69 participantes. Ano 2011.

2.A.2. Difusión da normativa existente sobre conciliación da vida laboral, persoal e familiar (permisos, licencias e excedencias) dirixida ás traballadoras e traballadores.

Esta acción desenvólvese mediante unha campaña de sensibilización dirixida ao empresariado vigués organizada pola Concellería de Igualdade en colaboración coa Fundación Mujeres. Editanse 2 guías que difunden a normativa en materia de conciliación.

- Guía "As empresas de Vigo, Espazos para a Igualdade". Elaboración e edición de 1.000 guías en novembro 2012. Estas guías recollen os permisos retribuídos e non retribuídos dirixidos ás traballadoras e traballadores en materia de conciliación. Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Guía "As empresas de Vigo, Claves para conciliar". Elaboración e edición de 1.000 exemplares no mes de novembro 2012. Esta guía recolle os permisos retribuídos e non retribuídos dirixidos ás traballadoras e traballadores en materia de conciliación. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

2.A.6. Difusión do IV Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes entre os recursos e servizos través de accións de información e concienciación social.

- Elabórase un folleto/resumo das accións do IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2009/2012 que se distribúe entre os servizos e recursos municipais, asociacións, empresariado...etc. Cólégase tamén na Web para poder ser consultado. Concellería de Igualdade. Ano 2009.

O obxectivo 2.B.Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes. A continuación detallanse as accións formuladas para acometelo.

2.B.1.Impulso ao incremento dos servizos que favorezan a conciliación da vida persoal laboral e familiar:Escolas infantís,Comedores escolares, Ludotecas, Centros de Día,Servizo de Axuda no Fogar, SADI..,aproveitando a rede social xa existente.

Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia(SADI).Servizo dependente da Concellería de Igualdade.Consiste no coidado persoal de fillas e fillos menores de 10 anos.Os seus obxectivos son:contribuir á harmonización da vida laboral e persoal das mulleres, en especial das vítimas de violencia de xénero;favorecer a incorporación da muller ao emprego e fomentar a súa formación académica.Este servizo é xestionado pola Asociación de Mulleres Progresistas mediante adxudicación de concurso público.A continuación expoñense os datos deste servizo durante os anos de vixencia do IV Plan.

- *Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2009.* O número de servizos prestados foi de 3.029. As mulleres destinatarias foron 2.834. As nenas/nenos:985.Os colectivos destinatarios foron 195.
- *Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2010.* O número de servizos prestados foi de 3.456.As destinatarias mulleres foron 3.407 e as nenas e nenos 372. Os colectivos destinatarios: 49.
- *Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2011.* O Número de servizos prestados foi de:2.458. As destinatarias mulleres foron:2.454.As nenas e nenos:284. Os colectivos:4
- *Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2012.* Número de servizos prestados foi de 3.177.As destinatarias mulleres foron 3.167.Os nenos e nenas foron: 365. Os colectivos destinatarios: 10.
- *Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2013.* No ano 2013 o número de servizos prestados foi 3.399.As destinatarias mulleres foron 3.380.Nenos e nenas: 388.Colectivos:19
- *As Escolas Infantís, dependentes da Concellería de Educación, incrementaron o seu número,e polo tanto tamén as prazas ofertadas na cidade de Vigo para nenas e nenos de 0-3 anos durante o período de desenvolvemento do IV Plan. As prazas de educación infantil durante o ano 2009 son de 302,actualmente no ano 2014 o número de prazas existentes é de 460.*
- *Campamento de Nadal Casa das Mulleres.* Obxectivo: Axudar a conciliar a vida laboral e familiar; educar en valores e eliminar estereotipos sexistas. Dirixido a nenas e nenos de 5 a 10 anos. Datas: 27, 28 e 29 de decembro a primeira quenda, e 3,4, e 5 de xaneiro na segunda quenda. De 9h a 14 h con servizo de acollida de aula matinal de 8h a 9h na Casa das Mulleres. Participan: 15 nenas e nenos.Organizado pola Concellería de Igualdade en colaboración coa Concellería de Xuventude e co Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.Ano 2010/2011.

- Campamento de verán "IN VICUS". Obxectivo: ofertar un tempo de ocio e lecer na época estival e facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e homes, contribuíndo e impulsando unha convivencia en pé de igualdade. Data: 25 de xuño ao 20 de xullo 2012. Participan: 60 nenas/os. Concellería de Xuventude e Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Campamento de verán LUDOVERÁN. O obxectivo deste campamento é ofertar un tempo de ocio e lecer na época estival e facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e homes da cidade, contribuíndo e impulsando unha convivencia en pé de igualdade. Realizáronse dúas quendas: 1ª quenda: Data: 25 de xuño ao 20 de xullo 2012. Participan: 60 nenos e nenas. 2ª quenda: Data: 6 ao 14 de agosto 2012. Participan 65 nenas/os. Concellería de Xuventude e Concellería de Igualdade. Ano 2012.

2.B.2. Apoio e promoción aos Bancos do Tempo xa existentes e a creación de Bancos do Tempo noutras zonas da cidade como medida que favorece a conciliación da vida laboral, familiar e persoal de homes e mulleres, así como dar unha maior publicidade dos seus obxectivos e das súas actividades para potenciar o seu uso. Edición de folletos de conciliación, mencionando o Programa Municipal de Bancos do Tempo. Programa dependente da Concellería de Participación, que aporta os seguintes datos:

Dende o ano 2010 ao 2014 apoiáronse os Bancos do Tempo de Teis, Saíans, Coruxo e Casco Vello. Os datos globais amosan que o total de persoas que participaron nestes Bancos do Tempo durante estes últimos cinco anos é de 1.062, deste total o 70,52% corresponden a mulleres, mentres que o 29,47% son homes.

2.B.3. Promoción e impulso á creación das escolas de verán como medida que contribúe á mellora da conciliación. Realizáronse Campamentos de Verán, non Escolas de verán. A continuación enumeranse os desenvolvidos durante a vixencia do IV Plan.

- Campamentos de verán Castrelos. Obxectivos: Ofrecer a nais e pais unha alternativa de tempo libre para as fillas e fillos en período de vacacións; Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar; Ofrecer actividades que faciliten a adquisición de valores e hábitos saudables e crear unha conciencia social sobre a importancia que desempeñan os bosques no desenvolvemento global. Realízanse 2 quendas: dos días 18 ao 29 de xullo. Participan: 30 nenas e nenos. Organizado pola Concellería Igualdade. Ano 2011.
- Campamento de verán *Tempo libre na Beiramar*. Obxectivos: Achegar á mocidade ao entorno e aos medios para que descubran e valoricen a cultura do mar e as posibilidades de lecer que ofrece; Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. No mes de xullo realízanse 4 quendas. No mes de agosto realízanse 3 quendas. Participan: 30 nenas e nenos por quenda de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

- Campamento *EXPEDICION IN VICUS*. Este proxecto está dirixido a nenas e nenos de Vigo e levado a cabo durante as mañáns do verán, coa finalidade de contribuír á conciliación da vida laboral e familiar. Trátase a igualdade desde unha perspectiva lúdica e dinámica. O campamento desenvólvese en 2 quendas: 1ª quenda: do 25 de xuño ao 20 de xullo. Participan: 30 nenas/os. 2ª quenda: do 9 ao 20 de xullo. Participan: 30 nenas/os. Organiza: Concellería Xuventude e Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Campamento *LUDOVERÁN* en Samil. Este proxecto está dirixido a nenas e nenos de Vigo e levado a cabo durante as mañáns do verán, coa finalidade de contribuír á conciliación da vida laboral e familiar. Trátase a igualdade de xénero dende unha perspectiva lúdica e dinámica. Desenvólvese do 6 ao 14 de agosto de 2012. Participantes: 65 nenas e nenos. Organiza Concellería de Xuventude e Concellería de Igualdade. Ano 2012.

O Obxectivo 2.C. ten como finalidade: Facer cumprir ao empresariado as previsións legais vixentes sobre o establecemento de medidas que faciliten a conciliación da vida laboral, familiar, persoal. Para acadar este obxectivo deseñáronse as seguintes accións.

2.C.1. Realización de actividades dirixidas ás empresas para facer cumprir as previsións legais existentes en materia de conciliación da vida laboral, familiar e persoal que poden aplicar nas súas empresas, incidindo no beneficio empresarial que supón o establecemento de ditas medidas

- Almorzo de traballo: "*Instrumentos para integrar a Igualdade e a Conciliación nas empresas*" organizado pola Concellería de Igualdade en colaboración coa Fundación Mujeres. Obxectivos: Achegar información, formación e ferramentas co obxectivo de coñecer as vantaxes que ten a aplicación de medidas de igualdade e como estas inciden dun xeito beneficioso na produtividade da empresa. Lugar: Confederación de Empresarios. Data: 28 novembro 2012. Participan: 12 empresas respresentadas por 7 mulleres e 5 homes. Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Elaboración da guía: "*As Empresas de Vigo, Espazos para a Igualdade*". Participan: 158 empresas. Distribuíronse 1.000 folletos. Concellería de Igualdade e Fundación Mujeres. Ano 2012. Elaboración da guía: "*As empresas de Vigo, Claves para conciliar*". Participaron 158 empresas. Distribuíronse 1.000 folletos. Concellería de Igualdade e Fundación Mujeres. Ano 2012.

2.C.2. Difusión entre o empresariado das distintas medidas de flexibilidade horaria que faciliten a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e propiciar o seu uso polos homes coa finalidade de cambiar os roles de xénero e estimular a corresponsabilidade

Elaboración guías: "*As empresas de Vigo, Espazos para a Igualdade*" e "*As Empresas de Vigo, Claves para conciliar*". Distribuíronse 2.000 exemplares. Concellería de Igualdade en colaboración coa Fundación Mujeres. Ano 2012.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

2.A.3. Realización de actividades de formación en xénero e igualdade de oportunidades dirixida ás persoas que traballan no Servizo Municipal de Axuda a Domicilio coa finalidade de fomentar a eliminación de estereotipos sexistas na atención ás persoas usuarias do Servizo.

2.A.4. Realización de actividades de concienciación sobre a asunción de responsabilidades domésticas e familiares dirixida ás persoas perceptoras do Servizo Municipal de Axuda a Domicilio coa finalidade de propiciar un cambio de actitude na asunción de responsabilidades domésticas e familiares.

2.A.5. Establecemento na páxina Web da Concellería de Igualdade dun espazo no que se recollan todos os servizos, recursos e medidas existentes que contribúen á conciliación da vida laboral, familiar e persoal das mulleres e homes do Concello de Vigo.


2.B.4. Impulso á creación de escolas infantís nos Centros de traballo: Centros hospitalarios, Polígonos industriais...etc.

2.B.5. Apoio económico ás familias con menos recursos para afrontar os gastos das actividades extraescolares coa finalidade de contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2.B.6. Impulso ao establecemento de transporte público de acceso aos novos polígonos industriais con horario adaptado ás circunstancias laborais das traballadoras e traballadores.

3.1.3. Área 3: Participación Económica

Eixe 1 Concienciación/Formación Igualdade Xénero
Área 3: Participación Económica



A área de Participación Económica tiña establecidas 5 accións das cales 4 foron desenvolvidas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral da área de Participación Económica é: Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na vida económica, desenvolvendo políticas activas que incidan na mellora da participación das mulleres na economía.

Facer cumprir ás institucións públicas e privadas ás previsións legais sobre o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes no eido laboral para contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas existentes é o obxectivo específico 3.A. Para cumprimentar este obxectivo fórmulanse as actividades que a continuación se expoñen.

3.A.2. Realización dunha Campaña informativa sobre os dereitos e recursos existentes dirixidos ás mulleres traballadoras. Esta acción execútase a través do material informativo realizado dirixido á sensibilización do empresariado.

- Elabóranse os folletos/guías "As Empresas de Vigo, Espazos para a Igualdade" e "As Empresas de Vigo, Claves para conciliar". Nelas recóllense os permisos retribuídos e non retribuídos dirixidos ás traballadoras e traballadores en materia de conciliación e en materia de igualdade nas empresas. Concellería de Igualdade en colaboración coa Fundación Mujeres. Ano 2012.

3.A.3. Realización de accións formativas, en coordinación coas organizacións sindicais, dos e das axentes sociais que interveñen na negociación colectiva coa finalidade de facer cumprir as previsións legais vixentes e proporcionarlles instrumentos teóricos para o exercicio dunha negociación colectiva non discriminatoria desde a perspectiva de xénero. Esta acción desenvólvese en colaboración coas organizacións sindicais mediante o Programa anual de Subvencións da Concellería de Igualdade para a realización dos Encontros Sindicais da Muller.

- *XV Encontro Sindical da Muller.* "Saúde Laboral: Cuestión de xénero. CIG-CCOO-UGT Ano 2010. Relatorios: "Riscos laborais. Muller e traballo". "As Enfermidades non recoñecidas".
- *XVI Encontro Sindical da Muller; Defende o teu futuro!* CCOO-CIG-UGT. Ano 2011. Obradoiro "Problemáticas e perspectivas laborais desde a incorporación ao mundo laboral ata a xubilación". Obradoiro "As reformas nas pensións: Cómo lles afecta ás traballadoras". Obradoiro "Orientación laboral. O novo mercado laboral". Obradoiro "Atrancos culturais para acadar a igualdade"
- *XVII Encontro Sindical. Construindo o futuro en feminino.* CC.OO-UGT. Ano 2012. Relatorios: "Cambios nas relacións laborais e políticas de igualdade"; "Empoderamento e liderazgo feminino"; "Feminismo no mundo obreiro. Influencias e retos: reflexións dende a Asamblea de Mulleres do STEG"; "Emprego feminino: desemprego e división sexual do traballo" (negociación colectiva, segregación, dobre e triple xornada, brecha salarial, acoso laboral..etc)
- *XVIII Encontro Sindical da Muller: Mulleres sindicalistas pola Igualdade real.* CIG-CCOO-UGT. Ano 2013. Relatorios: "Recursos e estratexias de comunicación"; "A igualdade no sindicalismo" ; "Estructura e modelo de participación"; "Desvantaxes laborais por razón de xénero"; "Medidas e recursos para ampliar a presenza de mulleres en sectores subrepresentados"; "Os distintos nomes: Violencia de Xénero, Violencia económica, Violencia laboral".

3.A.4. Elaboración e difusión de material informativo no que se recolla os dereitos parentais e maternais dos traballadores e traballadoras.

Na Campaña de sensibilización dirixida ao empresariado elabóranse as guías "As Empresas de Vigo, espazos para a Igualdade" e "As Empresas de Vigo, Claves para conciliar". Nelas faise mención aos dereitos maternais e paternais sobre permisos retribuídos e non retribuídos. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

3.A.5. Difusión do presente Plan de Igualdade entre todos e todas as axentes sociais que interveñen a nivel municipal na área de emprego


Difundese o folleto realizado sobre o IV Plan entre os diversos servizos especializados municipais. Envíase ao Departamento de Emprego municipal para a súa distribución e tamén ás empresas viguesas. Realízase no 4º trimestre de 2009.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

3.A.1. Realización de accións formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes para as Técnicas e Técnicos de Emprego.

3.1.4. Área 4: Violencia de Xénero

Eixe 1 Concienciación/Formación Igualdade Xénero
Área 4: Violencia de Xénero



A área de Violencia de xénero presenta un alto índice de desenvolvemento, 15 das 16 accións deseñadas foron executadas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral da área de Violencia de Xénero é:Potenciar a concienciación e prevención da violencia de xénero a través de medidas que garantan a atención integral das vítimas.

Para acometer o obxectivo 4.A.Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero, deseñaronse 10 actuacións.

4.A.1.Posta en marcha dun Programa de dinamización para mulleres vítimas de violencia dotado de persoal especializado co obxectivo de erradicar o illamento e soidade e potenciar as relacións sociais entre as mulleres vítimas que o precisen.

- Programa SIMMA: Paquete de accións para abordar e tratar dun xeito integral o Síndrome da Muller Maltratada. O programa dividiuse en varias partes:
 - 1.Relatorio de vítimas de violencia de xénero co obxectivo de visualizar, previr, sensibilizar e concienciar sobre a Violencia de Xénero.
 - 2.Obradoiros prácticos para paliar o Síndrome da Muller Maltratada.
 - Obradoiro"Técnicas de autoestima"; Obradoiro de "Prevención"; Obradoiro de "Técnicas de relaxación"; Obradoiro de "Educación sexual"; Obradoiro de "Resolución de conflitos";Obradoiro de "Intelixencia emocional";Obradoiro de "Xestión do estrés"; Obradoiro de"Recursos contra a violencia de xénero";Obradoiro de "Competencias para o emprego";Obradoiro "Técnicas para una correcta alimentación"; Obradoiro de "Planificación familiar"; Obradoiro de Técnicas de educación infantil"; Obradoiro de "Utilidade das redes sociais"; Obradoiro de "Tai-chi". Participan: 27 mulleres vítimas de violencia de xénero.Lugar:Casa das Mulleres.Concellería de Igualdade.Ano 2009.

4.A.2. Realización de actuacións formativas sobre relacións interpersonais e resolucións de conflitos dirixidas ás mulleres usuarias dos dispositivos municipais de acollemento.

- *Programa SIMMA*: Paquete de accións para abordar e tratar dun xeito integral o Síndrome da Muller Maltratada. Programa presentado pola Concellería de Igualdade á Secretaría Xeral de Igualdade no marco da resolución 5 de xuño de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas dirixida a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Lugar: Casa das Mulleres. 2009. Realización de Obradoiros de: Autoestima, Resolución de conflitos e Intelixencia emocional. Concellería de Igualdade. Ano 2009.
- Obradoiro "*Relacións Interpersoais e Resolución de conflitos*". Obxectivo: garantir e mellorar a atención integral ás mulleres, especialmente aquelas que se atopan en situacións vulnerables como son as vítimas de violencia de xénero. Data: novembro de 2012. Participan: 12 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Obradoiros "*Relacións Interpersoais e Resolución de conflitos*" durante o desenvolvemento do Programa Clara nos anos 2011 e 2012 dirixidos fundamentalmente ás mulleres vítimas de violencia usuarias dos dispositivos municipais. Concellería de Igualdade.
- Obradoiro "*Relacións Interpersoais e Resolución de conflitos*". Obxectivo: garantir e mellorar a atención integral ás mulleres, especialmente aquelas que se atopan en situacións vulnerables como son as vítimas de violencia de xénero. Participan: 12 mulleres. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Obradoiro "*Pautas para exercitar e mellorar a autoestima*". Ten como obxectivo: favorecer distintas pautas, hábitos e desenvolvemento de habilidades que favorezan a mellora da autoestima das mulleres. Data: do 23 abril ao 4 de xuño 2014. Duración: 21 horas. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2014.

4.A.3. Realización de actividades formativas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia sobre xénero e violencia, proporcionándolles pautas de autocoidado e autoprotección.

- *Programa SIMMA*. Paquete de accións para abordar e tratar dun xeito integral o Síndrome da Muller Maltratada. Participan 27 mulleres vítimas de violencia de xénero. Concellería de Igualdade. Ano 2009.
- Curso "*Autoprotección para mulleres*". Obxectivo: ensinar pautas e movementos para a autoprotección de mulleres ante posibles ataques. Data: 12,14,15 e 19 decembro de 2011. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Ano 2009.
- *Programa Clara*. Financiado polo Instituto de la Mujer e a Concellería de Igualdade. Durante a fase de Motivación persoal realizanse as seguintes actividades:

Desenvolvemento de habilidades que promovan un cambio personal: análise dos puntos débiles para tentar cambios e/ou melloras.

Desenvolvemento de habilidades persoais para afrontar medos, inseguridades e a falta de autoconfianza. Desenvolvemento da autoconfianza e a autoafirmación. Análise do estado da autoestima persoal: habilidades para melloralas. A autoaceptación como mecanismo que posibilita o poder desfacer os nudos internos: autoculpabilidade, xulgarse sempre negativamente...etc. Aprendizaxe de diversos exercicios de relaxación, como unha técnica que permita afrontar situacións xeneradoras de tensión e estrés, aprendendo o manexo destas situacións de cara a poder resolver conflitos ou bin a minimizar os seus efectos. Participan: 26 mulleres vítimas de violencia de xénero. Ano 2011.

- *Programa Clara*. Programa financiado polo Instituto de la Mujer e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Durante a fase de Motivación persoal realízanse: Desenvolvemento de competencias: detectar aquelas características persoais de cada participante no grupo (motivación, valores, rasgos, fortalezas, debilidades, cambio de actitude). Autoestima, a asertividade, a resolución de conflitos e desenvolvemento de habilidades sociais. Participan: 12 mulleres vítimas de violencia. Ano 2012.

- Cursos de "Autodefensa para mulleres vítimas de Violencia de Xénero". Dirixido a mulleres beneficiarias de Orde de Protección e que estean domiciliadas na cidade de Vigo. Realizados polo Equipo de Vixilancia e Apoio Policial (EVAP). Teñen como obxectivo proporcionar técnicas de defensa personal ás mulleres vítimas.

Desde o ano 2009 ata o primeiro semestre de 2014 fixéronse un total de 11 cursos nos que participaron 102 mulleres. Lugar de desenvolvemento: Ximnasio das dependencias municipais. Os cursos estaban dirixidos exclusivamente a mulleres con Orde de Protección, non obstante, debido á gran demanda, na actualidade están programados cursos coas usuarias do Centro de Emerxencia.

4.A.4. Traducir a diversos idiomas os impresos e protocolos dos dispositivos municipais de atención á muller e dos dispositivos de acollemento.

- Elaboración da "Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero". Elaborada en papel e na Web.

Realízanse as seguintes edicións: 4.500 exemplares en lingua Galega; 500 exemplares en Inglés e Castelán; 500 exemplares en Francés; e 500 exemplares en Chinés. Realízanse 2 edicións da guía para difundir entre os diversos recursos e servizos da cidade de Vigo. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

4.A.5. Instar á Xunta de Galicia para o incremento do persoal do Centro de Emerxencia coa finalidade de mellorar a atención ás mulleres usuarias e das súas fillas e fillos.

Desde o ano 2010 vense solicitando a colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra sen recibir resposta. Na sesión Plenaria do 28/02/2014 aprobouse unha moción do Grupo Municipal do BNG instando á Deputación de Pontevedra unha resposta inmediata ás solicitudes realizadas pola Xunta de Galicia de colaboración económica co Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos.

4.A.7. Instar á Administración Autonómica para a mellora do funcionamento do Punto de Encontro.

No ano 2008 a Concellería de Igualdade envía unha carta ao Servizo de Igualdade da Xunta de Galicia solicitando a mellora do funcionamento do Punto de Encontro. A Xefa do Servizo de Igualdade resposta que no DOG do 25/04/2008 sae anunciado o concurso público para a contratación das obras de reforma e adaptación do devandito local polo trámite de urxencia. A tramitación da adxudicación deste contrato polo trámite de urxencia ten unha duración máxima de dous meses polo que se prevé a adxudicación das obras no mes de xuño. Indica que o prazo máximo das obras é de seis meses. Posteriormente, no 2º trimestre do 2010 una Comisión de traballo do Consello Municipal da Muller trata este tema. Dende a Concellería de Igualdade e do Consello Municipal da Muller envíase unha carta á Xunta de Galicia instando á mellora das instalacións do Punto de Encontro familiar de Vigo, así como á ampliación do seu horario.

4.A.8. Establecemento dun servizo de interpretes para as mulleres usuarias dos dispositivos municipais de atención á muller e de acollemento que o precisen.

Realízase un Convenio de Colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, firmado o día 01/02/2012, para o establecemento do Servizo de tradución e interpretación telefónico a distintos idiomas para as mulleres usuarias dos dispositivos municipais.

4.A.9. Potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.

- *Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de Violencia de Xénero.* Recurso de acollemento de media e longa estancia dirixido a mulleres maltratadas. Recurso propio do Concello de Vigo. Consiste en 3 vivendas de propiedade municipal con 12 prazas en total. A ocupación deste recurso municipal desde o ano 2009 ata xuño de 2014 é de 16 mulleres e 24 nenas e nenos. O Concello de Vigo mantén un Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Progresistas a través do cal se establece unha educadora para a atención e dinamización das usuarias das vivendas.
- *Servicio de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI),* dependente da Concellaría de Igualdade e xestionado mediante concurso público pola Asociación de Mulleres Progresistas. O Servizo consiste no coidado persoal das fillas e dos fillos menores de dez anos. O obxectivo principal é contribuír á harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas da violencia. Durante o ano 2009 o número de servizos prestados foi de 3.029. As destinatarias mulleres foron 2.834. As nenas e nenos: 985. No ano 2010 os servizos prestados foron 3.456. As destinatarias: 3.407 mulleres. As nenas e nenos: 372. Os colectivos destinatarios: 49. En 2011 o número de servizos prestados foi de 2.458. As mulleres destinatarias: 2.454. As nenas e nenos: 284. Colectivos destinatarios: 4. Durante o ano 2012 o número de servizos prestados foi de 3.177. As destinatarias mulleres foron 3.167. Os nenos e nenas 365. Os Colectivos destinatarios: 10.

No ano 2013 o número de servizos prestados foi de 3.3.99.As destinatarias foron 3.380 mulleres. Nenos e nenas: 388.Colectivos destinatarios:19.

O número total de destinatarias e o número de nenas e nenos atendidos polo Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia desde o ano 2009 ata o 2014 vaise incrementando ao igual que se incrementa o IPC do Servizo anualmente.

- *Punto de Información da Asociación de Mulleres Dorna.* Ofrece asesoramento e información específica sobre violencia de xénero e derivan ás mulleres ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ao servizo pertinente. Detectan e denuncian os casos de malos tratos. Proporcionan información xeral sobre servizos específicos para mulleres en materia de formación, traballo e recursos. Está situado na Zona de Coia. Realizado mediante Convenio de colaboración entre a Concellería de Igualdade e a Asociación de Mulleres Dorna.

Durante o ano 2009 houbo 248 consultas de tipo xeral.O 56,45% das visitas son relacionadas con menores/familia.

Durante o ano 2010 o número de consultas realizadas foi de 278.

Durante o ano 2011 realizáronse:245 consultas. Das cales, 220 foron realizadas por mulleres e 25 por homes.Consultas de tipo xeral:243 e 2 de violencia de xénero.

Durante o ano 2012.O número de consultas efectuadas foi de 205. As realizadas polas mulleres foron 189 e polos homes 16.As consultas tipo xeral foron 204 e 1 de violencia de xénero.

No ano 2013 realizáronse 204 consultas, 182 mulleres e 22 homes.202 son tipo xeral 202 e 2 violencia de xénero.

- *A Rede de Mulleres Veciñáis contra os Malos Tratos* mediante un Convenio de colaboración coa Concellería de Igualdade desenvolve accións dirixidas ás mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero. Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñáis contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia,transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.Actividades desenvolvidas durante o período 2009-2013:

Actividades de asistencia e apoio:información, asistencia e apoio; trámites legais; punto de encontro; acompañamento a xuízos...etc.

Actividades de sensibilización: concentracións mensuais; o último xoves de cada mes convoca unha concentración no centro da cidade para dar a coñecer a realidade da violencia de xénero en todas as súas manifestacións; contactos con asociacións e colectivos, charlas informativas en institutos e realización da Campaña "Postalfree": Ti cortas os fíos"; Realización de videoforums mensuais sobre películas que traten a problemática da violencia de xénero e a igualdade; Cursos de formación de mediadoras, etc.

Encontro terapéutico co obxectivo de reciclar ás mediadoras que traballan na Rede; Cursos de formación de mediadoras; Formación de nais e pais en violencia de xénero; Cursos de Risoterapia; Obradoiro de autoestima e resolución de conflitos. Cursos de formación laboral:creación bolsa de emprego 2.0 mulleres activas e visibles fronte á crise.

- *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.* Servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade. Promove unha intervención pluridisciplinar e integral dende unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo programas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia. Programas Xerais: Programas de información e asesoramento xurídico, social e psicolóxico. Programas dirixidos a mulleres vítimas de violencia:
Programa de asistencia psicolóxica especializada: Asesoramento, intervención en crise, terapia individual, terapia de parella, terapia familiar, e terapia grupal.
Programa de asesoramento e apoio social: Acollemento, procura de vivenda, asesoramento en recursos e solicitude de prestacións económicas, escolarización e coidado das fillas e fillos, recursos e apoio social, saúde...etc.
Programa de asistencia para a integración laboral: Dirixido ás usuarias e exusuarias da Casa de Acollida.
Programa de asesoramento e asistencia xurídica: Asesoramento en todo tipo de consultas penais, e de dereito de familia. Asesoramento e seguimento nos procesos penais e de familia. Asistencia nas xestións xurídicas que procedan.
Durante o ano 2009 foron atendidas 957 mulleres no CMIDM, das cales 296 presentaban problemática de malos tratos. O número de consultas atendidas foron 5.785, con problemática de Malos Tratos: 2.064. No ano 2010 consultaron un total de 1.108 mulleres. Realizáronse un total de 3.912 vistas. Durante o ano 2012 foron atendidas 1.115 mulleres. Presentaban malos tratos 290 mulleres. Efectuáronse un total de 3.700 visitas. No ano 2013 o número de usuarias atendidas foi de 1.151 mulleres que realizaron un total de 3.126 consultas.

- *Centro de Emerxencia para Mulleres en situación de violencia de xénero* é un servizo do Concello de Vigo, en colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade. Este Centro ten como finalidade ofrecer un aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres (e ás súas fillas e fillos) que se atopan inmersas nunha situación de malos tratos, garantíndolles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado. Durante a súa estadía as mulleres dispoñen de asistencia psicolóxica, xurídica e social.
Dende o ano 2009 ata a actualidade o número total de usuarias é de 484 persoas. Delas, 272 son mulleres e 212 menores.
O Concello de Vigo mantén un Convenio co Consorcio Galego de Servizos Sociais.

- *Programa de Apoio Psicolóxico a fillas e fillos* das mulleres usuarias dos dispositivos municipais. Obxectivos: axudar as fillas e fillos das mulleres usuarias do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller que sofren ou sufriron situacións de malos tratos por parte das súas parellas. Comeza no ano 2009 pero desenvólvese durante os 4 anos de vixencia do IV Plan.
No ano 2010 atendeu a 15 menores dos que 7 son nenas e 8 nenos.
No ano 2011 o atendeuse un total de 48 menores. 22 nenas e 26 nenos.
Durante o ano 2012 atendese a 49 menores. 26 foron nenas e 23 nenos.
No ano 2013 o número de menores participantes foi de 58. Deles 23 foron nenas e 35 nenos.

- *Teléfono da muller: 986 293 963.* Servizo municipal de información e asesoramento telefónico para mulleres, dirixido especialmente ás vítimas da violencia. Atendido as 24 horas do día por persoal especializado. Asegura unha orientación inmediata e precisa sobre recursos e servizos existentes na comunidade achegándolles ás mulleres vítimas da violencia información urxente sobre recursos legais e sociais ao seu alcance e apoio e atención en situacións de angustia.

- *Axudas Económicas Municipais para Mulleres vítimas de Violencia de Xénero.* Ademais das prestacións e axudas económicas que as mulleres poidan ter dereito a solicitar ante a Xunta de Galicia e/ou SEPE, pola súa condición de vítima de violencia de xénero, a Concellería de Igualdade dispón de orzamento propio para a concesión de axudas económicas que teñen como finalidade dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura co agresor. Son xestionadas entre o CMIDM e a Concellería de Igualdade. Durante o ano 2009 recibiron esta axuda 15 mulleres. No ano 2010, as beneficiarias foron 33 mulleres. Durante o ano 2011 as perceptoras das axudas foron 42 mulleres. No ano 2012 as mulleres que recibiron esta axuda foron 29. O ano 2013 é o que presenta maior número de beneficiarias: 47 mulleres. No primeiro semestre do ano 2014 o número de mulleres que recibiron a axuda foron 24.

- *Programa Clara.* Realizado a través dun Convenio de colaboración entre o Instituto de la Mujer e o Concello de Vigo para a execución do Programa no anos 2011 e 2012. Ten como principal obxectivo mellorar a situación persoal e laboral das mulleres da nosa cidade. É un recurso necesario para a mellora da empregabilidade de aqueles colectivos de mulleres, con especial vulnerabilidade e/ou en situación de risco de exclusión social da nosa cidade, fundamentalmente vítimas de violencia de xénero. O Programa Clara é un recurso complementario á consecución dos obxectivos propostos desde o Programa de Asesoramento e Apoio Social a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.

Na edición 2011/2012 do Programa son seleccionadas 26 mulleres na súa maioría vítimas de violencia de xénero que realizan diversas fases: Motivación personal, motivación para o emprego e formación ocupacional. Desenvolvense 3 itinerarios formativos: 13 participantes como conductoras de autobús; 9 participantes capacitadas para o desenvolvemento profesional no campo da estética; e 7 realizan un club de emprego para aplicar os obxectivos definidos nas técnicas de búsqueda de emprego e para a fase de acompañamento á inserción.

- *Programa Clara 2012:* O grupo deste ano o conforman 13 mulleres vítimas de violencia de xénero. Nesta edición desenvólvense dúas accións formativas:
 - o Formación para a consecución do carnet oficial de manipulación de alimentos. Participan 10 mulleres.
 - o Formación en alfabetización informática e búsqueda de emprego a través de Internet. Participan 10 mulleres.

- *Programa para Mellorar as Capacidades de Empregabilidade de Mulleres con Especiais Dificultades de Inserción.* Servizo de Orientación e apoio ás mulleres desempregadas. Este servizo está dirixido a mulleres adultas empadroadas en Vigo. Ten entre os seus obxectivos dar resposta á demanda daquelas mulleres que contan con máis factores de desigualdade porque á situación de estar en desemprego se lle suman diferentes problemáticas: ser vítima de violencia de xénero; sen formación ou moi escasa e non adaptada ao mercado de traballo normalizado, falta de recursos económicos... etc.

O programa inciase en abril do 2013, unha vez rematado o Programa Clara. Durante este ano foron atendidas 158 mulleres. O 80% son vítimas de violencia ou en risco de exclusión social.

Durante o ano 2014 o programa atende exclusivamente a mulleres vítimas que sexan usuarias do CMIDM. A traballadora social do CMIDM deriva a este servizo a 81 mulleres.

Accións formativas realizadas: Curso de Manipulación de alimentos de 3 horas de duración en colaboración con Radio ECCA.

Durante este ano, houbo unha oferta da empresa CLECE, para contratar a mulleres para o coidado de persoas maiores. Desde o programa se deriva a mulleres. Elaborase tamén un convenio de colaboración con supermercados FROIZ para establecer un protocolo de derivación de mulleres vitimas de violencia de xénero a futuras ofertas de emprego.

4.A.10. Impulso á mellora das instalacións de atención ás mulleres vítimas de violencia do Equipo de Vixiancia e Apoio Social (EVAP) coa finalidade de proporcionar unha atención especializada nun espazo de intimidade.

Efectuáronse obras de mellora e acondicionamento das instalacións do Equipo de Vixiancia e Apoio Policial (EVAP). As obras consistiron na realización dun despacho que permitira executar con intimidade as entrevistas persoais coas mulleres vítimas de violencia que acudan a este servizo. Fixéronse obras de mellora da accesibilidade do local para poder acceder con carriños ou cadeira de rodas. Mellorase tamén as indicacións e sañalización desta unidade e espazo xeral das dependencias.

O segundo obxectivo desta área, o 4.B, establece promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa. Para acadar este obxectivo deseñáronse as seguintes accións:

4.B.1. Traducir a diversos idiomas material informativo sobre detección, causas e consecuencias da violencia de xénero.

- Elaboración da "Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero". Guía que pretende ser unha ferramenta útil de traballo como material de apoio para a detección, atención, derivación e coordinación dos casos de violencia de xénero nos que interveñan os/as profesionais de distintas áreas. Efectúase unha ampla distribución entre: servizos de atención social, centros de saúde, hospitais, servizos sociais, servizos policiais, centros educativos, asociacións e entidades sociais e demais axentes sociais.

Coa edición desta guía informativa, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, achega información precisa sobre a violencia de xénero. Editase en cinco idiomas. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

4.B.2. Elaborar e editar un folleto informativo sobre os dereitos das mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero, así como os recursos e servizos postos á súa disposición.

- *"Guía de Información Xeral Violencia de Xénero"*. Contén un apartado específico destinado ás mulleres de orixe estranxeira onde se recollen os dereitos das mulleres estranxeiras, os pasos a dar no caso de sufrir violencia de xénero e cales son os recursos e servizos aos que poden dirixirse. Editáronse en 5 idiomas, cunha tirada de: 4.500 exemplares en galego; 500 exemplares en Inglés e Castelán; 500 exemplares en Francés; 500 exemplares en Chino. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

4.B.3. Elaboración e difusión de Campañas de concienciación e prevención da violencia de xénero dirixido á sociedade, especialmente con motivo do 25 de novembro, día internacional contra a violencia cara ás mulleres.

- *Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero dirixida á mocidade (NON É NON..* A Concellería de Igualdade e a Tenencia de Alcaldía de Vigo poñen en marcha, no en novembro de 2009, co gallo do 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a campaña *"NON é NON. Eu teño a chave"*. Dirixida ás alumnas e alumnos de ESO e Bacharelato. Esta iniciativa ten como obxectivo que a mocidade reflexione sobre as relacións amorosas e de amizade que manteñen, xa que un importante número de rapazas son vítimas dunha violencia encuberta que as converte en seres sumisos e coarta a súa liberdade. Ano 2009.

- *Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero. "NON o ignores, NON o xustificues"*. A Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller de Vigo poñen en marcha esta campaña durante o mes de novembro do ano 2010, co gallo da conmemoración do 25 de novembro Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. Actividades realizadas ao longo do mes:

Accións escénicas en espazos públicos contra a violencia de xénero, a cargo do alumnado da ESAD do 4 ao 18 de novembro (Mercado Calvario, C. Comercial Travesía, Estación de Renfe e Marco).

Exposición fotográfica "No solo duelen los golpes" de Pamela Palenciano. Data: do 15 ao 29 de novembro na Escola de Idiomas.

Proxeccións cinematográficas en colaboración co Cine Club Lumiere.

Ciclo de Cine: Realidades invisibles: "Nenas Mal", día 8 de novembro; "Eloise", día 15 de novembro; "Mulleres no Cairo", día 22 de novembro. "O último verán da Bollita", día 29 de novembro. Lugar: Sala de Conferencias e Auditorio Centro Social Caixanova.

Cinema Infantil: Pérez o rato dos teus sonos. Día 13 de novembro; Niki a aprendiz de bruxa. Día 14 de novembro; O meu viciño Totoro. Día 21 novembro. Lugar: Verbum- Casa das Palabras.

Cinema xuvenil: a brúxula dourada. 22 novembro. Verbum- Casa das Palabras.

Videoforum El tiempo de las mariposas. 16 novembro. Organiza CDRF

"Madame Brouete". Día 17 novembro; "Señorita extraviada".Día 23 de novembro novembro.Organiza: Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos:

Proxección de microvídeos e exposición de carteis. Auditorio Municipal

25 Novembro: manifestación contra a violencia de xénero

Lectura da Declaración Institucional do Concello de Vigo con motivo do 25 de novembro.

Taller sobre "Violencia de Xénero" a cargo de Pamela Palenciano. Escola Oficial de Idiomas.

Fase final do Concurso musical "Ao mesmo son".Actuación das finalistas The Crass e Berroguetto. Organizado pola Concellería de Xuventude dentro do Programa de actividades Súbete ao Castro.

Lugar: Sala El infierno. 3 decembro.Ano 2010.

- *Campaña de conmemoración do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero".* A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller poñen en marcha unha serie de iniciativas dirixidas a denunciar e sensibilizar á sociedade sobre a violencia de xénero durante o ano 2011.A iniciativa *EnlazaVigo contra a Violencia de Xénero*, acción que pretende a implicación de toda a cidadanía no desenvolvemento dunha gran cadea humana, o día 25 de novembro ás 11 horas, que enlace distintos puntos da cidade como expresión clara e contundente da condena e repulsa de Vigo contra o machismo e a violencia de xénero. Realizáronse as seguintes actividades dirixidas á toda a cidadanía:

Concurso de microvídeos e fotografía dixital: Convocado polo Consello Municipal da Muller e a Concellería de Igualdade coa finalidade de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá en contra a violencia que se exerce sobre as mulleres.

Concurso: Modalidade Fotografía dixital: preséntanse 17 obras. Outórgase o Premio á obra: "Nunca...nin xogando" da autora Gloria M^a Fuentes Rey.

Modalidade microvídeos: preséntanse 8 vídeos.Outórgase o Premio á obra "Semella que estou lonxe" de Mirian Rodríguez Domínguez.

2 accesit para as obras:"Non cales, vive" de Diego Méndez Lamas e "Rompe co silencio" Jesús Ruperto Andrés Tejada.

Cinema infantil: Verbum-Casa das Palabras. Participan 150 nenas/os aprox.Películas:"Nausicaa del Valle del Viento", día 13 de novembro; "Lilo y Sticha", día 20 de novembro;"Billy Elliot", 27 de novembro.

Contacontos para escolares: dirixido para escolares de 1º e 2º de primaria. "O país dos mandóns".Participan: 364 alumnas/os de 12 centros ensino.Verbum-Casa das Palabras

Teatro para escolares. Teatro Caramuxo: dirixido ao alumnado de 3º-4º e 5º de Primaria "Eu de maior quero ser..." Auditorio Municipal. 24 de novembro Participan: 563 alumnas/os de 17 centros ensino.

Lectura Declaración Institucional do Concello de Vigo. Salón de Plenos 28 de novembro.Ano 2011.

- Con motivo da *Commemoración do 25 de novembro de 2012 "Día Internacional contra a violencia de xénero"* a Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller poñen en marcha por segundo ano consecutivo a iniciativa *Enlaza Vigo* co obxecto de divulgar os contidos do Día Internacional contra a violencia de xénero. O público obxectivo son os centros de secundaria de Vigo. Realízanse actividades dirixidas á toda a cidadanía en xeral.

Póñense en marcha distintos soportes co obxectivo de chegar ao maior número de persoas: Enlazavigo.com; Facebook e Twitter para que as mensaxes de Enlaza Vigo cheguen a todos os rincóns e a todas as inquedanzas.

Enredámonos nas redes...? Obradoiro dirixido ao alumnado de 4º da ESO dos Institutos de Ensino Secundario de Vigo. Realízanse os días 19, 20 e 21 de novembro.

Enredámonos nas redes...? Actividade formativa que ten como obxectivo previr a violencia de xénero nas redes sociais entre a mocidade e vai dirixida ás nais e pais así como ao profesorado e ao distinto tipo de profesionais interesadas/os en coñecer como empregan as redes sociais os rapaces e rapazas e analizar os riscos aos que están expostos.

Exposición colectiva contra a violencia de xénero con temática relativa á violencia de xénero. Desde o día 19 ao 23 de novembro na rúa Príncipe. Expóñense un total de 35 obras realizadas polo alumnado dos 31 centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais. Esta exposición estivo cumprimentada cunha carpa informativa na que se ofreceu información sobre a violencia de xénero e entrega de materiais de sensibilización.

A Concellería de Igualdade presentase no ano 2012 a I edición do *Concurso de Boas Prácticas Locales contra a Violencia de Xénero*. Ano 2012.

- Con motivo da *Commemoración do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero" 2013*. A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller poñen en marcha na cidade por segundo ano consecutivo unha serie de iniciativas dirixidas a denunciar e sensibilizar á sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres. Realízanse diversas accións en relación á campaña *Enlaza Vigo*. Participaron 1.900 estudiantas de Educación Secundaria dos centros educativos de Vigo e diversas asociacións e as componentes do Consello Municipal da Muller.

Enredámonos nas redes...? As ciberviolencias e os controis das redes sociais. Charla coloquio dirixida a nais e pais, profesorado e cidadanía en xeral. O obxectivo xeral é previr entre a mocidade a violencia de xénero na utilización das redes sociais. Casa Galega da Cultura. 12 de novembro. Participan: 50 persoas.

Exposición colectiva contra a violencia de Xénero. Do 19 ao 23 de novembro. Exposición de obras realizada polo alumnado dos centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais.

Exposición "Mulleres baixo sospeita. Memoria e sexualidade (1930-1980)". Casa das Artes do 28 de outubro ao 30 de novembro. A sexualidade das mulleres durante esta época é o tema que guía desta exposición.

A Concellería de Igualdade presentase de novo no ano 2013, á II edición do *Concurso de Boas Prácticas Locales contra a Violencia de Xénero*. Premio que lle foi otorgado pola Boa práctica de Sensibilización "Enlaza Vigo contra a Violencia de Xénero". O obxectivo deste premio é fomentar o intercambio de experiencias e recoñecer as actuacións máis eficaces e innovadoras no ámbito local.

No ano 2014 A Concellería de Igualdade volve a presentase á III edición deste Concurso coa iniciativa: *Rede Municipal de Atención e Acompañamento a vítimas de violencia de xénero* (pendente de resolver) Ano 2013.

4.B.4. Establecer un programa de visitas do movemento asociativo de mulleres ao Centro de Emerxencia para mulleres que viven situacións de violencia de xénero como xeito de aproximar o Centro á sociedade, e facerlle seguemento.

Realización de visitas de 2 Asociacións de mulleres ás instalacións do Centro de Emerxencia durante o 4º trimestre do ano 2010. Asisten representantes do Grupo Municipal do PP e Colectivo Violeta acompañadas pola Xefa do Departamento de Igualdade.

4. B.5. Organización e desenvolvemento de actividades informativas e de concienciación dirixidas á sociedade sobre as causas e formas que adopta a violencia de xénero.

- Campaña *NON É NON- EU TEÑO A CHAVE*. Elaboración e distribución de carpetas e cartulinas co mesmo lema. Distribuído entre a comunidade escolar. Concellería de Igualdade. Ano 2009.
- *Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero "NON o ignores, NON o xustificues"*. Ano 2010. A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo poñen en marcha durante o mes de novembro co gallo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero as seguintes actividades:
 - o Accións escénicas: en espazos públicos contra a violencia de xénero, a cargo do alumnado da ESAD.
 - o Exposición fotográfica: "No solo duelen los golpes" de Pamela Palenciano. do 15 ao 29 de novembro na Escola de Idiomas.
 - o Proxeccións cinematográficas: realidades invisibles;
 - o Ciclo de Cinema Infantil e Cinema xuvenil; Videoforum;
 - o Proxección de microvídeos e exposición de carteis. Auditorio Municipal.
 - o Lectura da Declaración Institucional do Concello de Vigo con motivo do 25 de novembro.
- *Campaña de conmemoración do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero"* 2011. A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller poñen en marcha unha serie de actividades dirixidas a denunciar e sensibilizar á sociedade sobre a violencia de xénero durante o ano 2011.
 - o *EnlazaVigo contra a Violencia de Xénero*, acción que pretende a implicación de toda a cidadanía contra a Violencia de xénero.
 - o Concurso de microvídeos e fotografía dixital
 - o Cinema Infantil e Cinema xuvenil
 - o Videoforum, Contacontos e Teatro para escolares.

- o Lectura Declaración Institucional do Concello de Vigo.
 - o Proxección de microvídeos e exposición de carteis. Auditorio Municipal
 - o Taller sobre violencia a cargo de Pamela Palenciano. Escola Oficial de Idiomas.
 - o Fase final do Concurso musical "Ao mesmo son". Actuación das finalistas The Crass e Berroguetto. Organizado pola Concellería de Xuventude dentro do Programa de actividades Súbete ao Castro.
- *Campaña de conmemoración do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero". Ano 2012.* A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller poñen en marcha as actividades:
- o A iniciativa *Enlaza Vigo* co obxecto de divulgar os contidos do Día Internacional contra a violencia de xénero.
 - o Obradoiros *Enredémonos nas redes...?* Dirixido a nais e pais
 - o Obradoiros *Enredémonos nas redes...?* Dirixido ao alumnado
 - o Exposición colectiva contra a violencia de Xénero.
 - o Carpa informativa sobre a violencia de xénero e entrega de materiais de sensibilización.
- *Campaña de conmemoración do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero". Ano 2013.* A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller. Ao longo desta campaña desenvóléronse as seguintes actividades:
- o A iniciativa *Enlaza Vigo* desenvolvendo unha serie de actividades dirixidas a denunciar e sensibilizar á sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres. Realización dun Tapiz humano na rúa o día 25 de novembro
 - o Obradoiros *Enredémonos nas redes...?* Dirixido a nais e pais
 - o Obradoiros *Enredémonos nas redes...?* Dirixido ao alumnado.
 - o Exposición colectiva contra a violencia de Xénero coa temática sobre a violencia. Exposición de obras realizada polo alumnado dos centros de ensino da cidade e por asociacións de mulleres e outros colectivos sociais.
 - o Exposición: "Mulleres baixo sospeita. Memoria e sexualidade (1930-1980)" Casa das Artes do 28 de outubro ao 30 de novembro. Ano 2012.
- Elaboración "*Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero*" traducida a cinco idiomas: galego, chinés, castelán, francés, e inglés. Pretende ser unha ferramenta útil de traballo como material de apoio para a detección, atención, derivación e coordinación dos casos de violencia de xénero nos que interveñan os/as profesionais de distintas áreas. Distribúese en: Centros de ensino, centros de saúde, hospitais, profesionais de servizos sociais, servizos de seguridade, xulgados, asociacións de inmigrantes, asociacións de mulleres, Plan comunitario Teis, Federación Veciñal, CMIDM, diversas Concellerías municipais, Colexio de avogados/as, Sindicatos, Plan Local de drogas. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

- Elaboración e distribución das GUÍAS "*CONNECTAMOS BEN?. Mozos e mozas que se tratan ben e de =a=*". Estas guía está dirixida ao alumnado de secundaria e de formación profesional da cidade, dos centros públicos como dos centros concertados. Elabóranse 11.315 guías.

O seu obxectivo é promover entre elas e eles o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e no amor. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

4.B.6. Difusión do presente Plan de Igualdade entre todos os recursos e servizos que interveñen na atención ás mulleres vítimas de violencia.


Distribución do folleto informativo do Plan entre os Departamentos Municipais: CMIDM, Centro Emerxencia, Departamentos de Servizos Sociais, Centros de Saúde, Asociacións e entidades e que interveñen con vítimas de violencia de xénero. Realizado no 4º trimestre 2009.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

4.A.6. Instar á Xunta de Galicia para a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.

3.1.5. Área 5: Atención á Diversidade

Eixe 1 Concienciación/Formación Igualdade Xénero
Área 5: Atención á Diversidade



A gráfica anterior relativa á implementación da área de Atención á Diversidade indica que das 8 accións establecidas, 4 foron desenvolvidas, e unha parcialmente desenvolvida. No tocante ás accións non desenvolvidas foron 3.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

Promover a eliminación das dificultades e barreiras que impiden o desenvolvemento persoal e social e a participación igualitaria de mulleres e homes en base aos principios de vulnerabilidade, pluralidade, diversidade e equidade, é o obxectivo xeral da área de Atención á Diversidade. Para operativizalo establececese un obxectivo.

5.A. Promover a concienciación social mediante actuacións dirixidas ás mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social. Para acometer esta obxectivo formularonse as seguintes actividades

5.A.1. Traducir a diversos idiomas material informativo sobre os servizos e recursos dirixidos ás mulleres inmigrantes.

- "Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero" onde se inclúe un apartado destinado ás mulleres de orixe estranxeira. A guía foi traducida a 5 idiomas: galego, castelán inglés francés e chinés. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

5.A.4. Realización de actividades de concienciación e formación sobre xénero e igualdade dirixido ás mulleres con diversidade funcional.

Esta acción cumprimentase con actividades realizadas polo movemento asociativo no Programa anual de Subvencións da Concellería de Igualdade.

- *Proxecto: O empoderamento das mulleres xordas. IV Edición.* Asociación de Persoas Xordas de Vigo. Desenvolvemento das seguintes actividades:
 - o Día Internacional da Muller: Encontro "Tempo de Mulleres Xordas. Unha mirada ao noso interior", analizase a situación da muller e a discapacidade e a desigualdade das mulleres xordas. Revísase a situación das mulleres xordas noutros países europeos.
 - o Xornada "Sé Mala" co obxectivo de mellorar a autoestima e pensar nunha mesma sen culpa.
 - o Obradoiro de Habilidades Sociais e autoestima.
 - o Obradoiro de lectura para mulleres
 Concellería de Igualdade. Ano 2010.

- *Proxecto: "O empoderamento das mulleres xordas. V Edición."* Asociación de Persoas Xordas de Vigo. Actividades realizadas:
 - o "Xornada sobre muller xorda, inmigración, ceguera e exclusión social".
 - o Conferencia: "Historia da nosa identidades como mulleres. Participan 50 persoas.
 - o Obradoiro "iniciación Internet". Participan: 10 persoas. Mulleres: 8
 Concellería de Igualdade. Ano 2011.

- *VI Edición "O empoderamento das mulleres xordas".* Asociación de Persoas Xordas de Vigo. Realízanse as seguintes actividades:
 - o Conferencia "O estrés da muller xorda. Cómo combatelo". Participan 69 persoas de 25 a 75 anos.
 - o Conferencia: "Programa Telpes" (teleasistencia para mulleres maiores xordas). Participan 60 persoas
 - o Conferencia "Mulleres importantes na Historia. Mulleres na comunidade xorda". Participan 40 persoas.
 - o Xornada de convivencia: Sendeirismo en feminino pola Ruta da Auga. Participan 25 mulleres
 - o Obradoiro "Corresponsabilidade doméstica". Participan 3 homes.
 - o Obradoiro "Reparacións domésticas". Participan 13 mulleres.
 Concellería de Igualdade. Ano 2012.

- *VII Edición "O empoderamento das mulleres xordas".* Asociación de Persoas Xordas de Vigo. Realízanse as seguintes actividades:
 - o Conferencia "Participación das mulleres xordas en clave de igualdade.
 - o Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - o Realización documental: Unha ollada ao noso entorno. A historia da nosa cidade vista a través dos ollos das mulleres xordas.
 - o Conferencia: "Ferramentas de adaptación ás novas necesidades dos fogares". Aproveitamento dos recursos. Participan 30 mulleres.
 - o Ciclo de obradoiros sobre economía doméstica, elaboración e aproveitamento dos recursos naturais. Participan 16 mulleres
 Concellería de Igualdade. Ano 2013.

- Muller, *Educación para a Saúde. Asociación para o Síndrome de Down*. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Bloque 1: Educación afectivo-sexual. Bloque 2: Saúde e estilos de vida. Participan: 35 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Educación para a Saúde. Asociación para o Síndrome de Down*. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Bloque 1: educación afectivo-sexual. Bloque 2: Saúde e estilos de vida. Participan: 35 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2011
- *Educación para a Saúde. Asociación para o Síndrome de Down*. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Bloque 1: Educación afectivo-sexual. Bloque 2: Saúde e estilos de vida. Participan: 32 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2012
- *Muller 2013: Educación para a Saúde. Asociación para o Síndrome de Down*. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Bloque 1: "Educación afectivo-sexual. Bloque 2: Saúde e estilos de vida. Participan: 35 mulleres Concellería de Igualdade. Ano 2013
- *Muller 2014: Educación para a Saúde. Asociación para o Síndrome de Down*. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.

5.A.7 Difusión entre as mulleres prostituídas o material informativo sobre os servizos e recursos existentes dirixidos ás mulleres.

Esta actividade desenvólvese a través das accións de sensibilización e formación realizadas pola asociación Faraxa pola abolición da prostitución a través do Programa de Subvencións concedidas durante os seguintes anos:

- *Programa de "Atención e Sensibilización sobre prostitución e trata de persoas con fins de explotación sexual"*. Ano 2011.
- *"Programa de Atención e Sensibilización sobre prostitución e trata de persoas con fins de explotación sexual"*. Ano 2012.
- *"Programa de Atención e Sensibilización sobre prostitución e trata de persoas con fins de explotación sexual"*. Ano 2013.

Esta acción execútase tamén a través do Programa anual de Subvencións da Concellería de Igualdade e concedidas á Médicos do Mundo para realizar accións de sensibilización e formación coas mulleres prostituídas.

- *"Atención Sociosanitaria a mulleres en risco de exclusión"*. Médicos do Mundo. Obxectivo: Axudar na mellora da saúde das usuarias de drogas e das mulleres que se atopan en situación de prostitución. Dirixido a Mulleres con problemática de drogas e Mulleres prostituídas. Atendidas 119 mulleres. Ano 2010.

- "Investigación no grupo de mulleres que viven na rúa". Médicos do Mundo. Obxectivo: investigar sobre a percepción, valoración e posibles propostas de mellora da súa situación no grupo de mulleres que viven na rúa da cidade de Vigo. Ano 2011.
- Curso "Formación de axentes de saúde para persoas prostituídas". Participan 8 mulleres axentes de saúde. Ano 2012
- Curso "Dereito á saúde, recollida de vulneracións e testemuñas e Curso "Empoderamento das mulleres en contexto de prostitución en Vigo a través do teatro. Ambos cursos encádranse dentro do proxecto de formación de axentes de saúde de Medicos do Mundo. Obxectivo: provocar nas mulleres en contextos de prostitución, un proceso de reflexión sobre a súa problemática e empoderamento a través da metodoloxía do teatro do oprimido. Ano 2013.
- Distribución da *Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero contra as Mulleres*, distribuída entre as asociacións e entidades que interveñen coas mulleres prostituídas. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

5.A.8 Difusión do IV Plan de Igualdade entre os recursos e servizos implicados nesta área.

Distribúese o folleto editado sobre o IV Plan entre os servizos, asociacións e colectivos que traballan nesta área de intervención. Editado en novembro de 2009.

Destacar, que no Eixe 1 relativo á concienciación e formación en Igualdade de Oportunidades, durante o seu proceso de implantación leváronse a cabo unha serie de accións que non estaban deseñadas e que xurdiron como efecto do seu desenvolvemento. Mencionar os cursos de formación en Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (NTIC) desenvolvéronse co obxectivo de dar a coñecer a rede e eliminar a fenda dixital de xénero existente.

- Obradoiro "Programación, mantemento e creación web"; Obradoiro "Programación web em CSS e Java Script"; e Obradoiro de "Fotografía e Retoque digital". Mulheres Nacionalistas Galegas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- Curso "Informática e Internet". A.VV Calvario. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2010.
- Curso "Iniciación a Internet" e "Novas Tecnoloxías". AVV. Pza da Miñoa. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2010.
- Curso "Informática". A.VV Cristo da Victoria. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade Ano 2010.
- Curso "Informática para mulleres". A.VV Camiño Vello de Coia. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.

- Curso "*Informática e internet*". Casa de Andalucía. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- Curso "*Alfabetización en TIC para mulleres*". Asociación Curva de San Gregorio. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- Curso "*Informática e Internet*". AA.VV. Calvario. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2012.
- Curso "*Alfabetización Informática*". CRC de Cabral. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2012.
- Curso "*Alfabetización en TIC para mulleres*". Asociación Curva San Gregorio. Programa Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Proxecto "*Conectamos Xuntas III. Curso de Informática Básica*". AZO Asociación Galega de Apoio ó Desenvolvemento Inmigrante e Emigrante. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivo: Promocionar a muller na busca de acadar a igualdade de oportunidades e fomentar a participación social das mulleres. Participan: 17 mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas. Ano 2012.
- Obradoiro "*Sen Medo a Internet*". Servizo da Casa das Mulleres que ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías ás mulleres que descoñecen este mundo e non saben manexarse cun ordenador. Concellería de Igualdade. Casa das Mulleres. (luns de 17,45 a 19,00 horas). Ano 2012.
- Curso "*Feminismo em Rede: Twitter para a açom feminista*". Obxectivo contribuir á difusión do coñecemento da rede e sensibilización da cidadanía sobre a existencia das fendas dixitais de xénero. Participan: 16 mulleres. Mulheres Nacionalistas Galegas. Ano 2013.
- Obradoiro "*Bloguear con wordpress e buddypress. Pasos para crear a nosa rede 3.0*". Feministas Independentes Galegas. Ano 2013.
- Curso "*Informática e Internet*". A.VV Calvario. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2013.
- Aula aberta de informática. Servizo da Casa das Mulleres que ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías ás mulleres que descoñecen este mundo e non saben manexarse cun ordenador. Concellería de Igualdade. Casa das Mulleres. (luns, mercores e xoves de 17,45 a 19,00h). Xaneiro a xuño e setembro a decembro. Durante o ano 2014, ampliáse un días máis (luns, martes, mercores e xoves). Ano 2013 e Ano 2014.
- Curso "*Redes sociais para a acción feminista*". Mulheres Nacionalistas Galegas. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2014.

- Curso "Iniciación Informática para mulleres". Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade Ano 2014.
- Curso "Informática e Internet". AA.VV. Calvario. Programa de Subvencións da Concellería e Igualdade. Ano 2014.
- Curso "Alfabetización en TIC para mulleres". Asociación Curva de San Gregorio. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- Curso "Tecendo na web" 2.0. FORGA. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.

Relatorio de Accións parcialmente Desenvolvidas

5.A.3. Realización de accións de formación sobre xénero e violencia dirixidas ás persoas mediadoras interculturais.

Considerase esta acción parcialmente desenvolvida porque aínda que non se realiza formación específica para estas profesionais, algúna mediadora intercultural participou no Obradoiro de Xénero e Igualdade de Oportunidades organizados na Casa das Mulleres no ano 2011.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas


5.A.2. Realización de actividades de concienciación e formación sobre xénero e igualdade de oportunidades dirixidas aos homes inmigrantes.

5.A.5. Elaborar e editar material informativo sobre xénero e violencia dirixido ás mulleres con deficiencias sensoriais.

5.A.6. Adaptar a páxina Web de Concellería de Igualdade ás persoas con deficiencias sensoriais.

3.1.6. Resumo Eixe 1

Desenvolvemento Xeral EIXE 1



O gráfico anterior relativo ao resumo do Eixe 1 revela que estaban deseñadas 63 accións, das que se desenvolveron un total de 47 (75%). As accións non desenvolvidas son 15, e as parcialmente desenvolvidas 1.

A análise por áreas reflícte que as áreas que máis medidas executaron foron Educación en Igualdade (16) e Violencia de Xénero (15), seguida da de Conciliación e Corresponsabilidade que desenvolveron 8 accións. As demais áreas levaron a cabo idéntico número de accións (4). Respecto das accións non desenvolvidas, o máior número corresponde á área de Conciliación e Corresponsabilidade (6). Únicamente a área de Atención a Diversidade presenta unha acción parcialmente desenvolvida.

3.2 EIXE 2: EMPODERAMENTO, VISIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

EIXE 2: EMPODERAMENTO, VISIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN ECONÓMICA									
ÁREAS	OBXECTIVOS	Accións Desenvolvidas		Accións Parcialmente Desenvolvidas		Accións Non Desenvolvidas		TOTAL Accións	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
ÁREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	1.C. Visibilizar a situación social das mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento das distintas sociedades, reconecendo a súa participación e as súas achegas aos distintos campos.	7	100%	0	0%	0	0%	7	100%
	1.D. Fomentar a participación e representación das mulleres no proceso de toma de decisións	5	83%	1	17%	0	0%	6	100%
	TOTAL ÁREA 1	12	92%	1	8%	0	0%	13	100%
ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2.D. Realizar actividades que poñan en valor as aportacións realizadas polas mulleres ao mundo económico	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	TOTAL ÁREA 2	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	3.B. Propiciar o desenvolvemento de accións que fomenten a participación en igualdade de mulleres e homes nas empresas coa finalidade de facer cumprir as previsións legais existentes no ámbito laboral	4	67%	1	17%	1	16%	6	100%
	TOTAL ÁREA 3	4	67%	1	17%	1	16%	6	100%
AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	4.C. Visibilizar e previr a violencia de xénero mediante a elaboración de informes e estudos relativos á violencia de xénero.	1	50%	0	0%	1	50%	2	100%
	TOTAL ÁREA 4	1	50%	0	0%	1	50%	2	100%
AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5.B. Fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres mediante o recoñecemento da diversidade.	3	100%	0	0%	0	0%	3	100%
	TOTAL ÁREA 5	3	100%	0	0%	0	0%	3	100%
TOTAL EIXE 1		22	85%	2	8%	2	7%	26	100%


O Eixe 2 de Empoderamento, Visibilización e Participación Social ten como obxectivo xeral promover as condicións que permitan incentivar os procesos de empoderamento e visibilización das mulleres do municipio. Deste eixe despréndense 5 áreas de intervención, 6 obxectivos específicos e 26 accións establecidas para cumprimentalo.

A táboa anterior revela o alto índice de desenvolvemento deste eixe, das 26 accións establecidas, 22 foron executadas, representan o 85%. As accións non desenvolvidas foron 2 ao igual que as parcialmente desenvolvidas.

Analizando por áreas atopamos que a de Educación en Igualdade tiña formuladas 13 accións das cales acometeu a maioría (12). A área de Conciliación e Corresponsabilidade establece 2 accións que foron desenvolvidas na súa totalidade ao igual que a área de Atención á Diversidade que acometeu as 3 accións fixadas no Plan. A área de Participación Económica realiza 4 das 6 formuladas, e a de Violencia de Xénero acomete 1 das 2 que tiña formuladas.

3.2.1. Área 1: Educación en Igualdade

Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social
Área 1: Educación en Igualdade



A análise da área de Educación en Igualdade do Eixe 2 permite visibilizar que a casi totalidade das accións deseñadas (12) foron desenvolvidas agás unha que foi parcialmente desenvolvida.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O Obxectivo Xeral desta área é Promover o empoderamento das mulleres mediante a visibilización da súa contribución á sociedade e fomentar a súa participación nos órganos de representación municipais.

Deste obxectivo despréndense dous obxectivos específicos. O primeiro, 1.C. Visibilizar a situación social das mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento das distintas sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente veñen realizando e recoñecendo a súa participación e as súas achegas aos distintos campos. Para dar cobertura a este obxectivo deseñáronse 7 accións.

1.C.1. Elaboración e edición dun manual con perspectiva de xénero sobre as distintas conmemoracións escolares oficiais que se celebran ao longo do curso escolar (Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día Mundial do ambiente, Día do Libro, Día Mundial da Saúde...). Para cumprimentar esta acción realizouse o Manual "*Datas e Datos para lembrar en pé de igualdade... e non esquecer o resto do ano*". A elaboración e edición deste manual con perspectiva de xénero sobre as distintas conmemoracións escolares oficiais que se celebran ao longo do curso escolar: Día da Muller, Día do Libro, Día do Medio, Días dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día da Liberdade de Prensa, Día do Consumo Responsable, Día Mundial da saúde, Día das Letras Galegas, Día de Europa e Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía. Editáronse 1.000 exemplares. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

1. C.2. Elaboración e edición dun estudo sobre a situación social das mulleres de Vigo.

Elaboración do *"Informe Territorial dende a perspectiva de xénero sobre a situación social das mulleres e homes de Vigo 2013"*. Estudo realizado pola Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo, en colaboración coa Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado dentro do Plan de Emprego do Concello de Vigo 2012. Este estudo preséntase publicamente na programación da Casa das Mulleres o día 17 de abril de 2013.

1.C.3. Creación dunha Escola de Feminismo e Liderazgo concibida como espazo para o encontro, o debate, a reflexión, a análise e a creación do coñecemento feminista.

Para executar esta acción non se creou unha Escola de Feminismo e Liderazgo, non obstante, a Concellería de Igualdade desenvolveu actividades dirixidas a fomentar a reflexión, análise e o coñecemento das teorías feministas.

O 25 de marzo de 2010 inaugúrase o Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo, dependente da Concellería de Igualdade. Comeza a súa andadura como un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas. Desenvolve unha programación periódica de actividades (presentación de libros, charlas, debates, exposición...) todas relacionadas co feminismo e a igualdade de oportunidades.

- *Centro de Documentación e Recursos Feministas*. Actividades realizadas durante o ano 2011.
 - Presentación de libros: actividade realizada co obxectivo de visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres.
 - Ciclo de charlas sobre mulleres con discurso feminista: "Mulleres con Historia": Teñen como obxectivo: visibilizar e coñecer o pensamento das mulleres que destacaron na historia polo seu discurso feminista e pola defensa dos dereitos das mulleres.
 - Cafés Literarios: Club de Lectura do CDR. Os seus obxectivos son: fomentar o interese polas obras de creación e pensamento de mulleres; favorecer o coñecemento de distintas escritoras e as súas obras e estimular o diálogo e os debates literarios des de unha perspectiva de xénero.

- *Centro de Documentación e Recursos Feministas*. Actividades realizadas durante o ano 2012.
 - Presentación de libros: realizado co obxectivo de visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres.
 - Faladoiro de libros. Organizado co obxectivo de visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres que, sen constituir novidades editoriais, son de interese para os obxectivos do CDRF.
 - Ciclo de charlas: Historia das Mulleres de Galicia co obxectivo de visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres e favorecer o coñecemento das mulleres en Galicia a través da historia.
 - Ciclo de charlas "A representación feminina en distintas creacións literarias". Obxectivo: visibilizar a autoría feminina nas distintas creacións literarias máis minoritarias e analizar o tratamento das mulleres nas distintas creacións literarias.
 - Cafés Literarios: Club de Lectura do CDRF. Os seus obxectivos son: fomentar o interese polas obras de creación e pensamento de mulleres; favorecer o coñecemento de distintas escritoras e as súas obras e estimular o diálogo e os debates literarios dende unha perspectiva de xénero.
 - "Almorzos literarios con..." Actividade incluída na acción "Marzo, encontros con escritoras" organizada pola Concellería de Igualdade. Ano 2012.

- *Centro de Documentación e Recursos Feministas*. Actividades realizadas durante o ano 2013.
 - Presentación de libros. Obxectivo: Visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres.
 - Faladoiros de libros: Obxectivo: Visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central ás mulleres que, sen constituir novidades editoriais, son de interese para os obxectivos do CDRF.

Ciclo de charlas "Historias vividas e contadas polas súas protagonistas". Obxectivos: Visibilizar e recoñecer a existencia e o traballo de varias mulleres que desde distintos ámbitos aportaron algo á nosa cidade e ao noso país. escoitar, a través de entrevistas, as palabras das propias protagonistas e as súas historias de vida.

Ciclo de charlas "Novas creadoras, novos valores. Obxectivos: visibilizar ás mulleres que representan novos valores no campo da creación e analizar a súa situación desde a perspectiva de xénero.

"Cafés literarios": Club de lectura do CDRF. Os seus obxectivos son: fomentar o interese polas obras de creación e pensamento de mulleres; favorecer o coñecemento de distintas escritoras e as súas obras e estimular o diálogo e os debates literarios dende unha perspectiva de xénero.

Presentación de "A Segra. Plataforma de crítica literaria feminista" o día 28 de febreiro pola Concelleira de Igualdade, Isaura Abelairas, María Reimóndez e Susana Sánchez Arines de Implicadas no Desenvolvemento. O CDRF colabora recepcionando as obras envíen as escritoras para que as críticas as podan recoller e albergarán as doazóns das obras que as editoriais envíen para recensionar.

- *Centro de Documentación e Recursos Feministas*. Actividades realizadas durante o ano 2014.

Presentación de libros. Esta actividade ten como obxectivo visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central as mulleres.

Faladoiros de libros: Obxectivo: visibilizar as publicacións de autoría feminina ou que teñan como temática central ás mulleres que, sen constituir novidades editoriais, son de interese para os obxectivos do CDRF.

Ciclo de Charlas: Galegas con lenda que teñen como obxectivo visibilizar e descubrir datos biográficos de mulleres galegas d outras épocas que deixaron pegada na tradición oral.

"Cafés literarios": Club de lectura do CDRF. Obxectivos: Fomentar o interese polas obras de creación e pensamento de mulleres; Favorecer o coñecemento de distintas escritoras e as súas obras; Estimular o diálogo e os debates literarios desde unha perspectiva de xénero.

- A Revista "Festa da Palabra Silenciada", é unha publicación promocionada pola Concellería de Igualdade, producida por Feministas Independentes Galegas e dirixida por M^a Xosé Queizán co propósito de sacar da escuridade a escrita feminina e as teorías feministas vixentes. Durante o período de vixencia do Plan a Concellería de Igualdade colabora coas seguintes revistas:

Revista Festa da Palabra silenciada: nº 25 . "25 anos de cultura feminista". Ano 2009.

Revista Festa da Palabra silenciada: nº 26. "Actualizar a Rosalía". Ano 2010.

Revista Festa da Palabra Silenciada: nº 27. "As Nobel científicas". Ano 2011.

Revista Festa da Palabra Silenciada: nº 28. "Clara Zetkin". Ano 2012.

Revista Festa da Palabra Silenciada : nº 29: "30 anos de Festa". Ano 2014.

1.C.4. Creación do Observatorio Municipal de Xénero que teña como función recoller as queixas e suxestións da cidadanía en relación coa igualdade de xénero, habilitando para elo, un espazo Web con correo electrónico e dando conta periodicamente desta xestión ao Consello Municipal da Muller.

Creación do Observatorio Municipal de Xénero ao que se pode acceder a través da web Igualdadevigo.org. É un instrumento do Concello de Vigo que ten como función recoller as queixas e suxestións da cidadanía así como das súas organizacións en relación coa igualdade de xénero. Este instrumento responde tamén á necesidade de avanzar cara á obtención do diagnóstico e análise sobre a situación das mulleres na cidade de Vigo. Concellería de Igualdade. Ano 2010. A continuación expoñense as queixas realizadas durante a vixencia do IV Plan.

Durante o ano 2011 recollense 6 queixas:

- A primeira denunciando o contido da frase escrita nunha camiseta do Rei Zentolo: " A violencia non é o camiño, pero unha hostia a tempo...". Dende a Concellería de Igualdade tramítase a queixa e envíase unha carta a este establecemento.
- A segunda queixa é sobre unha viñeta de Chinto e Quinto publicada na Voz de Galicia sobre a discriminación. A Concellería de Igualdade tramita á queixa trasladándoa ao director de La Voz de Galicia.
- A terceira queixa é sobre un anuncio da empresa KH Lloreda SA referente a quitagraxas KH onde se utiliza o corpo da muller como obxecto sexual. Escríbese unha carta de queixa a dita empresa.

- A cuarta fai alusión ao anuncio de IHLE rodas co lema: "Todos los neumáticos son redondos, solo los nuestros traen premio" empregando o corpo dunha muller en bikini. Esta queixa derivase tamén á Secretaría Xeral da Igualdade e ao Instituto de la Mujer.
- A quinta é sobre o artigo de Cesar Casas publicado na Voz de Galicia o 02/3/2011 "Diosas en la alfombra roja" onde se fai alusión á vestimenta feminina con reflexións e apreciacións que mostra ás mulleres como meros obxectos sexuais. Envíase unha carta de queixa á dirección deste xornal.
- A seguinte queixa é sobre unha campaña da ONG Proyecto Mundo por distribuír materiais en función do sexo nunha campaña dirixida a recoller material para as nenas e nenos de Cuba e Salvador. Faise unha distribución sexista dos materiais, adxudicando libros aos nenos e peluches ás nenas. Envíase unha carta á ONG.
- A última queixa deste ano é para o Concello de Vigo sobre o uso sexista do Bus na cidade, Esta queixa é apoiada polo Consello Municipal da Muller.

Durante o ano 2012 recolléronse as seguintes suxestións:

- Volve a presentarse a mesma queixa que o ano anterior sobre as camisetas do Rei Zentolo. Denúnciase que continúan a ter a camiseta co mesmo lema. Vólvese a remitir unha carta a este establecemento.
- Outra sobre unha oferta de emprego aparecida en Milanuncios.com onde se ofrece emprego para empregada de fogar máis sexo. Derívase ao Instituto de la Mujer o 15/03/2012.

No ano 2013 recólense cinco queixas.

- A primeira é a realizada pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos tratos sobre unha noticia titulada "Rentería suspende los actos de la mujer fallecida hasta aclararse los motivos" publicada na edición do País Vasco do periódico El País. Neste artigo faise alusión ás denuncias falsas. Trasládase a queixa ao director do País e tamén ao director deste mesmo periódico no País Vasco e ao Instituto de la Mujer.
- A segunda é a relativa a un artigo aparecido na contraportada do Diario de Pontevedra onde se denigra á interventora do Concello de Pontevedra polo feito de ser muller. Envíase unha carta ao Diario de Pontevedra e ao grupo el Progreso.
- A terceira é acerca dunha oferta de emprego sexista aparecida no boletín Pontemprego onde se solicita azatata/o con altura mínima de 175 e talla 36. Envíase unha carta á empresa New Line e ao Instituto de la Mujer.
- A cuarta é acerca da Campaña Wapa Coruña 2013, "Antes muerta que sencilla" do Concello de A Coruña. Envíase unha queixa á Concelleira Delegada de Emprego, Empresa e Turismo, carta á que non hai resposta.
- A última é do Mercadillo Nadal onde aparece o lema " No todo el pescado está vendido" onde se expón a imaxe dunha muller en actitude sexista e sen roupa.

As queixas recibidas durante o ano 2014 son:

- A formulada pola Rede de Mediadoras recollendo a dunha muller que manifesta a situación de desprotección e vulnerabilidade das vítimas de violencia de xénero pola exposición pública do censo electoral. Trasládase a queixa ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad; ao Observatorio de Igualdade e ao Instituto de La Mujer.
- Finalmente a queixa sobre un cartel publicitario das rebaixas de verán das zapatarías Avelino González onde se utiliza o corpo da muller como obxecto sexual. Envíase unha carta á empresa

1. C.5. Habilitar un espazo na páxina Web da Concellería de Igualdade no que se recollan as actividades desenvolvidas polo movemento asociativo e feminista da nosa cidade.

Posta en marcha, no ano 2010, dun Espazo na Web de Igualdade onde as asociacións do Consello Municipal da Muller, poden incluír e actualizar as súas actividades e novidades.

1. C.6. Convocar encontros periódicos entre o Consello Municipal da Muller e os medios de comunicación.

Realízanse ao menos 2 encontros anuais coa prensa : A presentación da campaña do 8 de Marzo. "Día Internacional da Muller" e a presentación da campaña do "25 de novembro como Día internacional conta a Violencia de Xénero". Realizadas o 1º Trimestre e o 4º trimestre de cada ano.

1. C.7. Apertura, posta en marcha e difusión da Biblioteca e Centro de Documentación da Muller na Rede de Bibliotecas Públicas.

Apertura e posta en marcha do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo realizase o 25 de Marzo de 2010 nas instalacións da Biblioteca Central. Para elo, elaboráanse folletos informativos co obxectivo de difundir o servizo entre a cidadanía e axentes sociais.

Posteriormente, envíase unha carta dirixida á Consellería de Cultura e Turismo, Subdirección Xeral de Bibliotecas solicitando a súa integración e rexistro da Biblioteca do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Con data 10 de xuño de 2011 recíbese un oficio de dita Consellería indicando que, estiman non integrar neste intre na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia posto que esta é unha Biblioteca especializada e debería participar nas futuras redes de cooperación e coordinación das Bibliotecas especializadas que se poidan desenvolver ou coordinarse coa Biblioteca de Galicia que conta xa nestes momentos coa Biblioteca da Muller, sección Concepción Arenal.

Os días 4 e 5 de outubro de 2012 celebrouse no CDRF de Vigo o *XIX Encontro da Rede de Centros de Documentación e Bibliotecas de Mulleres*. O CDRF dependente da Concellería de Igualdade foi o encargado de organizar esta xornada anual que serve para analizar liñas de colaboración e debater diferentes propostas de actuación. O número de asistentes foi de 18 persoas representantes de 13 centros integrantes da Rede.

Para acometer o obxectivo específico 1.D. Fomentar a participación e representación das mulleres no proceso de toma de decisións, deseñáronse 6 accións:

1.D.1. Incremento do Servizo de Igualdade cunha praza de Axente de Igualdade coa finalidade de potenciar un equipo técnico especializado en igualdade de xénero.

Convocatoria de xeito oficial da Praza de Axente de Igualdade Interina (oferta de emprego de 2010) no mes de decembro de 2010, praza que foi cuberta e iniciou a súa actividade na Concellería a Axente de Igualdade o día 01 de febreiro de 2011.

1.D.2. Reactivación do Consello Municipal da Muller mediante a creación de Comisións de traballo, comezando pola creación da Comisión de Seguimento do Plan como órgano externo de seguimento e avaliación.

Para reactivar o Consello da Muller créanse diversas Comisións de traballo: Comisión de estudo de cambio de estatutos do Consello Municipal da Muller; Comisión do Premio Ernestina Otero; Comisión para presentar a candidatura M^a Xosé Queizán á Academia da lingua); Comisión do 25 Novembro e Comisión 8 de Marzo e Comisión de temas puntuais.

Con motivo da celebración dos *"20 anos de constitución do Consello Municipal da Muller 1993-2013"*, este organismo en colaboración coa Concellería e Igualdade, organiza un programa de actos que se desenvolven o día 2 de decembro de 2013. As actividades realizadas son:

- o Pleno específico do Consello Municipal da Muller no que interveñen 11 mulleres representantes do movemento asociativo de mulleres e feminista da cidade.
- o Inauguración da Exposición "20 anos de historia do Consello Municipal da Muller de Vigo". Lonxa do Concello.
- o Mesa redonda "20 anos de historia do Consello Municipal da Muller de Vigo". Casa Galega da Cultura.

1.D.3. Potenciar a Casa das Mulleres como espazo de referencia e encontro para as asociacións e colectivos de mulleres, incrementando as súas prestacións e horario coa finalidade de potenciar a participación e empoderamento das mulleres.

Posta en marcha dunha programación periódica e de organización de actividades diversas a desenvolver na Casa das Mulleres. Para potenciar e facilitar o seu uso, realizase a modificación do horario, (a apertura de tarde de 17,30 a 21,30h) para adaptalo ás necesidades das asociacións. Concellería de Igualdade. Ano 2010.

1.D.5. Incorporación no Consello Escolar Municipal dunha representante do Consello Municipal da Muller.

Aprobouse un novo regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo o 26 de outubro de 2009. O artigo 6 sobre a Composición do Consello Escolar Municipal establece no apartado VIII, unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.

1.D.6. Promoción dunha composición paritaria de mulleres e homes do Consello Escolar Municipal.

Apróbase un novo regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo o 26 de outubro de 2009. No artigo 6 sobre a Composición do CEM establece no apartado VIII, unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller. Neste mesmo artigo establece: "O nomeamento dos/as conselleiros/as deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller".


Relatorio de Accións parcialmente Desenvolvidas

1.D.4. Elaboración do Regulamento de uso da Casa das Mulleres en colaboración co Consello Municipal da Muller.

Esta actividade foi parcialmente desenvolvida, aínda que o Regulamento de uso da Casa das Mulleres foi elaborado, non foi aprobado. Non obstante, debido á gran demanda de ocupación de espazos, a Concelleira de Igualdade, con data 9 de maio de 2013 confecciona un decreto no que se estipula que co obxecto de que as actividades e actos que a Concellería de Igualdade programa no local municipal "Casa das Mulleres" se poidan desenvolver con toda normalidade, evitando interferencias ou molestias diversas que poidan ocasionarse debido á realización nas instalacións de dúas ou máis actividades simultáneas, resolve que se condicione a cesión e uso da Casa das Mulleres a que a Concellería de Igualdade non teña programado ningunha actividade coincidente en data e hora.

3.2.2. Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade

Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social
Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade



O gráfico anterior sobre o nivel de execución da área de Conciliación e Corresponsabilidade reflicte que das 2 accións deseñadas para acometela, ambas foron desenvolvidas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

A área "Conciliación e Corresponsabilidade ten como obxectivo xeral, visibilizar e valorizar a participación das mulleres na economía mediante a súa contribución ao traballo produtivo e reprodutivo. O seu obxectivo específico 2.D. ten como finalidade realizar actividades que poñan en valor as aportacións realizadas polas mulleres ao mundo económico. Para acadalo fórmulanse dúas accións.

2.D.1. Elaboración e difusión dun informe/estudo que de a coñecer o valor económico e social do traballo doméstico e de coidados e facilite a comprensión do papel da produción doméstica e de coidados no conxunto da economía.

O informe "O traballo doméstico e de coidados no Concello de Vigo" finalizado en setembro do 2013, foi elaborado pola Asociación de Mulleres Progresistas en colaboración coa Concellería de Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

2.D.2. Organización de actividades e actos, que difundan as reivindicacións do Consello Municipal da Muller en torno a: valorizar o traballo doméstico, estender o Réxime da Seguridade Social ás empregadas do fogar, incrementar os servizos de conciliación e flexibilidade horaria, etc. Esta acción desenvólvese mediante as seguintes actividades:


- *Relatorio: "Real Decreto 1620/2011: Información básica e necesaria para as empregadas do fogar."* Charla informativa que ten como obxectivo dignificar a profesión das empregadas domésticas a través de testemuñas reais. Así como, dar a coñecer os novos cambios lexislativos, os dereitos que entran en vigor e aclarar dúbidas.

A continuación realízase a *Proxección da curtametraxe "Esquecidas"*, realizada pola Asociación Xiara (Plataforma pola dignificación do emprego do fogar). Data: Venres, 13 de abril ás 20.00h. Colabora: Asociación "Xiara" (Plataforma pola dignificación do emprego do fogar) Intervenien: Teresa Rodríguez e Mercedes Andrade. Participan: 9 mulleres. Casa das Mulleres. Ano 2012.

- *Obradoiro: "O prezo do tempo. O papel das mulleres maiores na conciliación"*. Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Participan 16 mulleres. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Ponencias: "Ferramentas para a xestión intelixente dos coidados en equipo" e "A construción social do xénero. A responsabilidade nos coidados"*. Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Obxectivo: Analizar as características sexistas da división sexual do traballo e valorar o traballo de coidados e recoñecemento das tarefas de coresponsabilidade. Participan 21 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *XXI Xornadas das Mulleres Veciñais baixo o título: "A conciliación laboral e familiar"*. Federación Veciñal Eduardo Chao. Ponencias: "As políticas de conciliación das empresas"; "Diversidade entre mulleres e homes: Repercusións e consecuencias. Dereitos e obrigas" ; "Medidas, programa e proxectos de conciliación." Data: 24 e 25 outubro 2013. Convenio de colaboración da Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *"Nós contamos. Empoderándonos para conciliar"*. Asociación Veciñal de Navia.
Módulo 1: Autoconecemento; Módulo 2: A Historia non contada das mulleres; Modulo 3: Hoxe tamén participo;
Módulo 4: Rompendo a fenda nas novas tecnoloxías. Participan 14 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *"Corresponsabilidade e cambio de roles no núcleo familiar"*. Casa de Andalucía. Participan 12 mulleres e 11 homes. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013

3.2.3. Área 3: Participación Económica

Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social
Área 3: Participación Económica



O gráfico anterior reflicte que das 6 accións programadas para acometer esta área desenvolverónse a maioría 4, sendo parcialmente desenvolvida 1 e non desenvolvida outra.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral desta área é incluír o principio de igualdade de oportunidades no eido laboral a través de medidas que fomenten a participación en equidade de mulleres e homes. Ten como obxectivo específico, o 3.B. propiciar o desenvolvemento de accións que fomenten a participación en igualdade de mulleres e homes nas empresas coa finalidade de facer cumprir as previsións legais existentes no ámbito laboral.

3.B.1. Realización dunha campaña dirixida ao ámbito empresarial coa finalidade facer cumprir as previsións legais existentes no ámbito laboral para contribuir á eliminación das discriminacións existentes nas empresas e favorecer a erradicación dos estereotipos de xénero no ámbito laboral.

- Realización do Almorzo de traballo: *"Instrumentos para integrar a Igualdade e a Conciliación nas empresas"* realizado pola Fundación Mujeres a través dunha subvención da Concellería de Igualdade. O lugar de realización do almorzo foi no local da Confederación de Empresarios de Vigo o 28 de novembro 2012. Esta actividade ten como obxectivos:
 - o Coñecer as vantaxes que ten a aplicación de medidas de igualdade e como estas inciden dun xeito beneficioso na produtividade da empresa.
 - o Coñecer as boas prácticas que permiten aplicar directamente nas súas empresas medidas e plans de igualdade, dunha forma sinxela.

Enviáse unha invitación para participar no almorzo a un total de 314 empresas de Vigo (entre 25 e 250 traballadores/as). Finalmente participaron 12 empresas representadas por 7 mulleres e 5 homes con cargos de responsabilidade.

- Elaboración dos folletos/guía: *"As empresas de Vigo, Espazos para a Igualdade"* e *"As empresas de Vigo, Claves para Conciliar"*. Realízase un mailing para a súa difusión, distribúense 2.000 folletos entre 158 empresas da cidade. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

3.B.2. Realización de accións de información dirixidas ás persoas responsables da selección de persoal das empresas, co obxectivo de facer cumprir as previsións legais existentes dirixidas á participación igualitaria de mulleres e homes nos procesos de selección, recrutamento e promoción.

- Organízase o Almorzo de traballo *"Instrumentos para integrar a igualdade e a Conciliación nas empresas"* na Confederación de Empresarios) o 28 de novembro de 2012. Neste Almorzo desenvólense as ponencias:
 - o "Marco Normativo: A Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes: Implicacións para as empresas".
 - o "Proceso de integración de igualdade nas empresas"
 - o "Deseño e desenvolvemento de Plans e Medidas de Igualdade".
 - o "Debate sobre as necesidades das empresas para incorporar a igualdade na xestión dos recursos humanos".

- Proporcionase tamén información ás empresas a través dos folletos/guía *"As empresas de Vigo, espazos para a igualdade"* e *"As empresas de Vigo, Claves para Conciliar"*. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

3.B.3. Difusión entre o empresariado da zona das distintas medidas existentes dirixidas ao fomento de emprego para a contratación feminina.

Esta actividade execútase tamén a través do Almorzo de traballo *"Instrumentos para integrar a igualdade e a Conciliación nas empresas"*, onde se difunden as medidas dirixidas ao fomento da contratación feminina. Confederación de Empresarios o 28 de novembro de 2012. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

3. B.4. Impulso á realización de Planes de Igualdade nas empresas como estratexia para fomentar o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes contemplado na lexislación vixente.

Esta actividade acométese mediante o Almorzo de traballo *"Instrumentos para integrar a igualdade e a Conciliación nas empresas"* na Confederación de Empresarios o 28 de novembro de 2012. Durante esta xornada traballase o Deseño e desenvolvemento de Plans e Medidas de Igualdade nas empresas. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

Relatorio de Accións parcialmente Desenvolvidas

3. B.6. Elaboración e difusión do Plan de Igualdade da Administración Local como instrumento fundamental tanto para a posta en marcha de políticas públicas de igualdade como para integrar a perspectiva de xénero na organización municipal.


Esta acción considérase parcialmente desenvolvida xa que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, elabora un Plan de Igualdade da Administración Local entre os anos 2008 e 2009. Dito Plan non chega a aprobarse por quedar pendente de introducir no Convenio Colectivo.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

3.B.5. Incluír cláusulas de contratación con empresas e outras entidades obxecto de adxudicación pública, actuacións que promovan a igualdade: formación en xénero para o cadro de persoal, utilización dunha imaxe e linguaxe non sexista, así como medidas que faciliten a conciliación da vida laboral, familiar e persoal das traballadoras e traballadores.

3.2.4. Área 4: Violencia de Xénero

Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social Área 4: Violencia de Xénero



O gráfico anterior revela que esta área tiña deseñadas 2 accións a desenvolver das cales, 1 foi executada e outra non.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O Obxectivo xeral da área dé Promover a concienciación e prevención da violencia de xénero a través de medidas que fomenten a visibilización deste fenómeno.

Establece como obxectivo específico 4.C. Visibilizar e previr á violencia de xénero mediante a elaboración de informes e estudos relativos á violencia de xénero. Para acadar estes obxectivos deseñáronse as seguintes accións:

4.C.1. Difundir, con periodicidade anual, material informativo sobre a incidencia da violencia de xénero na cidade.

Anualmente, a Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller difunden os datos relativos á incidencia da Violencia de xénero dentro da Campaña para conmemorar o 25 de Novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero". Danse a coñecer os datos de atención no Centro de Información Municipal dos Dereitos da Muller, e os relativos ás vítimas de violencia de xénero. Ademais mensualmente, a Rede de Mulleres contra a Violencia convoca tódolos últimos xoves de mes, unha concentración onde se lee un comunicado de rexeitamento e se dan a coñecer os datos das mulleres vítimas. A Concellería de Igualdade ten firmado un Convenio de colaboración coa Rede para levar a cabo estas actividades.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

4.C.2. Elaborar e difundir unha investigación sobre as actitudes e crenzas que os e as adolescentes de Vigo teñen sobre a violencia de xénero.

3.2.5. Área 5: Atención á Diversidade

Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social Área 5: Atención á Diversidade



O gráfico anterior reflicte que o Plan establecía na área de Atención á Diversidade 3 accións a desenvolver e todas foron executadas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral da área de Atención á Diversidade é: Fomentar o recoñecemento da diversidade de mulleres e promover a súa visibilización. Esta área ten como obxectivo específico o 5.B: Fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres mediante o recoñecemento da diversidade.

5.B.1. Inclusión, nas actividades de concienciación que se realicen, o recoñecemento da diversidade de mulleres (diversidade funcional, maiores, inmigrantes...) como estratexia para rachar coa visión homoxeneizadora existente e potenciar a súa visibilización.

Esta acción desenvólvese fundamentalmente a través do Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade coas diversas asociacións de: persoas xitanas, prostituídas, xordas, inmigrantes.etc.

- "*Muller, educación para a Saúde*". Asociación para o Síndrome de Down. Anos 2010; 2011; 2012; 2013 e 2014.
- "*Empoderamento das mulleres xordas*". Anos 2010; 2011; 2012; 2013; e 2014
- Celebración do "*Día do Orgullo LGTB 2010: ano para transformar*". Asociación Nos Mesmas. Obxectivo: Visibilizar o lectivo LGTB. Participan 200 persoas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010. Actividades realizadas:
 - o Charla: Diversidade afectivo-sexual. Participan 15 mulleres. Asociación Nos Mesmas
 - o Charla por dentro e por fora. Eu mesma. Participan 18 mulleres. Asociación Nos Mesmas
 - o Charla: Historia da muller lesbiana e bisexual
 - o Educación de xénero heterosexista e as súas repercusións.
- Celebración do "*Día do Orgullo LGTB 2011.Ano pola diversidade familiar*."Asociación Nos Mesmas 2011. Obxectivo de fomentar a inclusión e o recoñecemento das familiar homoparentais na sociedade. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011. Actividades realizadas:
 - o Concurso de fotografías "A miña visión do Orgullo"; Exposión de fotografías.Casa das Mulleres.
 - o Campionato futbol sala e xantar popular, Manifestación e lectura de manifesto.
 - o Visionado e debate do documental: "Homobaby boom". Participan 35 mulleres.
 - o Actividades lúdicas para cativos e cativas.
 - o Actos de visibilidadelésbica que teñen como obxectivo: empoderar ás mullereslésbicas a través da ideoloxía feminista para vivir unha sexualidade plena.Participan: 45 persoas
 - o Mesa redonda: lesbofobia no ámbito educativo e laboral. Participan 20 mulleres e 1 home.
 - o Semana contra a lgtbfóbica. Exposición fotográfica. Participan 28 mulleres.

- o Proxección de películas e Mesa informativa
 - o Guía e kit sexo + seguro para MSM. Co obxectivo de fomentar as prácticas e condutas saudables así como as visitas xinecolóxicas. Participan 10 mulleres.
- *"Cnstruido Igualdade. Transformando a sociedade"*. Asociación Nos mesmas. Obxectivo: fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres lésbicas e bisexuais mediante o recoñecemento da diversidade por parte da sociedade; e sensibilizar á sociedade sobre a dobre e triple discriminación que vive o colectivo así como o empoderamento das mulleres implicadas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012. Actividades realizadas:
- o EnREDEmonos. Obxectivo: consecución do autorespecto e autoconceito para acadar o poder de negociación dos propios intereses.
 - o Exposición de Curtametraxes sobre temas lésbicos
 - o Mesa redonda "Lésbico e trans, e nai e xoven...lésbica e muller"
 - o Campaña de Visibilización da realidade LGTB
 - o IV Semana contra a LGTBfobia: proxección de películas e posterior debate. Presentación da Campaña:
 - o Flashmob na rúa; proxección dun documental ; Certame de relatos "Nos Mesmas"; RuralEs e Bisibles.
- *"Construído a igualdade. Transformado a sociedade"*. Asociación Nos Mesmas. Obxectivo fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres lésbicas e bisexuais mediante o recoñecemento da diversidade por parte da sociedade. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013 Actividades realizadas:
- o Xornada "Un día de coidados para mis mamás. Obxectivo: acadar o autorespecto e autoconfianza nas mulleres lésbicas e bisexuais. Data: 12 outubro. Participan 4 familias diversas, 6 mulleres e 5 crianzas.
 - o Encontro de autoafirmación feminista de mulleres lésbicas e bisexuais co obxectivo de propiciar cambios na comunidade, fomentar vínculos e apoios e recoñecemento para o colectivo LGTB. Data: 7 de xullo. Participan: 16 mulleres.
 - o Día Internacional da Visibilidade lésbica do 18 ao 28 de abril. Actividades: Proxección de película; proxección do vídeo "Bollera e Visible"; Flashmob; e obradoiro/merenda "...e que facemos agora? Activismo lésbico en Vigo. Casa das Mulleres; e ruta de sendeirismo. Participan 64 mulleres.
 - o Día Internacional contra a LGTBfobia do 13 ao 18 de maio. Actividades realizadas: Cineforum. Participan 36 mulleres. Presentación do estudo "Acoso escolar Homofóbico. Risco de suicidio". Participan 13 mulleres. Campaña educativa "Por unha escola sen armarios". Participan 62 centros educativos.
 - o Día Internacional da Bisexualidade do 9 ao 27 de setembro. Actividades realizadas: II Certame de relato "Muller bisexual, muller ponderada". Actividade cancelada debido á baixa participación.
- *"Semana do Orgullo LGTB"*. Do 25 ao 29 de xuño 2013. LGTB e Asociación Nos Mesmas. Ano 2013.
- o Exposición: "Visibilidade e activismo." Obras da colección Visble de arte LGTB. Casa das Artes.
 - o Documental "Arte Gay busca casa". 26 xuño .Casa Galega da Cultura.
 - o Acto informativo e actividades para xente moza. 27 xuño. Farola de Urzaiz. Asociación Nos Mesmas.
 - o Conferencia "A crise e os valores" a cargo de Angeles Alvarez. 27 xuño. Salón Actos Museo Marco.
 - o Conversas con Teresa Moure e Alfredo Saborido "O xénero na construción da sexualidade". 28 de xuño na Federación Veciñal. Asociación Nos Mesmas.
 - o Performance "Over de raibow" e actuación da Escola de danza Media Punta con Breackthu". Rúa Príncipe. 28 de xuño. Rúa do Príncipe.
 - o Orgullo Vigo 2013. Shangay Lily e Djs Samantha Clavario e Lano del Rey. Praza da Constitución.
 - o Contacontos "Unha parella diferente". Biblioteca Central. Asociación Nos Mesmas. 29 de xuño.
 - o Manifestación: "Liberdade sen recortes". Convoa Asociación Nos Mesmas. 29 de xuño.
 - o Festa diversa. Praza da Pedra. 29 de xuño. Asociación Nos Mesmas.

- *Celebración do Orgullo Vigo 2014 baixo o lema " Polos dereitos humanos LGTB".* Asociación Nos Mesmas. Actividades realizadas:
 - o Festa do Orgullo na Praza da Pedra.
 - o Exposición fotográfica na rúa do Príncipe e Exposición na Biblioteca Pública
 - o Izada da bandeira no Concello de Vigo
 - o Documental "Mujer (es) Mujer". Casa das Mulleres
 - o Obradoiro de "Aautoerotismo feminino" no Café Bar La Historia.
 - o Lectura aberta Monique Wittig na Praza da Constitución
 - o Presentación do libro "Sangue Doce" no Plaff
 - o Curtametraxes "La Pecca Selección" no Museo Marco
 - o Contacontos infantil na Praza da Constitución
 - o Manifestación: "Polos dereitos humanos LGTB". Pregón a cargo de Beatriz Suárez Briones.
 - o Encontro-xantar, Alcabre.

Ano 2013 e 2014_a Concellería de Igualdade subvencióna á celebración do Día do Orgullo LGBT o que permite a visibilización dos distintos colectivos a través da realización de diversas actividades actividades.

- Proxección do documental: *"Memorias das emigradas."Apuntamentos para un filme".* Intervén Margarida Ledo, guionista e directora do documental. *Data:* 19 setembro 2013. Participan: 19 mulleres. Casa das Mulleres. Sinopse: na primeira metade do século XX, milleiros de mulleres saíron soas de Galicia cara América. Moitas delas eran ilegais, con papeis que falsificaban a súa idade e mesmo a súa identidade. Ían destinadas a servir. "Apuntamentos para un filme " recolle testemuños dos que agroman persoaxes de ficción. Concellería de Igualdade. Ano 2013

5.B.2. Fomento da participación e empoderamento das mulleres maiores a través de actividades socioculturais e asociativas dirixidas ao avellentamento activo.

Esta acción desenvólvese mediante o Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Fundamentalmente a través da realización de actividades de Axilidade Mental , Memoria e de Actividades físicas. A continuación expóñense os cursos realizados polo movemento asociativo vigués durante a época de vixencia do IV Plan.

- *Axilidade Mental e práctica de memoria.* Asociación de Mulleres Dorna. 30 h. Participan 22 mulleres. Ano 2010
- *Curso de Adestramento da Memoria.* Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo". Participan 20 mulleres. Ano 2010.
- *Plan Muller en Coruxo.* Actividade: Manterse en forma e traballar no plano intelectual. Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo. Ano 2010.
- *Curso Actívale, potenciale a través do autoconecemento.* Asociación Veciñal e Cultural "Val do Fragoso". 2012
- *Curso Actívale, potenciale a través do autoconecemento.* Vogalía Muller Asociación Veciñal de Sárdoma "O Carballo". 2012.
- *Curso Actívale, corpo en mantemento.* Asociación Veciña "As Fontes-Vilar." Participan. 20 mulleres. 2012.
- *Curso Actividades de memoria e axilidade mental.* A. Veciños Fonte do Galo. Participan 18 mulleres. Ano 2012.
- *Curso de Adestramento da Memoria.* Asociación de Veciños "As Nosas Rúas". Participan 20 mulleres. Ano 2013
- *Curso Adestramento da Memoria.* Asociación Veciñal As Nosas Rúas. Ano 2014.
- *Curso Actívale, potenciale a través do coñecemento.* Asociación de Mulleres Dorna. Ano 2014.
- *Curso Actívale, potenciale a través do coñecemento.* Asociación Veciñal "As Fontes" de Lavadores. Ano 2014.
- *Curso Actívale, potenciale a través do coñecemento.* Asociación Veciñal de Sárdoma O Carballo. Ano 2014.
- *Curso Actívale, potenciale a través do coñecemento.* Sociedade Cultural e Recreativa de Pardavila. Ano 2014.
- *Curso Actívale, potenciale a través do coñecemento.* AVV Feira de Cabral. Ano 2014.
- *Curso de loga.* Asociación de Mulleres Rosalía de Castro. Participan 10 mulleres. Ano 2010.
- *Curso de loga.* A.V. Rosalía de Castro "A Salgueira". Participan 20 mulleres. Ano 2010.
- *Curso Mantemento Fisic.* Asociación de Mulleres Lúa de Bembrive. Participan 18 mulleres. Ano 2010.

- *Curso de Ximnasia de mantemento*. SCDR Helios. Participan 15 mulleres. Ano 2010.
- *Plan Muller en Coruxo. Actividade: Manterse en forma*. CRAC de Coruxo. Participan. 40 mulleres. Ano 2010.
- *Curso Pon en marcha as túas neuronas*. Asociación Veciñal Doutor Fleming. Participan. 40 mulleres. Ano 2010
- *Curso Sintome ben movendo o corpo*. Asociación de Veciños San Roque. 2010 e *Curso Mantemos a saúde facendo exercicio*. Asociación de Veciños San Roque. Participan en total 30 mulleres . Ano 2010.
- *Curso de loga*. Asociación de Mulleres Rosalía de Castro de Cabral. Participan 20 mulleres. Ano 2011.
- *Curso de loga*. Asociación Veciñal Rosalía de Castro "A Salgueira". Participan 20 mulleres. Ano 2011.
- *Curso Danzoterapia*. Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa "Helios". Participan 12 mulleres. Ano 2011.
- *Curso Mantemento Físico: Ximnasia, Aerobic, Taichi*. AVCD S.Miguel de Oia. Participan 87 mulleres. Ano 2011.
- *Plan Muller en Coruxo. Actividade: Manterse en forma*. CRAC de Coruxo Participan 40 mulleres. Ano 2011.
- *Curso Ocupate, conservate e divirtete*. Vogalía da Muller Centro CAR de Valladares. Ano 2011.
- *Curso Danzoterapia*. Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa " Helios". Participan 15 mulleres. Ano 2011
- *Curso Reláxome facendo exercicio*. Asociación Veciñal San Roque. Participan 25 mulleres. Ano 2011.
- *Curso Deporte e Saúde*. Asociación Veciñal Fonte do Galo. Participan 48 mulleres. Ano 2011.
- *Obradoiro Eu me coido, Eu te coido*. Fundación Secretariado Gitano. Participan 10 mulleres. Ano 2011
- *Curso de Pilates*. Asociación de Mulleres Rosalía de Castro de Cabral. Participan 20 mulleres. Ano 2012.
- *Curso de Ximnasia de mantemento*. S CDR " Helios". Participan 19 mulleres. Ano 2012.
- *Curso Actividades de Mantemento Físico*. AVCD S.Miguel de Oia. Participan 30 mulleres. Ano 2012.
- *Curso Actíivate, corpo en mantemento: Taichi, Danza Oriental*. Asociación Veciñal Doutor Fleming. Participan. 32 mulleres. Ano 2012.
- *Plan Muller en Coruxo*. Actividade: Manterse en forma CRAC de Coruxo. Participan. 47 mulleres. Ano 2012.
- *Beade en contínuo avance*. Curso de risoterapia. AVCV de Beade. 2012 e *Beade en contínuo avance: Curso de relaxación*. AVCV de Beade. Ano 2012 .
- *Curso Ocupate, conservate e divirtete*. Vogalía da Muller CCAR de Valladares. Participan 14 mulleres Ano 2012.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do autoconecemento*. ACR de Pardavila. Participan 17 mulleres. Ano 2012.
- *Curso Coidamos a nosa saúde. Pilates*. Asociación Veciñal San Roque. Participan 20 mulleres. Ano 2012.
- *Curso de loga*. Sociedad Vecinal, Cultural e Deportiva Nautilus. Participan 17 mulleres. Ano 2013.
- *Curso de Pilates*. Asociación de Mulleres Lúa de Bembrive. Participan 14 mulleres . Ano 2013.
- *Curso de Ximnasia de mantemento*. SCDR Helios. Participan 20 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Mantemento Físico activo: Ximnasia, Taichi , Pilates , Aerobic, loga e ximnasia para maiores*. Asociación V. Cultural e Deportiva S.Miguel de Oia. Participan 154 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Saír da casa é vida: Taichi, Danza Oriental, loga e Zumba*. Asociación Veciñal Doutor Fleming. Participan. 62 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Teñámonos en conta: Pilates*. Vogalía da Muller CCAR de Valladares. Participan 40 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Mantemos en forma a mente e o corpo*. Asociación Veciñal San Roque. Participan 20 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do autoconecemento*. ACR de Pardavila. Participan 19 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do coñecemento*. Vog. Muller CCR de Cabral. Participan 15 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do coñecemento*. AA.VV. "As Fontes". Participan 20 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do coñecemento*. AV. "O Carballo" de Sárdoma. Participan 17 mulleres. Ano 2013.
- *Relaxación física e serenidade Mental*. Casa de Andalucía. Ano 2010.
- *Taller de autoaxuda e masaxe*. Casa de Andalucía. Ano 2010.
- *Curso Controla o teu peso equilibrando as túas emocións..* Asociación de Amas de Casa E Consumidores "Agarimo". Participan 16 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Actíivate, potenciaite a través do coñecemento*. Asociación de Mulleres Dorna . Participan 14 mulleres. Ano 2013.
- *Curso Melhorar las capacidades psíquicas e motrices das asistentes*. Asociación Gallega Amigos del Rocío. Ano 2014.
- *Actitude muller activa* Asociación Veciñal Doutor Fleming. Ano 2014.

- *Curso Mantemento Físico: Ximnasia, Aerobic, Taichi.* AVCR de S.Miguel de Oia. Participan 87 mulleres. Ano 2014.
- *Curso A terapia da masaxe.* AVCR San Mamede de Zamáns. Ano 2014.
- *Actitude muller activa* Asociación Veciñal Doutor Fleming. Ano 2014.
- *Curso Ocupate, conservate e divirtete. Teñámonos en conta.* Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares.2014.
- *Curso Ximnasia de Mantemento.* Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Helios. Ano 2014.
- *Curso Actívate e potencia a través do coñecemento.* Centro Recreativo e Cultural de Cabral. Ano 2014.
- *Curso Seguir en forma: Pilates.* Asociación Veciñal San Roque. Ano 2014.
- *Curso Búsqueda activa de emprego a través de internet.* Asociación Veciños Camiño Vello de Coia. Ano 2014.
- *Curso Búsqueda activade emprego a través de internet.* Asociación Veciñal Cristo da Victoria. Ano 2014.
- *Plan Muller Coruxo 2014.* Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo. Ano 2014.
- *Curso Psicología práctica para a vida.* Asociación Veciñal Fonte do Galo. Ano.2014.

5.B.3. Adaptación dos Servizos municipais dirixidos ás mulleres á accesibilidade arquitectónica.

Durante a vixencia do Plan levaronse obras de acondicionamento en distintos Servizos Municipais, na Casa das Mulleres e o Centro de Emerxencia. Ambos locais adaptáronse colocando unha rampa de acceso e un baño para persoas con minusvalía.

Realizáronse tamén obras de acondicionamento no local do Equipo de Vixilancia e Apoio Policial (EVAP) coa finalidade de adaptalo ás necesidades das mulleres vítimas de violencia. As obras consistiron nun mellor acondicionamento das instalacións, en facer un despacho reservado para as entrevistas persoais coas mulleres que acuden á EVAP para que a súa entrevista sexa realizada nun lugar íntimo e reservado. As obras melloraron a accesibilidade, xa que as mulleres que acudían con carritos de bebé, ou cadeiras de rodas, apenas podían pasar polos espazos disponibles. Tamén se melloraron as indicacións da unidade e o espazo xeral das dependencias.

Respecto ao Eixe de Empoderamento, Visibilización e Participación Social, leváronse a cabo actividades que non poden ser encadradas nas accións deseñadas, pero que responden ao obxectivo xeral deste eixe: Promover as condicións que permitan incentivar os procesos de empoderamento e visibilización das mulleres do municipio. A continuación expoñense ditas actividades.

- *Elaboración de axendas fotográficas sobre mulleres en distintos oficios e/ou actividades.* O seu obxectivo é visibilizar ás mulleres en distintos oficios e actividades. Nº exemplares: 7.000 axendas. Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Celebración do 8 de Marzo "100 anos loitando, 100 anos creando" e celebración do 25 Novembro "Recortar Recursos é atender conta a Igualdade"* .Asociación Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Programa "Ser Muller é unha boa Idea"* . Programa de Ocio e Tempo Libre para Asociacións promotoras da Igualdade. A Concellería de Igualdade promove anualmente a convocatoria deste programa de formación persoal en colaboración con asociacións promotoras de igualdade da cidade. Os cursos desenvólvense nas asociacións de mulleres e vogalías da muller das asociacións veciñais adheridas. A Concellería de Igualdade oferta 52 horas de formación en cada asociación durante o período do programa que abrangue desde o mes de outubro a xuño do ano seguinte dirixido especialmente ás mulleres maiores de 18 anos.
Os cursos engloban diversas actividades formativas: Teatro; pilates, tai-chi; autoestima e crecemento persoal; ioga; axilidade mental e memoria: Coñece a cidade a través da súa historia e arte; Risoterapia; memoria e Canto tradicional.etc. Neste Programa participaron durante o período de vixencia do Plan un total de 10.150 mulleres e invertéronse un total de 15.052 horas de diversas especialidades formativas. A participación por anos nos cursos de formación é a seguinte:
 - o Outubro 2009 a xuño 2010: participan 48 asociacións con un total de 1.728 mulleres
 - o Outubro 2010 a xuño 2011: participan 48 asociacións con un total de 1.656 mulleres
 - o Outubro 2011 a xuño 2012: participan 46 asociacións con un total de 1.500 mulleres.
 - o Outubro 2012 a xuño 2013: participan 43 asociacións con un total de 1.360 mulleres.
 - o Outubro 2013 a xuño 2014: participan 31 asociacións con un total de 702 mulleres.

- *"III Acción Internacional da Marcha Mundial das Mulleres"*. Asociación da Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Participación en coordinadoras europeas da Marcha Mundial das Mulleres*. Asociación Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Ciclo Muller e Ciencia: "A Muller na Astronomía"*. Obxectivo: difundir e visibilizar as achegas das mulleres científicas á nosa sociedade. Concellería de Igualdade. Casa das Mulleres. Ano 2011.
Realízanse as seguintes actividades:
 - o Coloquio *"O papel das mulleres na astronomía"*. Data e hora: venres, 21 de outubro ás 19.00 h Intervén: Josefina Ling, profesora de astronomía e astrofísica da Universidade de Santiago de Compostela. Participación: 6 mulleres Vídeo-forum Proxección da película *"ÁGORA"*. Data e hora: venres, 28 de outubro ás 18.30 h Intervén: Josefina Ling, profesora de astronomía e astrofísica da Universidade Santiago de Compostela. Participación: 12 persoas (11 mulleres, 1 home)
 - o Exposición *"Con A de Astrónomas"*. Homenaxe ás mulleres que traballaron no campo da Astronomía. Data e hora: Do 3 ao 31 de outubro de 17.30 a 21.30h. Participación: 34 persoas (32 mulleres, 2 homes)
- Celebración do, 8 de marzo *"Día Internacional da Muller, 24 de maio"*. "Día Internacional das mulleres antimilitaristas pola Paz e do Día 25 de novembro: *"Para cambiar o mundo, acabar coa violencia machista"*. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- Participación na Coordinadora Europea e Encontro Internacional. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- Proxecto Marcha Mundial das Mulleres *"Marchando por unha vida digna e sostible"*. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- Proxecto *"MMM Feminizando"*. Celebración do 8 de marzo "Día Internacional da Muller", 24 de maio "Día Internacional das mulleres antimilitaristas pola Paz" e do 25 de novembro "Día Internacional contra a Violencia de Xénero". Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Proxecto Marcha Mundial das Mulleres: *"O noso corpo o noso territorio"*. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- *Ciclo "Muller e Ciencia"* que ten como obxectivo difundir e visibilizar as achegas das mulleres científicas á nosa sociedade. Casa das Mulleres 2012. Actividades realizadas:
 - o Exposición *"A muller, unha innovadora na ciencia"*. Mostra de 21 paneis coa vida e obra de mulleres de distintas épocas que desenvolveron o seu traballo principalmente no campo das matemáticas. Actividade que pretende reescribir a historia cun ollar novo para rescatalas do esquecemento e destacar a importante contribución feminina no ámbito científico-tecnolóxico. Febreiro 2012.
 - o Relatorio *"Mulleres Matemáticas"*. Intervén Amelia Verdejo. 14 febreiro 2012.
 - o Video-forum: *"La verdad Oculta"*. 16 febreiro 2012.

- *“Programa Integral de Alfabetización de mulleres de orixe estranxeira”*. Convenio de Colaboración da Concellería de Igualdade e Concellería de Benestar co Plan Comunitario de Teis. Este Programa ten como obxectivos fundamentais : Visibilizar ás mulleres inmigrantes do barrio aumentando a súa integración social; Dotalas de competencias básicas de lecto-escritura; Facilitar o proceso de integración das mulleres inmigrantes na nosa sociedade a través da aprendizaxe da lingua español. Participan 19 mulleres inmigrantes. Período escolar 2010-2011; 2011-2012 e 2013-2014
- *“Programa Intercultural interxeneracional”* que xorde da necesidade de reforzar a conciliación do programa de alfabetización de mulleres inmigrantes, atendendo ás súas fillas e fillos. Os obxectivos deste programa son: Conciliar a vida sociolaboral e familiar das mulleres de orixe estranxeira participantes no programa de alfabetización; Traballar valores socioculturais derivados da relación entre persoas de diferentes idades e culturas. O número de menores participantes foi de 12. Duración período escolar 2010-2011.
- Convenio de colaboración da Concellería de Igualdade coa produtora Nos (Productora Cinematográfica Galega, S.L) co obxecto de cofinanciar á realización e produción do filme longametraxe *“A cicatriz Branca”* no ano 2011. Este film incorpora mulleres viguesas que saíron cara a emigración da Estación Marítima de Vigo e nos brinda experiencias representativas da emigración feminina viguesa.
- *II Xornadas divulgativas sobre o Papel da Muller no Sector Pesqueiro e Conserveiro: Mulleres con nome propio*. Obxectivo salienta o papel estratéxico da muller neste sector, rasaltando a súa achega e recoñecemento co esforzo realizado tanto no pasado, presente e de cara ao futuro, configurándose como alicerce fundamental da nosa sociedade e comunidade pesqueira e conserveira xa que participan en toda a cadea produtiva, dende o subsector extractivo ata a comercialización final do produto. Ponencias desenvolvidas:
 - o “A situación social e laboral, necesidades formativas e posibles axudas para a muller no sector da pesca/conserva e acuicultura”. Participa: M^a José Cortés.
 - o “O papel económico da muller na pesca”. Participa: M^a do Carme García Negro.
 - o “O caso Massó, unha empresa exemplar na conciliación familiar: a gardería, lactancia, escola, asistencia social”. Participa: Manuel Aldao.
 - o Mesa redonda: “Experiencias conserveiras, mariscadoras, redeiras e percebeiras”.
 Convenio da Concellería de Igualdade coa Fundación Cluster de conservación de produtos do mar. Ano 2009.
- *Proxecto: “As rúas tamén teñen xénero”*. Mulheres Nacionalistas Galegas. Ano 2011
Este proxecto ten como obxectivos: Fomentar o coñecemento dos traballos aos que se teñen dedicado as mulleres viguesas dende comezos do SXX; Recuperar a memoria histórica da mulleres de Vigo que participaron nas loitas sindicais e políticas; e favorecer o coñecemento da cidade. Realízase unha Investigación, documentación e elaboración da publicación “As rúas tamén teñen xénero”. Participan na presentación 50 persoas. Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Inauguración e Sinalización do I Roteiro “Sons de Muller”*. Mulheres Nacionalistas Galegas. A iniciativa de Mulheres Nacionalistas Galegas, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, asumiu a sinalización dos 15 puntos que integran este roteiro, que ten como obxectivo visibilizar ás mulleres que, individual ou colectivamente, teceron a historia de Vigo. O roteiro levamos por 15 puntos situados no casco histórico polos que dun xeito ou outro, as mulleres deixaron a súa pegada e a súa contribución á identidade de Vigo, aínda que a propia historia da cidade as teña silenciadas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *II Fase Roteiro “Sons de Muller”*. Mulheres Nacionalistas Galegas 2012. Punto nº 14: Espazo contra a Violencia de Xénero. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade 2012.
- *Relatorio: “Camiñando por Vigo na procura da historia das Mulleres. Roteiro feminino Sons de Mulleres”*. Roteiro promovido por Mulheres Nacionalistas Galegas en colaboración coa Concellería de Igualdade. Ano 2013.


- *Elaboración dun DVD* cos relatorios-conferencias do Ciclo: *Historias vividas e contadas polas súas protagonistas*". Realizado coa finalidade de contar cunha mostra gráfica de ditas intervencións. Participaron mulleres significativas da cidade (Aurita González, Mary Quintero, Carmen Segurana, Antía Cal, Tarsy Carballas, Carmen Kruckemberg, Margarita Caballero e Margarita Viñas. Concellería de Igualdade. Realizado de abril a novembro de 2013. Concellería Igualdade. Ano 2012.
- *IV Premio de Novela Mulleres Progresistas*. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Obxectivo: Promover o acceso das mulleres ás distintas manifestacións culturais. E potenciar a creación artística e científica das mulleres. Ano 2010.
- *Edición Recompilatorio Premios Relatos Mulleres Progresistas*. Edición de 1.000 exemplares. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *I; II e III Premio de Microrelatos Mulleres Progresistas. Tema: O empoderamento das mulleres*. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2012; 2013 e 2014.
- Relatorio: *"Daquelas que cantan...O ronsel de Rosalía de Castro"*. Casa das Mulleres. Organizado pola Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *"Novas Creadoras, Novos Valores na Arte"*. Mesa redonda organizada co obxectivo de visibilizar e difundir a realidade das mulleres artistas, mulleres que representan os novos valores da arte e analizar a súa situación cunha mirada de xénero, achegándolle á cidadanía a realidade desta mulleres xoves que están traballando no ámbito profesional de distintas disciplinas artísticas. Realizado na Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- *Revista Pioneiras*. Obxectivo promocionar a cultura da igualdade. Adicada a lembrar a loita polos dereitos das mulleres en Galicia. Asociación Xogais. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Revista Pioneiras*. Asociación Xogais. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Boletín Sofía Casanova*. Asociación Xogais. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade . Ano 2011.
- *Revista Pioneiras*. Asociación Xogais. O feminismo ao longo do Século XX. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *Curso "Mulleres Directivas, eficacia e rentabilidade"*. Asociación Xogais. Participan 9 mulleres. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *Xornadas "Fomento do asociacionismo Empresarial feminino"*. Asociación Provincial de Empresarias. Encontro de empresarias. Hotel Cidade de Vigo. Participan 16 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2010.
- *"Estratexias de Empoderamento da Muller no ámbito laboral de Vigo"* Coaching para mulleres que exercen postos de responsabilidade". Fundación Cume para el desarrollo de culturas y pueblos. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *"Xornadas de sensibilización dirixidas a mulleres empresarias"*. Asociación Provincial de Empresarias. Participan 31 mulleres. Programa de Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2011.

- *“Xornadas de Apoio ao Emprendemento e Liderado Empresarial Feminino”*. Obxectivos: fomentar e impulsar o emprendemento feminino; Potenciar o desenvolvemento de habilidades directivas e comerciais e Visibilizar experiencias e vivencias de mulleres emprendedoras. Casa das Mulleres. Relatorios:

 “Ten futuro a miña idea de negocio”? Data 11 de abril de 2013.; “Experiencia emprendedora no sector do Marketing”. Data 18 abril 2013.; “Experiencia emprendedora no sector da formación”. Data 25 abril 2013.; “Desenvolvemento de habilidades directivas e comerciais”. Data 2 de maio 2013.; “Experiencia emprendedora no sector do comercio”. Data 9 de maio 2013.; “Experiencia emprendedora no sector da alimentación”. Data 16 de maio 2013. Organizadas pola Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *Curso “Teleoperadora.”* Fundación Erguete. Obxectivo: favorecer a formación das traballadoras desempregadas mellorando a capacitación profesional e desenvolvemento persoal. Participan 15 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Curso “Limpeza de grandes superficies”*. Fundación Erguete. Obxectivo: incorporar sociolaboralmente a mulleres desempregadas en risco de exclusión. Participan 15 mulleres desempregadas. Programa de recualificación profesional. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *Curso “Operadora de Telemarketing”*. Fundación Erguete. Obxectivo: incorporar sociolaboralmente a mulleres desempregadas en risco de exclusión. Participan 15 mulleres. Programa Subvencións Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *Curso “Operadora de Telemarketing”*. Fundación Erguete. Obxectivo: incorporar sociolaboralmente a mulleres desempregadas en risco de exclusión. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.
- *“Club de Emprego”*. Programa dirixido ás mulleres con especiais dificultades de inserción laboral. Obxectivos: Crear un espazo destinado a mellorar a empregabilidade das mulleres; Apoiar e titorizar ás mulleres dun xeito activo e participativo na procura de emprego. Concellería de Igualdade. Realizado durante os anos 2013 e 2014.
- *“GPS para conciliar. Guía de recursos de Vigo”* Fundación Mujeres. Elaboración dun catálogo municipal de servizos e recursos para favorecer a conciliación. Obxectivo: ferramenta práctica que axude a coñecer os recursos existentes cara a cidadanía e permitirle situarse e descubrir algunhas das oportunidades que lle brinda a cidade de Vigo. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- *“Rol da Muller no século XX”*. Fundación Cume para el desarrollo de culturas y pueblos. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Aprobación por unanimidade do Pleno do Concello de Vigo con data 25 de marzo do 2010 da Declaración Institucional do Concello de Vigo de apoio á proposta do Parlamento Europeo de declarar o 22 de febreiro como *Día Internacional da Igualdade Salarial entre Mulleres e Homes*.
- *Exposición colectiva de Pintoras y escultoras e fotografías* Colectivo Violeta. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade.. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Anos 2010; 2011; 2012.

3.2.6. Resumo Eixe 2

Desenvolvemento Xeral EIXE 2



■ Accións DESENVOLVIDAS	■ Accións PARCIALMENTE desenvolvidas
■ Accións NON desenvolvidas	

O Eixe 2: Empoderamento, Visibilización e Participación Social establecía 26 accións a executar das que se levaron a cabo 22, que representan o 85% das accións. Unha análise por áreas indica que é a de Educación en Igualdade a que presentaba máis accións deseñadas (13) e tamén a que máis desenvolveu (12), seguida da de Participación Económica que tiña establecidas 6 e levou a cabo 4. En canto ás 2 accións parcialmente desenvolvidas, unha pertence á área de Educación en Igualdade e outra á de Participación Económica. Idéntica relación presentan as accións non desenvolvidas.

3.3 EIXE 3: SAÚDE INTEGRAL


EIXE 3: SAÚDE INTEGRAL									
ÁREAS	OBXECTIVOS	Accións Desenvolvidas		Accións Parcialmente Desenvolvidas		Accións Non Desenvolvidas		TOTAL Accións	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
ÁREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	1.C. Visibilizar a situación social das mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento das distintas sociedades, recoñecendo a súa participación e as súas achegas aos distintos campos.	5	71%	0	0%	2	29%	7	100%
	TOTAL ÁREA 1	5	71%	0	0%	2	29%	7	100%
ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2.D. Realizar actividades que poñan en valor as aportacións realizadas polas mulleres ao mundo económico	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	TOTAL ÁREA 2	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	3.B. Propiciar o desenvolvemento de accións que fomenten a participación en igualdade de mulleres e homes nas empresas coa finalidade de facer cumprir as previsións legais existentes no ámbito laboral	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	TOTAL ÁREA 3	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	4.C. Visibilizar e previr a violencia de xénero mediante a elaboración de informes e estudos relativos á violencia de xénero.	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	TOTAL ÁREA 4	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5.B. Fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres mediante o recoñecemento da diversidade.	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	TOTAL ÁREA 5	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
TOTAL EIXE 1		13	87%	0	100%	2	13%	15	100%

O Eixe 3 de Saúde Integral ten como obxectivo xeral introducir a perspectiva de xénero nos aspectos relacionados coa saúde da poboación. Este eixe, ao igual que os anteriores, ten establecidas 5 áreas de intervención con 5 obxectivos específicos e 15 accións a desenvolver.

A táboa anterior reflicte o nivel de desenvolvemento deste eixe, e indica que o 83% das accións establecidas foron executadas. Analizando este eixe por área pódese comprobar que a Área de Educación en Igualdade tiña contiña 7 accións das que cumprimentou 5 (71%). As demais áreas executaron todas as accións deseñadas.

3.3.1. Área 1: Educación en Igualdade

**Eixe 3 Saúde Integral
Área 1: Educación en Igualdade**



A gráfic relativo á área de Educación en Igualdade do Eixe 3 de Saúde Integral indica que das 7 accións deseñadas, 5 foron desenvolvidas e 2 non desenvolvidas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral da área de Educación en Igualdade é fomentar a adquisición de actitudes, comportamentos e hábitos que permitan a mulleres e homes desenvolver unhas relacións respectuosas e igualitarias. Sendo o seu obxectivo específico 1.E. Propiciar o desenvolvemento de actitudes e comportamentos cooperativos, igualitarios e responsables, que faciliten o establecemento de relacións afectivas de apoio emocional, comunicación..., en plano de igualdade. Para cumprimentar estes obxectivos deseñaronse as seguintes accións.

1.E.1. Realización de obradoiros sobre habilidades socio-afectivas e as relacións amorosas en igualdade dirixidas ao alumnado da ESO.

- *Programa Empatía* (2009/2010). Realización de obradoiros “*Todas e Todos*” dirixidos ao alumnado da ESO. Contidos: Sexo, xénero e sexualidade; habilidades sociais e resolución de conflito; as relacións de igualdade. Participan 377 mozos e 340 mozas. Total: 717 participantes. Concellería de Igualdade.

- *Programa Empatía (2010/2011)* Realización de obradoiros “*Todas e Todos*” dirixidos ao alumnado da ESO. Contidos: Habilidades socio-afectivas; Que é a sexualidade?; Relacións amorosas na igualdade e Dereitos sexuais e reproductivos, e Mitos do amor romántico. Participan: 48 rapazas e 54 rapaces. Total: 102 participantes. Concellería de Igualdade.
- *Obradoiros Enredámonos nas redes.....?* dirixido ao alumnado de 4º da ESO dos Institutos de Ensino Secundario de Vigo. Obradoiro de sensibilización co obxectivo de reflexionar sobre como empregan as rapazas e rapaces as redes sociais (para que..., con quen...) e dos riscos aos que se expoñen. Coñecer que é ser acosada/o polas redes, que significa o cibercontrol, que sucede coas fotos que soben ou áles son as consecuencias de expoñer nas redes.
Lugar: Auditorio Municipal de Vigo cunha duración de 60 minutos. Participan 740 alumnas e alumnos. Formadora: Ianire Estébanez Castaño. Realízanse os días 19, 20 e 21 de novembro 2012. Concellería de Igualdade.
- *Enredámonos nas redes...?* obradoiro dirixido ao alumnado de 4º da Eso e 1º e 2º de Bacharelato de Vigo. Realízanse un total de 6 sesións deste obradoiro repartidas en tres días. Desenvólvense os días 11, 12, e 13 de novembro de 2013. Participan: 1.047 alumnas e alumnos. Concellería de Igualdade.

1.E.2. Aproveitamento dos espazos de participación xuvenil para realizar actividades que xiren arredor da análise da construción das identidades masculina e feminina e a relación deste proceso coa violencia de xénero.

Actividades desenvolvidas dentro do *Programa Súbete ó Castro*, Espazo xuvenil situado no parque de O Castro e *Punto de Encontro* desde onde se programan actividades de lecer e tempo libre, dirixidas a fomentar a participación xuvenil, atendendo ás necesidades do colectivo novo.

- “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”. Proxección da película: *Te doy mis ojos*. Participan 10 persoas. Concellería de Xuventude. Ano 2009.
- “Obradoiro de educación afectivo sexual”. Participan 22 persoas. Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2010.
- “Obradoiro de Sensibilización consumo de prostitución”. Participan 22 persoas. Organizado pola Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2010.
- “Obradoiro de Prevención da Violencia de xénero”. Participan 22 persoas. Organizado pola Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2010
- *Castroconcertos. Celebración do 8 de Marzo “Día Internacional de Muller Traballadora”*. Participaron 60 persoas. Concellería de Xuventude. Ano 2013.

O Punto Xove é un espazo dependente da Concellería de Xuventude situado no centro da cidade, rúa López de Neira, que incrementa as vías de intercambio e colaboración entre a xuventude e as institucións municipais.

Realizáronse as seguintes actividades:

- *Charla informativa "Violencia de Xénero"*. Participan 2 persoas. Organizado Concellería Xuventude. Ano 2011.
- *"Obradoiro de educación afectivo-sexual"*. Participan 9 persoas. Concellería de Xuventude .Ano 2011
- *Obradoiro "Prevención da Violencia de Xénero"*. Participan 25 persoas. Concellería de Xuventude. Ano 2013.
- *"Obradoiro de Sensibilización consumo de prostitución"*. Participan: 25 persoas. Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2013.
- *"Obradoiro de educación afectivo-sexual"*. Participan 9 persoas. Concellería de Xuventude. Ano 2013.
- *"Obradoiro Trata de persoas"* Participan: 25 persoas. Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2013.
- *"Igualdade 2.0"*. Organizado pola Federación In Progress. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012. Programa que ten como obxectivo: promover a igualdade de xénero nun dos contextos de socialización entre adolescentes e mocidade con maior risco de reproducir a violencia de xénero: a Web 2.0. As redes sociais. Realízanse as seguintes actividades: Obradoiro de igualdade 2.0; Creación de Brigadas antiviolencia de xénero. Co obxectivo de detectar actitudes sexistas e violentas na rede e nos soportes. Participan 20 mozas e 29 mozos do Instituto de Educación Secundaria da Guía.

1.E.4. Realización dunha campaña informativa e formativa sobre os dereitos sexuais e reprodutivos dirixidas a toda a cidadanía e ás e aos profesionais dos diferentes campos.

Xornada Formativa: *"A saúde desde a perspectiva de xénero"*. Organizada pola Concellería de Igualdade do 17 ao 31 de outubro de 2012. Casa das Mulleres. Esta xornada tiña como obxectivos: Iniciar unha campaña sobre os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres; Abordar o xénero como un elemento determinante na saúde das mulleres e nenas; e Concienciar sobre os riscos da saúde das mulleres vinculadas cos roles de xénero.

- *Relatorio "Dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres"*. Casa das Mulleres. Data: 17 de outubro 2012. Intervén: Cristina Pastoriza Ferradás (psicóloga). Participación: 12 mulleres, 1 home. Concellería de Igualdade.
- *Relatorio "Sexualidade e madurez: a danza das bolboretas"* Casa das Mulleres. Data: 18 outubro 2012. Relatora: Mónica Couso Fuentes. Sexóloga. Participación: 16 mulleres. Concellería de Igualdade.
Relatorio "A saúde emocional" Casa das Mulleres Data: 25 de outubro de 2012. Intervén: Carmen Clavería Prada (psicóloga). Participación: 16 mulleres. Concellería de Igualdade.
- *Relatorio "Unha ollada á saúde desde a perspectiva de xénero"*. Casa das Mulleres.: Data: 24 de outubro de 2012. Intervén: Carmen Albo (hematóloga). Participación: 16 mulleres. Concellería de Igualdade.

- “*Impacto das novas reformas sanitarias na saúde das mulleres*”.Data: 31 de outubro de 2012.Interveñen:Cristina Pastoriza Ferradás e Carmen Albo López. Participación:7 mulleres,1 home. Concellería de Igualdade.
- *Relatorio “Saúde e dereitos sexuais e reproductivos das mulleres ”* Casa das Mulleres.Data: 19 de marzo 2013. Relatora: Isabel Blanco Domínguez. Xinecóloga. Participación: 7 mulleres. Concellería de Igualdade.
- *Manifesto do Consello Municipal de Muller contra a reforma da Lei do Aborto* realizado o 15 de maio de 2013 no que se contempla a oposición á irresponsable modificación da Lei do aborto proxectada polo Ministro de Xustiza, como unha nova inxerencia máis nas liberdades individuais das mulleres.
- *Romaría Lilá*. Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto. Realízase co obxectivo de mostrar a oposición a un cambio legislativo en materia de interrupción voluntaria do embarazo que previsiblemente nos devolve a 1985 cun sistema de supostos. Celébrase o día 15 de xuño 2014 a través de diversas actividades:
 - o Manifestación ás 12 horas.
 - o Asemblea aberta (Praza da Constitución)
 - o Xantar colectivo (Praza do Pobo Galego)
 - o Romaría Lilá (Rúa do Príncipe): Postos con diversos materiais feministas, librerías, artesanato de mulleres...etc.
 - o Actuacións musicais: Isaben Risco; Habela Hainas; The Tetas´ Van; Sonia Lebedynski
 - o Espazo de animación para crianzas e postos para xantar.
- Moción do Grupo Municipal Socialista, instando ao goberno do Estado a retirar a tramitación do *Anteproxecto de Lei Orgánica que revisa a lexislación vixente sobre a saúde sexual, reproductiva e interrupción voluntaria do embarazo*, presentada no Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2014. O Pleno acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal socialista, engadindo os puntos da enmenda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG.
- Presentación do libro: “*Sexualidad y salud: el estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género*”/María Lameiras, M^a Victoria Carrera Fernández, Yolanda Rodríguez Castro (Universidade de Vigo). Data: 13 de maio 2014. Participación: 8 persoas (7 mulleres e 1 home) .

1.E.6. Realización de talleres de “sexo seguro” dirixido ás e aos adolescentes nos que se promova distintas formas de relación e se contemple: a afectividade, as distintas formas de obter pracer, a diversidade de opcións sexuais e se difundan os recursos e servizos existentes . Actividades realizadas pola Concellería de Xuventude dentro do Programa Súbete ó Castro e Punto Xoven da rúa López de Neira:

- “*Obradoiro de educación afectivo sexual*. Participan 22 persoas.Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación Faraxa. Ano 2010.

- *“Obradoiro de educación afectivo sexual.* Participan 9 persoas.. Concellería de Xuventude. Ano 2011.
- *“Obradoiro de educación afectivo sexual.* Participan 15 persoas Concellería de Xuventude.. Ano 2013.

Desenvolvéronse tamén actividades sobre sexualidade e diversidade de opcións sexuais a través do Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade:

- *Charlas: dversidade afectivo-sexual.* Participan 15 mulleres. Asociación Nos Mesmas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade.Ano 2010.
- *Actos de visibilidadelésbica.* Obxectivo: empoderar ás mullereslésbicas a través da ideoloxía feminista para vivir unha sexualidade plena. Participan 45 persoas Asociación Nos Mesmas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Guía e kit sexo + seguro para MSM.* Co obxectivo de fomentar as prácticas e conductas saudables así como as visitas xinecolóxicas. Participan 10 mulleres. Asociación Nos Mesmas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2011.
- *Conversas con Teresa Moure e Alfredo Saborido O xénero na construción da sexualidade.* Federación Veciñal.Asociación Nos Mesmas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade.Ano 2014.
- *Obradoiro de autoerotismo feminino* no Café Bar La Historia. Asociación Nos Mesmas. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2014.

1.E.7. Apoio aos colectivos e asociacións en actividades que favorezan o respecto ás diferenzas e promovan a aceptación da diversidade sexual .

Esta acción desenvólvese a través do Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade desde o ano 2010 á Asociación Nos Mesmas e o colectivo LGTB para a organización de diversas actividades que teñen como obxectivo visibilizar ó colectivo LGTB: Celebración Día do Orgullo LGTB; Mesas informativas, exposicións, obradoiros, cineforum...etc.

Relatorio de Accións non Desenvolvidas

1.E.3.Realización dunha campaña de concienciación dirixida ás e aos profesionais da xinecoloxía coa finalidade de que na súa atención se contemple a diversidade de opcións sexuais.

1.E.5. Realización dunha campaña de concienciación dirixida ao persoal sanitario que dende o modelo bio-psicosocial aborde o xénero como elemento determinante na saúde integral das mulleres e nenas.

3.3.2. Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade

Eixe 3 Saúde Integral Área 2: Conciliación e Corresponsabilidade



A gráfica anterior permite comprobar que todas as accións establecidas para a área de Conciliación e Coresponsabilidade foron executadas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral desta área é promover a mellora da calidade de vida das mulleres incidindo nos riscos de saúde vinculados aos roles de xénero.

Establece como obxectivo específico 2.E. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres, fundamentalmente as coidadoras, que presentan unha carga emocional forte debido aos cuidados que realizan.

2.E.1. Desenvolvemento de talleres formativos dirixidos ás mulleres coidadoras que proporcionen pautas de autocoidado e favorezan a mellora do seu benestar físico e emocional.

- *Obradoiro de actualización para coidadoras do SADI.* Participan: 19 coidadoras. Asociación de Mulleres Progresistas. Anos: 2009; 2010; 2011; 2012; 2013 e 2014.
- *Proxecto Tempo I; Proxecto Tempo II e Proxecto Tempo III.* Radio Ecca Fundación. Obradoiros formativos: “O coidado emocional”, “O coidado físico” e “O Noso tempo”. Participan unha media de 16 mulleres. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012, 2013 e 2014.
- *Proxecto: Ferramentas para a xestión intelixente dos cuidados en equipo.* Escola de Mulleres Solidarias do Área Metropolitana de Vigo. Este proxecto ten como obxectivo: Analizar as características sexistas da división sexual do traballo e valorar o traballo de cuidados e recoñecemento das tarefas de corresponsabilidade. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2012.

2. E.2. Realización de actividades de concienciación sobre os riscos de saúde das mulleres vinculados cos roles de xénero.

Esta acción execútase a través do Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade coas Organizacións Sindicais para a organización dos Encontros Sindicais.

- *XV Encontro Sindical da Muller. "Saúde Laboral: Cuestión de xénero.* Organizado polo Departamento da Muller dos Sindicatos CIG-CCOO-UGT Ano 2010. Ponencias: "Riscos laborais. Muller e traballo"; "Enfermidades non recoñecidas" ; "As mulleres discapacitadas no ámbito laboral". Conferencia: "Violencia de xénero no ámbito laboral" Participan en total: 200 mulleres aprox.

- *XVII Encontro Sindical. Construindo o futuro en feminino.* CIG-CC.OO-UGT. Ano 2012
Relatorios: "Cambios nas relacións laborais e políticas de igualdade"; "Empoderamento e liderazgo feminino"; "Feminismo no mundo obreiro. Influencias e retos: reflexións da Asamblea de Mulleres do STEG".
Ponencia: "Emprego feminino: desemprego e división sexual do traballo.(negociación colectiva, segregación, dobre e triple xornada, brecha salarial, acoso laboral..etc)"

- *XVIII Encontro Sindical da Muller: Mulleres sindicalistas pola Igualdade real.* CIG-CCOO-UGT. 2013
Relatorios: "Recursos e estratexias de comunicación"; "A igualdade no sindicalismo"; "Estructura e modelo de participación"; "Desvantaxes laborais por razón de xénero"; "Medidas e recursos para ampliar a presenza de mulleres en sectores subrepresentados".; "Os distintos nomes: Violencia de Xénero, Violencia económica, Violencia laboral".

- *Proxecto "Enfoque de xénero na prevención de riscos laborais. Saúde Laboral".* Escola de Mulleres Solidarias. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Ano 2013.

3.3.3. Área 3: Participación Económica

Eixe 3 Saúde Integral
Área 3: Participación Económica



A gráfica anterior relativo á área de Participación Económica revela que todas as accións establecidas foron desenvoltas na súa totalidade.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral desta área é promover a mellora da calidade de vida e o benestar físico e psíquico das traballadoras e traballadores, incidindo nos riscos de xénero relacionados coa actividade laboral.

Ten como obxectivo específico 3.C. Difundir entre as mulleres traballadoras os dereitos relacionados coas condicións de traballo e a súa incidencia na saúde. Para acometer este obxectivo deseñáronse as seguintes accións:

3. C.1. Elaboración de material informativo que contemple a prevención de riscos laborais nos traballos feminizados desde a perspectiva de xénero.

Realizaronse actividades de concienciación a través dos relatorios desenvolvidos nas Xornadas Sindicais.


- XV Encontro Sindical da Muller. “*Saúde Laboral: Cuestión de xénero*”. CIG-CCOO-UGT. 2010
Relatorios: “Riscos laborais. Muller e traballo. Enfermidades non recoñecidas”; “As mulleres discapacitadas no ámbito laboral”; “Violencia de xénero no ámbito laboral”. Participan en total 200 mulleres dos tres sindicatos.
- XVI Encontro Sindical da Muller *¡Defende o teu futuro!* CIG-CCOO-UGT. 2011. ObradoiroS: “Invisibilidade das mulleres con algún tipo de discapacidade” e “Visibilidade dos distintos tipos de violencia contra as mulleres”.
- Elaboración do procedemento de *Protección á Reproducción, Maternidade, Parto recente ou Lactancia natural das traballadoras do Concello de Vigo*. O presente procedemento ten por obxecto cumprir o mandato dos artigos 25 e 26.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL), protección de empregados/as públicos/as municipais especialmente sensibles a determinados riscos e protección da maternidade, coa finalidade de evitar o risco para a reprodución ou para a saúde das empregadas públicas municipais embarazadas ou parto recente, e a do feto ou bebé lactante. Ano 2013.

3.C.2. Realización de accións de información e formación e dirixidas á prevención, detección e identificación de situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e acoso moral no traballo coa finalidade de difundir os dereitos laborais das traballadoras.

Esta acción levase a cabo a través do Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade ás Secretarías da Muller das Organizacións Sindicais.

- *XV Encontro Sindical da Muller. "Saúde Laboral: Cuestión de xénero.* CIG-CCOO-UGT. Ano 2010
- *XVI Encontro Sindical da Muller ¡Defende o teu futuro!.* CIG-CCOO-UGT. 2011. Neste encontro realizouse un relatorio sobre a visibilidade dos distintos tipos de violencia contra as mulleres.
- *XVII Encontro Sindical. Construindo o futuro en feminino.* CIG-CCOO-UGT. 2012. Desenvólvese un relatorio sobre o emprego feminino, o desemprego, a división sexual do traballo e o acoso laboral.
- *XVIII Encontro Sindical da Muller: Mulleres sindicalistas pola Igualdade real. 2013* CIG-CCOO-UGT. Lévese a cabo o relatorio "Os distintos nomes de Violencia de Xénero, Violencia económica, acoso laboral...".
- Publicación e distribución da *Guía de Información Xeral sobre Violencia de Xénero*, no que se inclúe un apartado específico adicado á Violencia Sexual e onde se explican os tipos de violencia sexual entre eles o acoso sexual, indicando cómo actuar cando se sofre unha agresión sexu al.

3.3.4. Área 4: Violencia de Xénero



A gráfica anterior relativo á área de Violencia de Xénero indica que a totalidade das accións establecidas foron desenvolvidas.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

O obxectivo xeral da área é: Promover a mellora da saúde da poboación a través de medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero. O obxectivo específico 4.D é Promover a prevención da violencia de xénero e garantir a atención e apoio a menores vítimas de violencia de xénero. Dúas accións son as establecidas para acadar este obxectivo.

4.D.1. Establecer un Programa específico de apoio individual a fillas e fillos de mulleres usuarias dos dispositivos municipais de atención a vítimas de violencia de xénero.

Programa de Apoio Psicolóxico a fillas e fillos das mulleres usuarias dos dispositivos municipais. Este programa ten como obxectivos proporcionar axuda aos fillos e fillas de mulleres usuarias do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller que sofren ou sufriron situacións de malos tratos por parte das súas parellas. A idade das fillas e fillos susceptibles de atender está comprendida entre os 6 e os 17 anos de idade. Estipúlase unha media de 10 sesións por familia aproximadamente. Execútase dende o seu inicio no 1º trimestre de 2009 ata a actualidade.

No ano 2010 atendeu a 15 menores dos que 7 son nenas e 8 nenos.

No ano 2011 atendeu a 48 menores, 22 nenas e 26 nenos .

Durante o ano 2012 atendeuse a 26 nenas e 23 nenos.

No ano 2013 o número de menores participantes foi de 58. Deles 23 foron nenas e 35 nenos.

4.D.2. Realización de accións de concienciación dirixidas á sociedade en xeral e a xente moza en particular sobre as novas formas de violencia simbólica e real sobre as mulleres e dar a coñecer a súa incidencia sobre a saúde.

- Obradoiros *Enredámonos nas Redes...?* desenvolvido os días 11, 12 e 13 de novembro de 2012. Participaron un total de 1.200 alumnos/as de 11 centros de ensino da cidade. Os obxectivos son:
 - o Reflexionar sobre como empregan as rapazas e rapaces as redes sociais e os riscos aos que se expoñen.
 - o Coñecer que é ser acosada/o polas redes, que significa o cibercontrol, que sucede coas fotos que soben ou cales son as consecuencias de expoñer nas redes.

Lugar: Auditorio Municipal de Vigo cunha duración de 60 minutos Formadora: Ianire Estébanez Castaño. Concellería de Igualdade. Ano 2012.

- Obradoiros *Enredámonos nas Redes...?* desenvólvese os días 19, 20 e 21 de novembro de 2013. Durante este ano participaron un total de 700 alumnos/as de 12 centros de ensino da cidade. Formadora: Ianire Estébanez Castaño. Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Obradoiros *Enredámonos nas redes...?* realizado o día 20 de novembro 2012. Obradoiro formativo dirixido a profesionais e nais/pais en horario de tarde coa participación de 40 persoas. Concellería Igualdade. Ano 2012.
- *Enredámonos nas redes*. Obradoiro formativo para profesionais e nais e pais. Desenvolveuse o día 12 de novembro 2013 pais en horario de tarde coa participación de 40 persoas. Concellería de Igualdade. Ano 2013.
- Elaboración e difusión no mes de novembro de 2013 de 18.000 exemplares da guía "*CONNECTAMOS BEN? Mozos e mozas que se tratan ben e de igual a igual*". Elaborada pola Concellería de Igualdade co fin de sensibilizar e formar á poboación máis nova na detección de novas formas de violencia de xénero que se poden producir especialmente no uso das novas tecnoloxías. Esta publicación está dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato coa finalidade de promover entre elas e eles o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e no amor. Concellería de Igualdade. Ano 2013.

3.3.5. Área 5: Atención á Diversidade



O IV Plan establecía para cumprimentar o Eixe 3 na área de Atención á Diversidade, 2 accións e ambas foron executadas tal e como se reflicte na gráfica anterior.

Relatorio de Accións Desenvolvidas

Esta área ten como obxectivo xeral: Fomentar a calidade de vida das mulleres e promover a vivencia dunhas relacións interpersonais equilibradas e satisfactorias fomentando a aceptación positiva da propia identidade sexual. O seu Obxectivo específico 5.C. Mellorar a calidade de vida da sociedade e favorecer a aceptación positiva da propia identidade sexual, desligada de elementos discriminatorios de xénero, impulsando as vivencias dunhas relacións interpersonais equilibradas e satisfactorias. Este obxectivo desenvólvese mediante as seguintes actividades.

5. C.1. Realización de actividades de concienciación e formación sobre promoción da saúde das mulleres nas diferentes etapas do ciclo vital coa finalidade de potenciar a mellora da súa calidade de vida.

Acometese a través do Ciclo “Muller e Saúde Integral” co obxectivo promover a mellora da calidade de vida e a saúde integral das mulleres en todas as etapas das súas vidas. Realizado na Casa das Mulleres.

- *Obradoiro “Alimentación saudable”*.Data e hora: mércores, 13 de abril de 18.30 a 20.30h. Ano 2011.Intervén: Patricia Beiro. Participación: 13 persoas (12 mulleres, 1 home). Concellería de Igualdade.
- *Obradoiro “Trastornos da alimentación”*.Data: mércores, 27 de abril de 18.30 a 20.30h. Ano 2011.Intervén: Patricia Beiro. Participación: 11 persoas (10 mulleres, 1 home). Concellería de Igualdade
- *Relatorio “Muller e cancro: como afrontar o reto”*.Data: martes, 3 de maio ás 20.00h. Ano 2011. Colabora: AECC (Asociación Española Contra el Cáncer). Intervén: Ainhoa Carrasco Estévez, psicóloga da AECC. Participación: 17 persoas (17 mulleres). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “Convivir coa fibromialxia e a fatiga crónica”*.Data: mércores, 4 de maio ás 20.00h. Ano 2011. Colabora: AFIBROPO (Asociación de Fibromialxia e fatiga crónica de Pontevedra). Intervén: Ángela Rodríguez Garrido e Gloria Alonso Martínez, presidenta e psicóloga de AFIBROPO. Participación: 13 persoas (13 mulleres). Concellería de Igualdade.

- *Obradoiro “Erros e mitos da alimentación”*.Data: mércores, 11 de maio de 18.30 a 20.30h. Ano 2011. Intervén: Patricia Beiro. Participación: 9 persoas (8 mulleres, 1 home). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “Prevenición das enfermidades xinecolóxicas”*. Data: mércores, 18 de maio, ás 20.00h. Ano 2011. Intervén: Ana Forneiro González e Nieves Turienzo Río, matrona e médica de familia do Centro de Saúde de Tomiño. Participación: 5 persoas (5 mulleres). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “Muller e deporte: beneficios para a saúde*. Data: mércores, 25 de maio, ás 20.00h. Ano 2011. Colabora: Fundación VIDE. Intervén: Iolanda Veloso (Concelleira de Igualdade), Laura Magdalena (Dctora. Xerente Fundación VIDE), Natividad Pérez e Marta Goce (fisoterapeutas de POVISA), Elias Festa (traumatólogo), Marta Fernández (atleta e psicóloga), Mercé Barrientos (presidenta Federación Galega Taekwondo), Tamara Abalde (xogadora internacional de baloncesto) e Mila Alonso (xornalista). Participación: 15 persoas (13 mulleres, 2 homes). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “ O traballo das Doulas ”*. Data: mércores, 19 de outubro ás 19.00 h. Ano 2011. Colabora: Fundación EOMAIA (Espazo de atención integral á muller). Intervén: Susana Iglesias, comadróna e a doula Luzía Titán. Participación: 6 persoas (6 mulleres). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “ A importancia da lactación materna ”*.Data: 26 de outubro ás 19.00 h. Ano 2011. Colabora: Asociación pro-lactación materna DeLeite.Intervén: Iria Medranho e Xiana González. Participación: 2 persoas (2 mulleres). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “ Hábitos alimenticios para unha vida saudable ”*.Data: mércores, 9 de novembro ás 18.30 h. Ano 2011. Colabora: Plan Saúde do Concello de Vigo. Intervén: Óscar Carballada Rodríguez, técnico superior en Dietética e Nutrición. Participación: 10 persoas. Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “ O Alzheimer: concepto, evolución e tratamento ”*.Data: mércores, 16 de novembro ás 19.00 h. Ano 2011. Colabora: Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer-AFAGA. Intervén: Luz Pérez Pereira, Traballadora Social. Participación: 33 persoas (31 mulleres, 2 homes). Concellería de Igualdade.

- *Relatorio “ Os primeiros auxilios na vida cotiá ”*.Data: 23 de novembro ás 18.30 h. Ano 2011.Colabora: Plan Saúde Concello de Vigo. Intervén: Carlos Vales Porto.Participan: 6 mulleres, 1 home.Concellería de Igualdade.

- *Mesa Redonda: “Cómo afrontar a diagnose dunha enfermidade non común”*.Data :30 de novembro ás 18.30 h. Ano 2011. Colabora: Ela-España (Asociación española contra a Leucodistrofia) e ASEM-Galicia (Asociación galega contra as enfermidades Neuromusculares). Intervén: Carmen Vilaboa (portavoz de ASEM-Galicia), Gemma Pérez e Romina Goberna (Ela-España). Participación: 5 mulleres.Concellería de Igualdade.
- *Relatorio “Saúde feminina a partir dos 40 ”*.Data e hora: xoves,12 de abril. Ano 2012. Intervén:Amaia Pérez-Izaguirre Urquizu, médica de familia. Participación:8 mulleres.Concellería de Igualdade.
- *Relatorio “Practiquemos risoterapia.Efectos beneficiosos”*.Data e hora: xoves,19 de abril ás 19.00h. Ano 2012. Intervén:Pilar Lorenzo Represas, monitora de risoterapia. Participación:23 mulleres. Concellería de Igualdade.
- *“Practiquemos pilates.Efectos beneficioso”*.Data e hora: xoves, 26 de abril ás 19.00h. Ano 2012. Intervén: Isabel Rodríguez de la Iglesia, monitora de pilates. Participación:11 mulleres. Concellería de Igualdade
- *Relatorio “A depresión feminina ”*.Data e hora: xoves 3 de maio. Ano 2012. Intervén: Carmen Clavería Prado, psicóloga. Participación:16 persoas (15 mulleres,1 home) . Concellería de Igualdade.
- *Relatorio“Exercitemos a nosa autoestima”*.Data e hora:xoves, 31 de maio ás 19.00h. Ano 2012. Intervén: Carmen Clavería Prado, psicóloga Participación: 17 persoas (17 mulleres). Concellería de Igualdade.
- *Relatorio “Prevención do cancro de pel ”*.Data e hora:xoves, 14 de xuño ás 19.00h. Ano 2012. Colabora:AECC (Asociación Española Contra el Cáncer). Intervén:Marian Pereira, médica. Participación:6 persoas (6 mulleres). Concellería de Igualdade.
- *Casos prácticos:primeiros auxilios no verán*.Data:21 de xuño ás 19.00h. Ano 2012. Colabora: Plan Saúde do Concello de Vigo.Intervén:Carlos Vales Porto. Participación: 13 mulleres,1 home. Concellería de Igualdade.
- *Relatorio “ O Alzheimer: concepto, evolución e tratamento ”*Data: 16 de novembro. Ano 2012. Colabora: Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer-AFAGA. Intervén: Luz Pérez Pereira, Traballadora Social Participación: 33 persoas (31 mulleres, 2 homes). Concellería de Igualdade.
- Obradoiro *“Pautas para exercitar e mellorar a autoestima”*. Casa das Mulleres. Obxectivo: favorecer distintas pautas e hábitos e desenvolvemento de habilidades que favorezan a mellora da autoestima das mulleres. Do 23 de abril ao 4 de xuño 2014. Concellería de Igualdade.
- *Club da Risa*. Realizado coa finalidade de promover a saúde física, mental, emocional e social a través da risa. O club fomenta o desenvolvemento de fortalezas humanas como a risa, a creatividade, o optimismo, a

empatía, facendo especial fincapé en sentimentos positivos como o autoaprecio, a cooperación e a alegría de vivir. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Anos 2012; 2013 e 2014.

- “*A Risoterapia para mellorar a nosa calidade de vida*”. Actividade organizada co obxectivo de promover a mellora da saúde física, mental, emocional e social das mulleres a través da risa. Casa das Mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2014.

A través do Programa anual de Subvencións que a Concellería de Igualdade dirixe ás asociacións e mediante Convenios de Colaboración realizáronse as seguintes actividades:

- XVII Xornadas das Mulleres Veciñais baixo o título: *Educando desde a perspectiva de xénero*. Federación Veciñal Eduardo Chao. Desenvolvemento da Mesa redonda: “*Os cambios vitais nas mulleres*”. Cómo afrontar os cambios vitais dun xeito natural e sen traumas. Cómo nos vemos, como nos aceptamos. Romper cos estereotipos que hai en torno ao corpo da muller, analizar a educación que recibimos en torno a este tema. Convenio de Colaboración Concellería de Igualdade e Federación Veciñal Eduardo Chao. Ano 2010.
- *Proxecto Vitalia*. Asociación Española contra o Cancro. Residencia de Tempo Libre de Panxón. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Estancias terapéuticas para mulleres que busca recuperar a nivel psicosocial de aquelas mulleres que sofren ou sufriron diagnóstico oncolóxico. Realízanse diversos talleres: A túa saúde; Risoterapia; Nutrición; Prevención e tratamento do linfedema; Relaxación; Sexualidade e cancro. Autoestima. etc. Desen volvese durante os anos 2010; 2011; 2012; 2013 e 2014.
- *Programa de intervención socioeducativa en saúde desde unha perspectiva de xénero con mulleres reclusas do CIS de Vigo*. Asociación de Axuda ao Toxicómano “Erguete”. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivo: mellorar a saúde integral das mulleres privadas de liberdade a través de accións socioeducativas e de xénero que promovan o seu autocoidado. Anos 2010 e 2011
- *Programa de intervención socioeducativa en saúde desde unha perspectiva de xénero con mulleres privadas de liberdade. Mírate*. Asociación de Axuda ao Toxicómano “Erguete”. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivo: mellorar a saúde integral das mulleres privadas de liberdade a través de accións socioeducativas e de xénero que promovan o seu autocoidado. Talleres realizados: Autoestima e autoconecemento desde a perspectiva de xénero; Prevención e detección da Violencia de xénero; Educación afectivo sexual e emocional; Autocontrol emocional; Educación nais-fillas/ps. Anos 2012 e 2013.
- *Atención Sociosanitaria a mulleres en risco de exclusión*. Médicos do Mundo. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivos: Axudar na mellora da saúde das usuarias de drogas e das mulleres que se atopan en situación de prostitución. Dirixido a Mulleres con problemática de consumo de drogas e Mulleres prostituídas. Participantes: 119 mulleres. Ano 2010.


- *Curso de formación de “Axentes de Saúde para persoas prostituídas”;* e *Curso de formación: “Dereito á saúde, recollida de vulneracións e testemuñas.* Médicos do Mundo. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Participan 8 mulleres axentes de saúde. Ano 2012.
- *“Empoderamento das mulleres en contexto de prostitución en Vigo a través do teatro.* Proxecto de formación de axentes de saúde de Medicos do Mundo. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivo: provocar nas mulleres en contextos de prostitución, un proceso de reflexión sobre a súa problemática e empoderamento. Ano 2013.

5.C.2. Realización de actividades de concienciación e formación sobre “Sexualidade e madurez” coa finalidade de potenciar nas mulleres o autoconecemento en relación as súas necesidades sexuais e contribuír á eliminación dos mitos e tabús existentes sobre a sexualidade na madurez.

- *Taller “Sexualidade e madurez:a danza das bolboretas”.*Casa das Mulleres. Data:18outubro de 2012. Intervén: Mónica Couso Fuentes . Participación: 16 mulleres. Concellería de Igualdade. Ano 2012.
- *Taller de educación sexual para poboación inmigrante.* Organizado pola Unión de Asociacións familiares e colabora a Concellería de Igualdade. Obxectivos: Potenciar nas asistentes un concepto de sexualidade saudable, positiva e plural; Facilitar ferramentas, coñecementos e recursos ás persoas participantes que lles permita vivir a súa sexualidade de forma plena e satisfactoria e porporcionar información actualizada e científicamente contrastada que facilite a asunción de condutas responsables e libre de riscos. Participan: 22 mulleres pertencentes ao Plan Comunitario de Teis, Asociación Faraxa e Programa de Emprego Inmigrantes de Radio ECCA. Casa das Mulleres. Data: 12 de maio 2014. Concellería Igualdade.
- *Curso “Drogodependencias e xénero”.*Fundación Erguete.Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Programa de Subvencións da Concellería de Igualdade. Obxectivo: analizar os factores de xénero que afectan e/ou condicionan as toxicomanías e as súas consecuencias nos procesos de recuperación e deshabituaemento. Participan 21 profesionais do ámbito das drogodependencias. Ano 2010.

3.3.6. Resumo Eixe 3

Desenvolvemento Xeral EIXE 3



O Eixe 3 relativo á Saúde Integral tiña establecidas para a súa execución 15 accións a cumprimentar das que 13 foron desenvolvidas e 2 non desenvolvidas. No tocante ás accións desenvolvidas, todas estaban dirixidas a introducir a perspectiva de xénero nos aspectos relacionados coa saúde da poboación.

Analizando por Áreas pódese observar que a que máis accións executou é a de Educación en Igualdade, 5 das 7 deseñadas. En canto ás 2 accións non desenvolvidas ambas pertencen tamén área de Educación en Igualdade e están relacionadas con campañas de concienciación dirixidas ao persoal sanitario. A primeira, a 1.E.3. que consiste na realización dunha campaña de concienciación dirixida ás e aos profesionais da xinecoloxía coa finalidade de que na súa atención se contemple a diversidade de opcións sexuais. A segunda acción, 1.E.5. Realización dunha campaña de concienciación dirixida ao persoal sanitario que dende o modelo bio-psicosocial aborde o xénero como elemento determinante na saúde integral das mulleres e nenas. A área de Conciliación e Correponsabilidade desenvolve as 2 accións establecidas e o mesmo lle ocorre ás Áreas de Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade.

4. RESUMO DO DESENVOLVEMENTO

Neste apartado analízase de forma global o desenvolvemento do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo. Non obstante, antes de comezar a desenvolver esta análise, compre sinalar unha serie de características técnicas do deseño deste IV Plan que agora se avalían.

Respecto do eixes, o 1 de *Concienciación e Formación en Igualdade de Oportunidades* é o de maior peso global, contendo un 60% de todas as medidas do Plan, o eixe 2 de *Empoderamento, Visibilización e Participación Social* contén un 25% das accións e o eixe 3 relativo á *Saúde Integral* o restante 15% .

Do mesmo modo, e dende a perspectiva das áreas, a 1 de *Educación en Igualdade*, contén o 38% das accións, seguida da área 4 de *Violencia de Xénero* cun 19% de accións, e da Área 2: *Conciliación e Corresponsabilidade* cun 17%. Tanto a área 3 (*Participación Económica*), como a área 5 (*Atención á Diversidade*), representan un 12% do total de accións, respectivamente.

CADRO RESUMO DO DESENVOLVEMENTO XERAL DO IV PLAN


EIXES	ÁREAS	Accións Desenvolvidas		Accións Parcialmente Desenvolvidas		Accións Non Desenvolvidas		TOTAL Accións	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Eixe 1 Concienciación e Formación en Igualdade de Oportunidades	ÁREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	16	80%	0	0%	4	20%	20	100%
	ÁREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	8	57%	0	0%	6	43%	14	100%
	AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	4	80%	0	0%	1	20%	5	100%
	AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	15	94%	0	0%	1	6%	16	100%
	AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	4	50%	1	13%	3	37%	8	100%
TOTAL		47	75%	1	1%	15	24%	63	100%
Eixe 2 Empoderamento, Visibilización e Participación Social	AREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	12	92%	1	8%	0	0%	13	100%
	AREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	4	50%	1	25%	1	25%	6	100%
	AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	1	50%	0	0%	1	50%	2	100%
	AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	3	100%	0	0%	0	0%	3	100%
TOTAL		22	85%	2	8%	2	7%	26	100%
Eixe 3 Saúde Integral	AREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	5	71%	0	0%	2	29%	7	100%
	AREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
	AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	2	100%	0	0%	0	0%	2	100%
TOTAL		13	87%	0	0%	2	13%	15	100%
TOTAL EXECUCIÓN IV PLAN		82	79%	3	3%	19	18%	104	100%

O cadro anterior amosa un nivel de execución moi notable, xa que case 8 de cada 10 accións foron desenvolvidas (79% do IV Plan desenvolvido).

Unha visión pormenorizada e apoiada na análise anterior, permite sinalar que tanto o eixe 1 como a área 1 son as de maior peso no deseño do Plan, pois ben, reflicten un nivel de execución do 80%. Do mesmo modo non hai eixe e tampouco área que este desenvolvida en niveis menores ao 50%.

Concentrando a análise nos niveis de desenvolvemento do Plan respecto dos eixes, e amosándoos graficamente, comezamos a analizar o seguinte cadro de barras:

Niveis Desenvolvemento do IV PLAN por EIXES




O Eixe 1 é o que concentra un maior nivel de execución sobre o total, xa que é o que concentra o maior número de accións, do mesmo modo é o que contén o maior número de accións non desenvolvidas –un 24%–

As accións desenvolvidas por eixes distribúense do seguinte modo: no eixe 1 son o 75% (47); no eixe 2 o 85% (22), e; no eixe 3 o 87% (13). As porcentaxes son maiores para o eixe 3 e 2, non obstante, o grande peso do IV Plan concéntrase no eixe 1 de Concienciación e Formación en Igualdade de Oportunidades, executándose 3 de cada 4 accións.

Respecto ás accións non desenvolvidas, amosan o mesmo comportamento que as desenvolvidas, representando un 24% para o eixe 1 (15 accións non desenvolvidas); un 7% no eixe 2 (2 accións non desenvolvidas) e; 13% no eixe 3 (2 accións non desenvolvidas).

Na seguinte gráfica ilústrase os niveis de execución segundo ás áreas do IV Plan.

Desenvolvemento por ÁREAS do IV PLAN




A través desta gráfica, constatamos que a área 1 de *Educación en Igualdade* é a de maior nivel de desenvolvemento, con 33 accións executadas dun total de 40, seguida da área 4 –*Violencia de Xénero*– con 18 accións desenvolvidas de 20 totais. A área 2 de *Conciliación e Corresponsabilidade* é a terceira área por nivel de execución, con 12 accións executadas de 18. Finalmente a área 3 de *Participación Económica* e a área 5 de *Atención á Diversidade* conteñen 13 accións respectivamente, das que na área 3 se desenvolven 10, e na área 5 execútanse 9.

As accións non desenvolvidas representan o 18% de todas accións recollidas no IV Plan, e estas concéntranse fundamentalmente na área 1 e na área 2, xa que en cada unha destas áreas non se desenvolveron 6 accións respectivamente.

Por último, amosamos a seguinte gráfica que de forma porcentual e absoluta, ilustra o desenvolvemento xeral do Plan avaliado.

Desenvolvemento Xeral IV PLAN



Tendo en conta que as accións contidas no IV Plan son 104, que os números que se amosan na gráfica corresponden ao número de accións, e que sobre estas 104 accións totais se establecen as porcentaxes, resolvemos que o 79% do Plan foi desenvolvido, que o 18% non se puido desenvolver por razóns de idoneidade e/ou por priorizar unhas accións sobre outras, e que as accións parcialmente desenvolvidas son residuais representando o 3% do total.

Concluimos valorando que o nivel de desenvolvemento do IV Plan é altamente notable, xa que máis de 8 de cada 10 accións se desenvolveron total ou parcialmente, do mesmo modo os niveis de desenvolvemento gardan relación directa co deseño do Plan de forma que as porcentaxes de execución non son alleas aos eixes e áreas de maior peso na elaboración do documento do IV Plan.

5. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Analizado o nivel de execución do Plan, preséntase, en primeiro lugar, as fortalezas e debilidades identificadas unha vez concluída. A continuación, amósanse as conclusións e reflexións resultantes do proceso de análise e avaliación coa finalidade de que poidan servir de base para futuras actuacións a realizar en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes na cidade de Vigo.

5.1 Fortalezas e Debilidades

En primeiro lugar destacanse as fortaleza atopadas como resultado da avaliación do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo 2009-2014.

- A implicación e motivación das persoas que compoñen o Equipo de traballo do Departamento de Igualdade.
- O fortalecemento do equipo de traballo do Departamento de Igualdade coa creación dunha praza de Axente de Igualdade.
- A implicación coa igualdade de xénero das Concelleiras de Igualdade responsables durante o período de vixencia do IV Plan.
- A ampla traxectoria e compromiso do Concello de Vigo coa promoción das políticas de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes.
- A colaboración do Consello Municipal da Muller coa Concellería de Igualdade na organización e desenvolvemento de Campañas (8 de Marzo, 25 novembro, Romaría Lilá...) e actividades de concienciación sobre a igualdade e a violencia de xénero.
- A colaboración das Asociacións de Mulleres e Vogalías da Muller coas actividades programadas.
- O alto nivel de colaboración e participación dos Centros de ensino cos Programas e Campañas desenvolvidas periódicamente pola Concellería de Igualdade a prol da consecución da igualdade e prevención da violencia de xénero (Camiña con Nós, EnlazaVigo; Enredamonos nas redes...).
- A existencia dunha Rede Municipal de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero continuamente reforzada e moi consolidada.
- O afianzamento de programas, fundamentalmente de concienciación cara a igualdade de xénero e de prevención da violencia de xénero de gran continuidade e estabilidade no tempo.
- A ampla resposta da cidadanía ante as accións da Campaña do 25 novembro de concienciación contra a violencia de xénero.
- Unha partida orzamentaria asignada para o desenvolvemento do IV Plan.
- A recollida periódica de información sobre as accións desenvolvidas en fichas "ad hoc" para realizar o seguemento do Plan.

En canto ás debilidades detectadas:

- A escasa coordinación entre os Departamentos Municipais coa finalidade de poder cumprir co obxectivo de igualdade deseñado.
- A igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes, en áreas distintas á de Igualdade, séguese percibindo como un tema secundario, o que dificulta o fomento destes principios de forma transversal.
- A escasa visibilización nos medios de comunicación social das actividades e programas desenvolvidos pola Concellería de Igualdade
- Os limitados proxectos e/ou programas de emprego con perspectiva de xénero desenvolvidos polo Concello de Vigo.
- A complexidade do Plan ao estruturarse en eixes e áreas

5.2 Conclusións e Recomendacións

O IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo 2009-2014 presenta un alto nivel de desenvolvemento, xa que máis de 8 de cada 10 accións desenvóléronse total ou parcialmente, do mesmo modo os niveis de desenvolvemento gardan relación directa co deseño do Plan de forma que as porcentaxes de execución non son alleas aos eixes e áreas de maior peso na elaboración do documento do IV Plan.

Non obstante, a relación varía en función das áreas de intervención, sendo a área 1 de *Educación en Igualdade* a de maior nivel de desenvolvemento, con 33 accións executadas dun total de 40, seguida da área 4 –*Violencia de Xénero*- con 18 accións desenvolvidas de 20 totais. A área 2 de *Conciliación e Corresponsabilidade* é a terceira área por nivel de execución, con 12 accións executadas de 18. Finalmente, a área 3 de *Participación Económica* e a área 5 de *Atención á Diversidade* conteñen 13 accións respectivamente, das que na área 3 se desenvolven 10, e na área 5 execútanse 9.

As accións non desenvolvidas representan o 18% de todas accións recollidas no Plan, e estas concéntranse fundamentalmente na área 1 e na área 2, xa que en cada unha destas áreas non se desenvolveron 6 accións respectivamente.

Posiblemente o alto nivel de execución das dúas primeiras áreas –*Educación en Igualdade e Violencia de Xénero*- ven dado por ser o pilar fundamental sobre os que se asentan as políticas de xénero do Departamento de Igualdade, cun longo percorrido de concienciación cara a igualdade de oportunidades, implicando a diversos axentes sociais: alumnado, profesorado, nais e pais, movemento asociativo da cidade...etc. E na loita contra a violencia de xénero a través das campañas municipais de concienciación contra a violencia de xénero e da posta en marcha e incremento dos dispositivos municipais de información, asesoramento e atencións ás mulleres vítimas de violencia e as súas fillas e fillos.

O IV Plan establecía dúas estruturas estratéxicas básicas destinadas a posibilitar o impulso, seguimento e avaliación das políticas municipais: *“Reforzar o equipo técnico especializado en igualdade de oportunidades no Departamento de Igualdade, que sería o encargado da orientación das políticas municipais, que velará por eliminar a discriminación, así como por fomentar a igualdade entre os diferentes Departamentos municipais”*. Dito equipo íntegramente coa oferta de emprego dunha praza interina de Técnica de Igualdade que se incorpora o día 1 de febreiro de 2011.

A segunda estrutura é a *“creación dunha Comisión de Seguimento do Plan composta por representantes do Consello Municipal da Muller que terá como misión velar pola súa execución e cumprimento, contribuír á difusión do Plan, solicitar información para o seguimento e avaliación do Plan, elaborar propostas segundo as necesidades detectadas, así como contribuír a difundir o traballo realizado no marco do Plan entre as entidades cidadás”*. Respecto desta estrutura, non se constituíu unha Comisión, non obstante, nas sesións trimestrais que a Concelleira de Igualdade preside co Consello Municipal da Muller dábanse a coñecer as accións desenvolvidas pola Concellería de Igualdade e as integrantes do Consello expoñen as súas suxestións e/ou propostas de mellora de medidas, feito que permitiu contar en todo momento coa opinión e criterio das asociacións que compoñen o Consello Municipal de Muller. Detéctase un incremento da toma de decisión do Consello Municipal da Muller colaborando conxuntamente coa Concellería de Igualdade na organización de Campañas como o 8 de Marzo ou 25 de Novembro, Plataforma Lilá polos dereitos sexuais e reproductivos, Premio Ernestina Otero...etc, organizándose en Comisións de traballo.

A pesar da motivación e implicación das persoas que conforman o Departamento de Igualdade, a carga de traballo no día a día do equipo, en ocasións mina as posibilidades de dedicación en exclusiva ao desenvolvemento do Plan de Igualdade.

Destacar que durante o período de vixencia do Plan, desenvóléronse un número importante de actividades que non estaban contempladas, pero que xurdiron como efecto do mesmo.

En canto aos organismos municipais responsables da execución do Plan, a excepción da Concellería de Igualdade, presentan un nivel de execución baixo, agás a Concellería de Xuventude que executou todas as accións deseñadas. Continúase a considerar as políticas de igualdade como unha competencia exclusiva da Área de Igualdade. Non se asume a transversalidade das políticas públicas. A pesar da existencia dunha lexislación nesta materia, o desenvolvemento destas políticas segue sendo unha cuestión de vontade individual.

En canto á xestión do Plan detectouse a imposibilidade de executar algunhas accións establecidas, ben pola carga de traballo do persoal do Departamento de Igualdade, ou porque a falla de coordinación interdepartamental impediu implementar as medidas deseñadas en colaboración con outros departamentos municipais. Feito que derivou na priorización doutras accións que resultaban máis factible desenvolver.

As competencias outorgadas aos Concellos teñen un ámbito inferior ao necesario para poder abordar en toda a súa amplitude as causas e manifestacións da desigualdade. Isto implica que o alcance de determinadas estratexias que se formulan se atopen limitadas ao ámbito competencial legal, e unicamente poidan limitarse a realizar trámites de derivación aos organismos competentes

Co obxectivo de facilitar e mellorar a avaliación das futuras políticas de igualdade, a continuación establécense unha serie de recomendacións a ter en conta:

- Continuar coa concienciación e formación en Xénero e Igualdade realizada durante a vixencia do Plan a diversos colectivos e profesionais (ocio e tempo libre, animación sociocultural, alumnado, profesorado, nais e pais, educación persoas adultas, movemento asociativo...) xa que esta liña de continuidade ten un gran efecto multiplicador.
- Seguir incidindo na realización de actuacións dirixidas á cidadanía que se foron consolidaron durante estes anos: Campaña de conmemoración do 8 de marzo “Día Internacional da Muller”; Campaña do 25 de novembro “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”..., implicando a un amplo sector da sociedade na participación das actividades.
- Proseguir co mantemento e mellora dos servizos e recursos de información, asesoramento e atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Establecer nas memorias xustificativas dos Programas realizados a desagregación por sexo, aplicando o mesmo criterio ás enquisas de satisfacción administradas.
- Recoméndase que para a xustificación das actividades subvencionadas se empregue o modelo de memoria que se establece nas bases reguladoras e convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade. Esta recomendación ven determinada pola dificultade de obter, en ocasións, información relativa ás actividades subvencionadas, que non permite discernir cales son as actividades obxecto de subvención da Concellería de Igualdade, feito que dificulta a avaliación.
- Incrementar a difusión, fundamentalmente nos medios de comunicación social, das actividades realizadas pola Concellería de Igualdade co obxectivo de visibilizar e dar maior difusión ao traballo realizado en materia de promoción da igualdade de oportunidades de mulleres e homes.
- Respecto do nivel de coordinación e colaboración doutros Departamentos no desenvolvemento do Plan, a Concellería de Igualdade continúa a ser a encargada da elaboración, promoción e desenvolvemento do Plan. Resulta imprescindible o compromiso de colaboración dos distintos Departamentos para mellorar esta situación.
- Incidir na necesidade de establecer un compromiso político para a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Compromiso que debe ser manifestado e explicitado polo órgano superior da toma de decisións da Administración Local e por cada Departamento municipal como xeito de garantir a aplicación da transversalidade de xénero.